



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VERÍN

DOCUMENTO PARA
APROBACIÓN DEFINITIVA

TOMO VI

AVALIACIÓN AMBIENTAL

ESTRATÉXICA

VOL. - 2

INFORME DE SUSTENTABILIDADE
AMBIENTAL

OUTUBRO 2012

CONSULTORA GALEGA S.L

ÍNDICE	Pax
1. INTRODUCCIÓN	3
1.1. Presentación	3
1.2. Procedemento para a tramitación	3
1.3. O Informe de Sustentabilidade Ambiental	4
1.4. Equipo redactor dos traballos	5
2. LOCALIZACIÓN	6
2.1. Ámbitos territoriais de referencia	6
2.2. Superficie e Poboación	7
2.3. Comunicaciós	7
3. ANÁLISE OBXECTIVA DO CONTORNO.	9
3.1. Análise do Sistema Físico-Ambiental	10
3.1.1. Clima	10
3.1.2. Características xeolóxicas	11
3.1.3. Xeomorfoloxía	12
3.1.4. Edafoloxía	13
3.1.5. Características hidrolóxicas	14
3.1.6. Características da vexetación	15
3.1.7. Características da fauna	16
3.1.8. Usos do solo	17
3.1.9. Espazos protexidos	18
3.1.10. A paisaxe	19
3.1.11. Riscos	20
3.2. Análise do Sistema Urbano-Relacional	21
3.2.1. Sistema de infraestruturas de comunicaciós, accesibilidade	21
3.2.2. Sistema de infraestruturas de comunicaciós, mobilidade	22
3.2.3. Sistema de infraestruturas de servizo, rede de abastecemento de auga	23
3.2.4. Sistema de infraestruturas de servizo, redes de saneamento de augas residuais e pluviais	24
3.2.5. Sistema de infraestruturas de servizo, sistema de xestión de residuos sólidos	25
3.2.6. Sistema de infraestruturas de servizo, rede de subministración de enerxía eléctrica	26
3.2.7. O sistema de espazos libres e zonas verdes	27
3.2.8. O Sistema de Equipamentos Comunitarios	28
3.2.9. O Sistema de asentamento: o medio urbano	29
3.2.10. O sistema de asentamento: o medio rural	30
3.2.11. O sistema de asentamento: o medio industrial	31
3.2.12. Patrimonio cultural. Elementos protexidos	32
3.3. Análise do Sistema Socioproductivo	33
3.3.1. A poboación	33
3.3.2. Parque sociorresidencial	34
3.3.3. Sistema productivo	35

3.4. Diagnose FAFO 36

3.5. Condicionantes xerais e ambientais resultantes da análise realizada. 37

4. DEFINICIÓN DOS OBXECTIVOS 38

4.1. Natureza técnica e xurídica do Plan Xeral 38

4.2. Os Obxectivos Xerais da Ordenación Urbanística 38

4.3. Os Obxectivos XERAIS DO PXOM 38

4.4. Os principais obxectivos ambientais 39

4.5. Condicionantes lexislativos ambientais 40

4.5.1. O marco de referencia internacional40

4.5.2. O marco de referencia europeo.....40

4.5.3. O marco de referencia estatal41

4.5.4. O marco de referencia galego41

4.6. Táboa dos obxectivos ambientais establecidos no Documento de Referencia 42

5. ANÁLISE DAS ALTERNATIVAS 43

5.1. Introducción 43

5.2. Análise da alternativa cero ou de non intervención 43

5.3. Análise das alternativas A e B. 44

6. IDENTIFICACIÓN E CARACTERIZACIÓN DOS EFECTOS SOBRE O MEDIO 46

6.1. Introducción 46

6.2. ATMOSFERA/CLIMA 46

6.3. O SOLO 46

6.4. O CICLO HÍDRICO 47

6.5. A CONSERVACIÓN DA NATUREZA 48

6.6. A paisaxe 48

6.7. Mobilidade 48

6.8. O Patrimonio 49

6.9. Medio urbano 49

6.10. Medio rural 49

6.11. Medio industrial 49

6.12. Enerxía 49

6.13. Residuos 49

6.14. SOCIEDADE E ECONOMÍA 50

6.15. Avaliación de efectos e medidas nos solos urbanos non consolidados e urbanizables. 50

6.15.1. Consecuencias da valoración de afeccións. MEDIDAS particulares nos ámbitos.....52

6.16. Medidas particulares de aplicación nas actuacións con ordenación detallada . 54

7. MEDIDAS PREVENTIVAS E CORRECTORAS 60

7.1. Estratexia de minimización dos efectos ambientais negativos 60

8. PROPOSTA PLAN DE SEGUIMENTO 62

8.1. Proposta 62

8.2. Medios materiais 62

8.3. Periodicidade 62

8.4. Parámetros a controlar 62

9. INFORME SOBRE A VIABILIDADE ECONÓMICA DA ALTERNATIVA SELECCIONADA 63

9.1. A Estratexia de Actuación e Estudo Económico Financeiro do Plan Xeral 63

9.1.1. VIABILIDADE DE ASIGNACIÓNS ÁS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS.64

9.1.2. VIABILIDADE DE ASIGNACIÓNS DO INVESTIMENTO PRIVADO.64

9.2. Valoración económica do Plan de Seguemento, as medidas correctoras e os plans e estudos complementarios. 64

10. ANÁLISE DE COHERENCIA DOS OBXECTIVOS ESTABLECIDOS E A IDONEIDADE DA ALTERNATIVA SELECCIONADA NO SEU CUMPRIMENTO. 66

11. INDICADORES DE SEGUIMENTO E CONTROL 71

12. RESUMO NON TÉCNICO 75

12.1. Introducción. 75

12.2. O aspecto informativo e analítico. 75

A paisaxe e as medidas establecidas para a súa protección.....75

12.3. As alternativas de ordenación. 79

12.4. Avaliación da alternativa seleccionada. 80

12.5. Plan de seguimento. 80

ANEXO DE PLANOS 81

1. INTRODUCCIÓN

1.1. PRESENTACIÓN

O presente documento, denominado Informe de Sustentabilidade Ambiental (ISA) do “P.X.O.M. do concello de Verín” redáctase a petición e por encargo de dito Concello, coa finalidade principal de dar resposta á solicitude da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para tramitar o citado documento urbanístico, a respecto das esixencias da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas sobre o medio ambiente.

1.2. PROCEDEMENTO PARA A TRAMITACIÓN

A definición de obxectivos do procedemento de avaliación ambiental, segundo a notificación recibida da Consellería de Medio Ambiente é a seguinte:

O obxectivo é establecer un procedemento que garanta a sustentabilidade ambiental do planeamento. Para isto, determinaranse as variables e criterios de sustentabilidade que serán a base para avaliar os efectos ambientais das alternativas propostas.

Estas variables e criterios serán obxectivados nunha serie de indicadores que facilitarán a análise da sustentabilidade das propostas ata chegar á alternativa seleccionada.

O estudo das posibles alternativas mediante a súa confrontación cos criterios establecidos para as variables ambientais, así como a selección da alternativa que finalmente se consolide como proposta definitiva de PXOM, plasmarase nun Informe de Sustentabilidade Ambiental (ISA) cuxa amplitude e nivel de detalle se determina no documento de referencia.

A proposta de PXOM, as alternativas refugadas e as súas avaliacións (PXOM e ISA) serán sometidas ao proceso de participación e consultas, establecido no documento de referencia.

O resultado deste proceso recollerase nun informe sobre a participación e as consultas no que se describa o procedemento seguido e se xustifique como se toman en consideración as observacións e alegacións realizadas.

Feitas as consultas, remitirase ao órgano ambiental a proposta de planeamento que inclúa o informe sustentabilidade ambiental, o informe sobre a participación e as consultas e un informe final.

Este informe final deberá explicar como se integraron os criterios de sustentabilidade das diferentes variables ambientais na elaboración do Plan, un resumo do proceso de participación e consultas, a enumeración e relación das medidas adoptadas para o seguimento dos efectos do planeamento sobre o medio e un resumo non técnico de toda esta información.

Con esta información, o órgano ambiental redactará unha memoria a través da cal validará o procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica, podendo establecer condicionantes que deban ser considerados na redacción do documento que se aprobe definitivamente.

En resumo, o concello, como promotor realizará as seguintes funcións ou actuacións:

- Redactará a súa proposta do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Verín (en diante, “PXOM”) xunto cun informe de sustentabilidade ambiental.
- Someterá estes dous documentos a un proceso de participación e consultas non inferior a 45 días.
- Unha vez finalizado o período de consultas e participación pública, redactará un informe sobre a participación e as consultas e un informe final.
- Remitirá ao órgano ambiental os seguintes documentos:

- A proposta de PXOM.
- O Informe de Sustentabilidade Ambiental.
- O informe sobre a participación e as consultas.
- Un informe final.

O órgano ambiental, pola súa banda, redactará unha memoria a través da cal validará o procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica, podendo establecer condicionantes que deban ser considerados na redacción do documento do PXOM que se aprobe definitivamente.

A descrición do procedemento concreto de avaliación ambiental deberá integrarse conxuntamente co PXOM, segundo a “*Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia*” é o seguinte:

Artigo 7.-Integración de procedementos.

1. O proceso de avaliación ambiental estratéxica dos instrumentos de ordenación do territorio ou de planeamento urbanístico tramitarase simultaneamente co procedemento legalmente establecido para a súa aprobación.
2. O promotor comunicarlle ao órgano ambiental a iniciación da tramitación do instrumento de ordenación do territorio ou do planeamento urbanístico, e acompañará un documento de inicio que incluíra os aspectos recollidos no artigo 18 da Lei 9/2006, do 28 de abril.
3. O órgano ambiental, no prazo de tres meses, dende a recepción da documentación necesaria, trasladarlle ao órgano promotor o documento de referencia, de conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 9/2006, do 28 de abril.
4. O órgano promotor elaborará o informe de sustentabilidade ambiental, de acordo co disposto no artigo 8 da Lei 9/2006, do 28 de abril, e segundo os criterios contidos no documento de referencia redactado polo órgano ambiental.
5. O Plan aprobado inicialmente con todos os documentos que o integran, incluído o informe de sustentabilidade ambiental, someterase simultaneamente ás consultas previstas no documento de referencia e á información pública durante o prazo mínimo de dous meses, mediante anuncios que se publicarán na forma que determine a lexislación reguladora do procedemento de aprobación do Plan.
6. Finalizado o período de consultas e información pública, e con carácter previo á aprobación provisional ou á definitiva cando aquela non sexa preceptiva, o órgano promotor enviaralle ao órgano ambiental a documentación completa do Plan que tome en consideración o informe de sustentabilidade, as alegacións e os informes presentados no período de consultas, así como unha proposta de memoria ambiental de conformidade co disposto no artigo 12 da Lei 9/2006, do 28 de abril. Deberá tamén enviar os informes sectoriais e un informe sobre o proceso de participación pública.
7. O órgano ambiental, no prazo de tres meses dende a recepción da documentación, elaborará a memoria ambiental cuxas determinacións terán carácter vinculante e deberán quedar reflectidas no documento do Plan que se aprobe provisional e definitivamente. Se transcorre o prazo para elaborar a memoria ambiental sen que lle fose comunicado ao órgano promotor, entenderase aceptada a proposta de memoria ambiental enviada ao órgano ambiental e poderase continuar a tramitación do Plan.
8. O cumprimento dos trámites aos que se refiren os anteriores números 6 e 7 interromperá o cómputo dos prazos que para a aprobación dos plans se establece na lexislación urbanística ou de ordenación do territorio.

Artigo 8.-Seguimento.

O órgano promotor deberá realizar o seguimento dos efectos no medio ambiente da aplicación ou execución do Plan, para identificar con prontitude os efectos adversos non previstos e permitir levar a cabo as medidas adecuadas para evitalos, conforme o disposto no artigo 15 da Lei 9/2006, do 28 de abril.

O órgano ambiental poderá participar no seguimento dos ditos plans e poderá solicitar a información e realizar as comprobacións que considere necesarias para verificar a información que figure no informe de sustentabilidade ambiental.

1.3. O INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL

O ISA é un documento que será “parte integrante da documentación do plan ou programa” (artigo 8.4 da Lei 9/2006). Este documento deberá valorar a coherencia da proposta de PXOM cos obxectivos pretendidos, así como, o respecto e contribución cara aos criterios e variables de sustentabilidade, relacionadas no apartado anterior.

O ISA deberá cumprir a condición de ser “accesible e intelixible para o público e as administracións públicas” ao permitir, para evitar a repetición de contidos con outros documentos do PXOM, un contido máis sucinto, razoado e expresivo, sustentado en referencias sintéticas e claras as partes concretas do PXOM, nas que pode atoparse a información e a análise máis detallada e complexa, que sustentan os datos e conclusións sintetizados no ISA.

O ISA será o documento que recollerá a xustificación da alternativa que se consolide como proposta definitiva de PXOM, xa que logo, farase unha análise previa dos condicionantes, obxectivos e alternativas para o futuro desenvolvemento do concello, identificando e caracterizando os efectos sobre o medio, da alternativa escollida e establecendo as medidas preventivas, correctoras e de seguimento destes efectos.

A estrutura e os aspectos que deberán integrar este documento, segundo o documento de referencia emitido pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, serán os seguintes:

- 1. Análise obxectiva do contorno.** Realizarase unha descrición dos problemas e condicionantes ambientais, económicos e sociais que inflúen na intención de planeamento do concello de Verín.
- 2. Definición de obxectivos.** Presentaranse os obxectivos propostos para o futuro desenvolvemento do concello de Verín e os específicos para cada unha das variables enumeradas no apartado 4 do DR, considerando, en todo caso, os obxectivos de protección ambiental fixados nos ámbitos internacional, comunitario, nacional e autonómico.
- 3. Análise das alternativas.** Xustificarase, para cada unha das alternativas propostas para o planeamento do concello, como se tiveron en conta as variables de sustentabilidade establecidas para o concello de Verín, facendo referencia ás posibles dificultades (deficiencias técnicas ou falta de coñecementos e experiencia) á hora de recompilar a información requirida. Finalmente, explicarase razoadamente a elección da alternativa seleccionada.
- 4. Identificación e caracterización dos efectos sobre o medio.** Identificaranse e caracterizaranse os efectos da alternativa finalmente seleccionada para cada unha das variables de sustentabilidade establecidas neste documento, facendo unha comparación cos efectos que se derivarían da alternativa 0, entendida como a evolución do concello en ausencia do novo planeamento.
- 5. Medidas preventivas.** Tendo en consideración os efectos negativos identificados e caracterizados, deseñaranse medidas preventivas e correctoras para minimizar ou reducir estes efectos.
- 6. Proposta de plan de seguimento.** Describirase a programación temporal das medidas propostas para o control e seguimento dos efectos sobre o medio, así como as medidas ou mecanismos previstos para a redución ou eliminación de novas afeccións non previstas que poidan xurdir.

O plan de seguimento da sustentabilidade contará cun sistema de indicadores da evolución das variables enumeradas no DR.
- 7. Informe sobre a viabilidade económica da alternativa seleccionada** e das medidas dirixidas a prever, minimizar ou paliar os efectos negativos e o establecemento do sistema de seguimento.
- 8. Análise da coherencia dos obxectivos establecidos** para o concello de Verín e a idoneidade da alternativa seleccionada no cumprimento destes obxectivos.
- 9. Resumo non técnico** da información solicitada nos apartados anteriores.

1.4. EQUIPO REDACTOR DOS TRABALLOS

Dirección e Coordinación:

Xoán C. Portela Regodeseves, Arquitecto-Urbanista, Director Técnico de Consultora Galega S.L.

Andrés Pino Moreno, Arquitecto-Urbanista, Director Xeral de Consultora Galega S.L.

Maribel, González Lojo, licenciada en Socioloxía, Administradora Única de Consultora Galega S.L.

Ánálise xeo-espacial, montaxe e edición:

Miguel A Barreiro García, licenciado en Xeografía.

Equipo técnico:

Diego Rodríguez Enriquez. Arquitecto.

Patricia Villot, licenciada en Bioloxía

Alfonso Bar Blanco, licenciado en Bioloxía

Santiago N. López Fontán, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos

Brais Penela San Luis, Técnico de Cálculo.

Área económica:

Carlos García Vidal, Arquitecto-Urbanista

Xavier Vence Deza, Catedrático de Economía Aplicada da USC

Aleixo Vilas Castro, Investigador do Departamento de Economía Aplicada da USC

Área patrimonial:

Alberte Reboreda, Licenciado en Historia.

Edición:

Rosa María Castro Vázquez, Administrativa

2. LOCALIZACIÓN

O concello de Verín sitúase no sur da provincia de Ourense, na comarca de Verín, tamén chamada de Monterrei. Esta comarca limita con Portugal pola súa parte sur, coa comarca de Viana polo leste, polo norte coas comarcas de Terra de Trives e Terra de Caldelas, e polo oeste limita coa comarca da Limia.




Ilustración 1: Verín no seu encadre comarcal, provincial e galego

Esta comarca de Monterrei ou Verín está formada por oito municipios: Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín e Vilardevós.




Ilustración 2: Fotografía satélite da comarca

2.1. ÁMBITOS TERRITORIAIS DE REFERENCIA

Neste apartado procedeuse á localización do termo municipal nos ámbitos territoriais referencia aos que constantemente se referirá ao longo do presente documento. O concepto de ámbitos territoriais de referencia esténdese ás delimitacións efectuadas pola administración autonómica para a implementación de políticas sectoriais de incidencia territorial e a súa coordinación, así como na elaboración dos instrumentos de planificación física contidos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia (en diante LOT).

O Plano de Desenvolvemento Comarcal e o Mapa comarcal de Galicia

Ata o momento presente, a estratexia de desenvolvemento comarcal iniciada na derradeira década do século pasado, supón a única experiencia vixente na procura do desenvolvemento endóxico de ámbitos subrexionais supramunicipais delimitados en base a estudos das características territoriais e ás relacións funcionais de cada un dos concellos que as integran. Estes ámbitos territoriais recibiron o nome de *comarcas*, e a súa oficialización efectuouse pola vía lexislativa, logo da aprobación do *Decreto 65/1997 de febreiro, polo que se aproba o Mapa Comarcal de Galicia*, cuxa elaboración xa estaba prevista na *Lei 7/1196, do 10 de xullo, promulgada co obxecto de promover o desenvolvemento comarcal de Galicia*.

Aos efectos prácticos, -no presente documento-, a delimitación comarcal servirá para agrupación de datos municipais, facilitando a comparanza de series estatísticas do conxunto provincial ou autonómico¹. A comarca na que se insire Verín é a comarca do mesmo nome, a comarca de Verín, e que vén de integrar aos concellos de Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín e Vilardevós.


As áreas homoxéneas e funcionais das Directrices de Ordenación do Territorio

O documento de *Directrices de Ordenación do Territorio*, aprobado inicialmente no 2008, elaborado pola Dirección Xeral de Urbanismo, resolve a articulación territorial da ordenación a través de delimitación de áreas homoxéneas e funcionais. Estas **áreas homoxéneas e funcionais**, subdividíronse en tres niveis, atendendo á súa funcionalidade interna e externa, esta última referida á relación entre elas. Os niveis establecidos foron os seguintes:

- *Sistema de Cidades Capitais (SCC)*.- que engloba as Áreas Urbanas de Santiago, Lugo e Ourense, e as Áreas Metropolitanas de Vigo-Pontevedra e Coruña-Ferrol.
- Os *Sistemas Urbanos Intermedios (SUI)*.- constituído polas entidades inferiores ás do Sistema de Cidades Capitais, participes de graos de aglomeración importante na confluencia de municipios de tamaño relevante.
- Ás Áreas de Enlace Territorial (AET).- as delimitadas no territorio restante.

O concello de Verín será considerado como Sistema Urbano Intermedio.

¹ A pesares da inoperatividade do modelo de desenvolvemento comarcal nas áreas subrexionais urbanas ou metropolitanas, a delimitación efectuada no Mapa Comarcal de Galicia, serve de calco ou base para o establecemento de áreas territoriais de referencia de meirande extensión (áreas relación reais).



2.2. SUPERFICIE E POBOACIÓN

Verín ten 94.15 km2 de extensión (dato do IGE) e unha poboación no Padrón do 2004 de 13.585 habitantes. A comarca ten unha superficie de 1007.1 km2 e unha poboación de 28.811 habitantes; polo tanto, Verín aglutina o 47% de toda a poboación comarcal no 9,34% do devandito territorio; así temos que a densidade media en Verín é de 144.3 habitantes /Km2 e a media comarcal é de 28.6 habitantes/km2.

Verín está constituído por 18 núcleos de poboación distribuídos en 15 parroquias.


TÁBOA: Parroquias e lugares de Verín

PARROQUIA	LUGAR
Ábedes (Santa María)	Ábedes
Cabreiroá (San Salvador)	Cabreiroá
Feces de Abaixo (Santa María)	Feces de Abaixo
Feces de Cima (Santa María)	Feces de Cima
Mandín (Santa María)	Mandín
Mourazos (San Martiño)	Mourazos
Pazos (San Fiz)	Pazos
Queirugás (San Bartolomeu)	Queirugás
Queizás (San Pedro)	Queizás
Rasela, A (Santa María)	Rasela, A
Tamagos (Santa María)	Tamagos
Tamaguelos (Santa María)	Tamaguelos
Tintores (Santa Cristina)	Tintores
	Vilela
Verín (Santa María a Maior)	Verín
Vilamaior do Val (Santiago)	Caldeliñas
	Salgueiro, O
	Vilamaior do Val

2.3. COMUNICACIÓNS

A autovía das Rías Baixas A-6, cruza todo o val; xunto a esta atopamos a estrada nacional 525 (Zamora Santiago) e a estrada N-532 que comunica con Portugal, xunto coas estradas OU 113 e Ou 114 que comunican Verín con Nocado do Val e Laza, respectivamente. O resto son estradas locais que comunican todos os núcleos de poboación, así como unha rede de camiños e pistas que completan a rede viaria.

PARROQUIAS, NÚCLEOS E COMUNICACIÓNS



PARROQUIAS E NÚCLEOS

- | | | | | |
|-----------|-----------------|-----------|------------|----------|
| VILAMAIOR | FECES DE ABAIXO | MOURAZOS | QUEIZAS | TINTORES |
| ARASELA | FECES DE CIMA | PAZOS | TAMAGOS | VERÍN |
| CABREIROA | MANDÍN | QUEIRUGÁS | TAMAGUELOS | ÁBEDES |

3. ANÁLISE OBXECTIVA DO CONTORNO.

A análise do contorno fíxose en relación ao estudo das diversas variables nos que o planeamento urbanístico produce afeccións ou polas que se ve afectado. O método de traballo levado a cabo foi a agrupación en tres bloques das variables consideradas como determinantes para entender os condicionantes ambientais, económicos e poboacionais do concello de Verín, en definitiva, a realidade obxectiva de Verín.

A continuación amósase o cadro-resumo da agrupación das variables:

1. ANÁLISE DO MEDIO NATURAL	
CLIMA	
CARACTERÍSTICAS XEOLÓXICAS	
XEOMORFOLOXÍA	
EDAFOLOXÍA	
CARACTERÍSTICAS HIDROLÓXICAS	
CARACTERÍSTICAS DA VEXETACIÓN	
CARACTERÍSTICAS DA FAUNA	
USOS	
ESPAZOS PROTEXIDOS	
A PAISAXE	
RISCOS	
2. SISTEMA URBANO – RELACIONAL	
SISTEMA DE INFRAESTRUTURAS DE COMUNICACIÓNS	ACCESIBILIDADE
	MOBILIDADE
SISTEMA DE INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS	ABASTECIMENTO
	SANEAMENTO
	XESTIÓN DE RESIDUOS
	ENERXIA ELÉCTRICA
SISTEMA DE DOTACIÓNS URBANÍSTICAS	SISTEMA DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES
	SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS COMUNITARIOS
SISTEMA DE ASENTAMENTO	MEDIO URBANO
	MEDIO RURAL
	MEDIO INDUSTRIAL
PATRIMONIO CULTURAL	
3. SISTEMA SOCIOPRODUTIVO	
POBOACIÓN	
PARQUE SOCIORRESIDENCIAL	
SISTEMA PRODUTIVO	

3.1.1. Clima

Elementos analizados	Información gráfica
----------------------	---------------------

- A. Características climáticas
- B. Réxime termométrico
- C. Precipitación
- D. Conclusión

Características globais

Para o estudo da climatoloxía do territorio de Verín utilizáronse os datos da estación termopluviométrica de Castelo da Pena, a 740 m de altitude, no bordo oriental do relevo da comarca, xunto cos datos da estación meteorolóxica de Verín e os datos do Atlas Bioclimático de Galicia e dos anuarios climáticos publicados pola Xunta de Galicia.

A. Características climáticas:

A comarca de Verín, cunha orografía tan contrastada, provoca que tamén o seu clima teña unha ampla variedade e vai de moi seco e cálido na fosa de Verín, ata húmido fresco nas estribacións das serras de San Mamede. O amplo rango de altitudes que aparece na comarca, variando dende os 1.500 m a menos de 400 m de altitude sobre o nivel do mar aproximadamente, orixinan diferentes situacións climáticas, como se comproba nos seguintes mapas comarcais de temperatura e precipitacións medias anuais; sendo no fondo do val onde se producen as menores precipitacións e as maiores temperaturas.

B. Réxime termométrico:

A climatoloxía de Verín está condicionada pola configuración do relevo, que ten unha importancia notable no gradiente térmico (o gradiente térmico para esta zona é de -0.53°C cada 100 metros que ascendemos en altitude). A temperatura media anual ponderada está no rango de 14 -15°C e a temperatura media dos meses de verán ascende aos 19°C

C. Precipitación:

Verín está nunha zona cun clima máis seco que no resto de Galicia. A configuración do relevo ten tamén unha grande importancia no factor pluviométrico (estamos na zona VI cun aumento medio de 78 mm de precipitado cada 100 metros que ascendemos en altitude). A precipitación é escasa, precipitando entre 600-800 mm de auga ao ano. O precipitado ten unha estacionalidade pluviométrica moi forte, soamente o 9% (menos de 100 mm) cae no verán como se observa no gráfico seguinte, o cal provoca unha importante seca estival.


F. Conclusións

En resumo, o relevo, co enfaixamento do val en forma de U, establece unhas condicións climáticas moi marcadas, cunha maior continentalización que as comarcas limítrofes, plasmada nunha ampla amplitude térmica, frecuentes fenómenos de néboas, derivadas das perdas por irradiación nocturna e volumes de precipitación inferiores aos do seu contorno. Así pois, en Verín preséntanse temperaturas máximas no verán de 35°C e mínimas no inverno de -5°C. O ambiente ombrotérmico por tanto é extremo: moi seco e cálido no verán cunha seca pronunciada en toda a estación, sendo da estacionalidade pluviométrica moi forte, cun risco de xeadas entre 3 e 6 meses, como se pode comprobar na seguinte táboa de datos climáticos. A considerable altitude desta orla montañosa confire ás terras altas un clima frío, con precipitacións en forma de neve nalgúns casos, mentres que no fondo do val aparecen trazos totalmente mediterráneos, con veráns cálidos e menor volume de precipitacións.


Elementos condicionantes

A forte estacionalidade de chuvias provoca unha forte seca estival.

Dificultades ou carencia de información



Precipitación anual ponderada (mm)



Temperatura anual ponderada (°C)

Análise do sistema físico-ambiental	Variable: CARACTERÍSTICAS XEOLÓXICAS
3.1.2. Características xeolóxicas	
Elementos analizados	Información gráfica
A. Características. B. Litoloxía. C. Permeabilidade	
Características globais	

A. Características:

Xeoloxicamente a zona corresponde ao macizo Hespérico, situado dentro da zona de Galicia Media Tras os Montes. As formas do relevo pasan de abruptas a suaves, segundo se avanza de norte a sur e están representadas por materiais que van dende o Ordovícico ao Cuaternario. Dende o punto de vista tectónico a comarca caracterízase pola depresión de Verín e o Sinclinal de Verín situado, este último, na prolongación do macizo de Braganza ao sur da comarca.


B. Litoloxía:

Os materiais predominantes no concello de Verín, son principalmente os materiais metamórficos, con aproximadamente o 43% da superficie, ocupando o rebordos montañosos e intercalados materiais graníticos (23%), sendo o resto materiais cuaternarios (o 34% do territorio), que se estenden polo fondo do val, de norte a sur, acadando a súa máxima amplitude ao sur da cidade de Verín, onde o val está cuberto de materiais aluviais, materias de chaira de inundación e materiais coluviais. As rochas metamórficas son fundamentalmente xistos e metavulcanitas e lousas e cuarcitas, mentres que as rochas ígneas son granitoides alcalinos: granitos de dúas micas. O fondo do val está percorrido por grandes fallas; a máis importante de>NNL/SSO, coñecida co nome de Creba da Corga, testemuña das augas mineiro medicinais de Sousas, Fontenova, Cabreiroá, Caldeliñas....


C Permeabilidade

A cantidade de auga que se infiltra nas capas subterráneas é o resultado do balance entre a precipitación e a evaporación e a enxurrada que se produce. Se ben a precipitación na zona non é moi alta, a presenza dunha litoloxía sedimentaria na depresión do val comporta moi alta permeabilidade media polo que as augas de enxurrada que chegan ás litoloxías sedimentarias son susceptibles de contaminar as augas subterráneas e á súa vez a recargar o acuífero de Verín, e por outra banda os materiais graníticos teñen unha permeabilidade moderada mentres os xistos e lousas e cuarcitas son moi impermeables polo cal as augas de enxurrada das ladeiras oeste achéganse sen case infiltración ata as zonas de val.

Elementos condicionantes
A alta permeabilidade dos materiais cuaternarios A impermeabilidade dos xistoslousas e cuarcitas. A grande falla coñecida como Creba da Corga
Dificultades ou carencia de información







Análise do sistema físico-ambiental	Variable: XEOMORFOLOXIA
3.1.3. Xeomorfoloxía	
Elementos analizados	Información gráfica
A. Características globais	
B. Unidades do relevo	
C. Altitudes	
D. Pendentes	
E. Orientacións	
Características globais	
A. Característica globais:	
A fosa chamada Depresión de Verín ou Monterrei é de carácter tectónico e continúa por Chaves (Portugal). É unha planicie aluvial cun importante cúmulo de depósitos cuaternarios flanqueados por serras: os macizos montañosos de San Mamede, a Serra do Fial das Corzas ao norte, a Serra Seca e Penas Libres ao leste e a Serra Larouco, que son as principais elevacións que dominan o contorno, onde nacen tamén a maioría dos tributarios do río Tâmega. As maiores altitudes na comarca localízanse no norte nos estribos meridionais da Serra de San Mamede e na Serra do Fial das Corzas (arredor aos 1.500 m.). Polo leste pechan a conca do Tâmega, A Serra Seca e Penas Libres e polo oeste a Serra de Larouco, polo sur soamente sobresaen uns picos illados como o Ferrelo 1327 m, Pena Nofre 1291 m e de menor altitude e nas inmediacións de Verín: Monte Maior 773 m e Monte Ladairo 564 m.	
B. Unidades do relevo:	
Pódense distinguir dúas unidades morfolóxicas: o fondo do val, cuberto de depósitos aluviais de area e arxilas: -sobre os 400 m de altitude e con pendentes chas e suaves-; sobre a que se asenta a maior parte do territorio, e as ladeiras que entran en contacto co val e presentan pendentes fortes, onde temos outeiros, lombos e montouts como Outeiro da Cruz 469 m, Alto do Circo 621 m, Outeiro do Veado, Lombo de Santa Marta, do Coto, e ladeiras e cumes por riba dos 700 metros como o Monte Maior 774m, A Cabeciña 744 m, os cales entran en contacto inmediato coas serras do rebordo, con cumios sobre os 1.000 metros.	
C. Altitudes:	
O territorio de Verín presenta unha variación altitudinal que vai dende o rango dos 340 metros ata os 947 m no extremo>NNL.	
D. Pendentes:	
Os rangos de pendente exprésanse en %, correspondendo ao rango chan ou moi suave: as zonas con pendentes inferiores a 2%, as pendentes suaves son as comprendidas entre 2 -5 %, as moderadas ás de 5- 10%, as pronunciadas ás de 10 - 15%, as fortes de 15 -25%, as moi fortes ás de 25 - 45 % e as pendentes escarpadas ou abruptas, as maiores de 45%. En Verín temos o 60% do territorio con pendentes menores de 15%. Estas pendentes non teñen apenas limitacións para os cultivos agrícolas.	
E. Orientacións:	
A exposición predominante é cara ao oeste, seguido do suroeste e o noroeste. Tamén no fondo do val, as orientacións a todos os ventos representan máis do 10% total das orientacións. Agrupando os rangos de orientacións, máis do 50% do territorio ten orientacións E/O ou SE/SO, e por outra banda, soamente o 5% do territorio ten orientación norte, sendo a porcentaxe máis cativa de todas as orientacións.	
F. Insolación:	
Así pois, as orientacións que reciben a priori máis radiación solar son as SO, S e SE mentres as NO, N e NO son as que reciben menos e as orientacións E e O reciben valores intermedios.	
Elementos condicionantes	
O val e a montaña	
As pendentes fortes da montaña	
Dificultades ou carencia de información	



Rangos de pendientes Mapa de orientacións Rangos de insolacións

Análise do sistema físico-ambiental	Variable: EDAFOLOXÍA
3.1.4. Edafoloxía	
Elementos analizados	Información gráfica
A. Clasificación do solo	
B. Capacidade produtiva dos solos	
Características globais	
<u>A. Clasificación do solo:</u> Para a clasificación dos solos utilízouse o esquema de clasificación de solos de Kubiera a escala 1:250.000, posto que os mapas de solos de Galicia a escala 1:50.000 da Xunta de Galicia aínda non se atopan completos. A tipoloxía de solos no territorio é: Solos sobre materiais sedimentarios : Cmd ALh Cambisoles distrícos e alisoles ferriháplicos. Solos sobre pizarras e filitas: RGu-LPu: regosoles alumi-úmbricos e Leptosoles alumi úmbricos. Solos sobre xistos RGu LPu: regosoles alumi úmbricos e Leptosoles alumi úmbricos Solos sobre rochas graníticas:LPu RGu(LPq) : leptosoles alumi-úmbricos e regosoles alumi-úmbricos (inclusións de leptosoles alumi-líticos) e RGu-CMu: Regosoles alumi úmbricos e Cambisoles alumi-húmicos. Cada unha destas asociacións de solo presentan capacidades agrolóxicas diferentes, en función de factores como a pendente, o espesor, características físicas, e químicas, a cantidade de auga, etc. Os solos con maior capacidade de uso ocupan o fondo do val, os alisoles son solos profundos, acedos de baixa capacidade de cambio, e desaturados, e cambisoles distrícos nas zonas de bordo. <u>B. Capacidade produtiva dos solos:</u> De acordo ao mapa de capacidade produtiva dos solos de Galicia de Díaz Fierros et Al a escala 1:400000, as clases para o concello de Verín son: Clase A: asociada á cubeta sedimentaria, condicionadas polo réxime de xeadas, tipo M no val de Verín, así como pola posibilidade de presenza de hidromorfías fortes, sobre toda cando o sedimento sobre o que descansa é de tipo arxiloso, ademais da existencia dun déficit de precipitacións acusados no verán. En total temos aproximadamente 3.500 hectáreas potenciais de clase A, o que representa o 38% de todo o territorio. Clase B: ocupan unha extensión aproximada de 742 hectáreas (8%). Comprende solos situados sobre pendentes de 2 a 10% e aparecen como orla dos terreos da clase A, constituíndo a transición entre as ladeiras e a depresión. Xeralmente estas terras están cultivadas de forma intensiva, aínda que tamén están a prados, ou baldíos ou mesmo a bosque. Clase C: ocupan o 15%, son terras que a actividade humana foi modificando as condicións das pendentes; neste caso comprende as superficies en bancais sobre pendentes entre o 10 - 20%. Atópanse estes terreos normalmente dedicados a vide, cultivos anuais ou pastos. Clase E: son terras con pendentes, pronunciadas a fortes e de pouco espesor. A utilización actual é forestal. Clase F: terras con pendentes fortes ou afloramentos. Ocupan a zona montañosa, 11% do territorio, tanto sobre cuarcitas e areniscas, como sobre xistos. Clase G: terreos pouco produtivos polo escaso espesor do solo ou abundancia de rocha exposta, ademais de pendentes escarpadas. Ocupan o 15%.	
Elementos condicionantes	
A ampla extensión de solos tipo alisoles no val	
Os solos con boa aptitude para o cultivo do val.	
Dificultades ou carencia de información	



Análise do sistema físico-ambiental		Variable: HIDROLOXÍA	
3.1.5. Características hidrolóxicas			
Elementos analizados		Información gráfica	
A. A cunca do río Támega			
B. As augas superficiais			
C. As augas subterráneas			
D. O ámbito de protección das augas minerais e termais			
Características globais			
<u>A. A cunca do río Támega:</u> A cunca do Támega pertence á Confederación Hidrográfica do Douro . O río Támega é un afluente da marxe dereita do río Douro, con dirección norte-sur; o val correspóndese cunha fosa tectónica, atravesada por unha falla ou "Creba da Corga", pola que afloran diversos mananciais de augas mineiro medicinais (Sousas, Cabreiroá, Fontenova, etc.). O seus límites van dende as súas nacentes en Talariño (985 m) onde fan lindes coa cunca do Limia por Penalba, os Altos de Estivas e a Serra de Larouco, ata Portugal onde seguen a Raia Seca, ata Feces. Pola vertente esquerda, Pena Nofre 1291 m é a divisoria de augas entre o Támega e a cunca do Sil. A cunca pertence ao sistema de explotación do Tera. O sistema do río Támega constitúe un marco bioxeográfico que permite poñen en relación diferentes hábitats que atravesan o río e os seus tributarios, creando un gran corredor ecolóxico de todo o val e das serras que o circundan. A cunca do Támega pertence, á súa vez, á cunca do río Doiro, que é a cunca máis grande da Península Ibérica; sendo 7 as comunidades autónomas que verten augas a esta cunca, ademais de Portugal. Conta cunha superficie de 97.290 km², dos que 78.952 km² corresponden a territorio español e 18.338 km² a territorio portugués.		Área do acuífero Fonte: CHD	
<u>B. As Augas superficiais:</u> A rede hidrográfica está condicionada fundamentalmente polas características tectónicas e morfolóxicas, así como pola pluviometría. A litoloxía branda e permeable fai que a actividade erosiva do Támega sexa moi escasa e o río alonga sen dificultade o seu leito. O sistema do Támega, en Verín, está formado polo río Támega e polos seus afluentes, por ámbalas marxes, sendo varios os tributarios regueiros descontinuos que soamente levan auga na época de chuvias. O sistema hídrico está formado por ríos, regatos, zonas húmidas, charcas, praias fluviais, áreas recreativas, bosques de ribeira, patrimonio etnográfico, etc. O seu bosque de ribeira posúe diferentes graos de conservación; dende zonas moi ben conservadas a través de frondosos bosques ripariás; ata ribeiras cunha soa liña arbórea, xunto a prados e mosaico de cultivos, ou zonas en mal estado de conservación, sobre todo nas zonas de extracción de áridos. Este sistema actúa como corredor natural que permite a conexión de diferentes espazos e do val coa serra. Ademais, o río Támega está incluído na Rede Natura 2000. A rede hídrica ten que protexerse para conseguir evitar a destrución e perda de valores ambientais e paisaxísticos das canles do concello, levándose a cabo no Plan a estratexia de conseguir a conservación e uso da biodiversidade dos ríos e regatos do territorio. O río Támega presenta un caudal moi irregular con fortes asolagamentos no inverno e forte estiaxe no verán, como se observa na gráfica de caudal medio, onde se dá un pico de caudal entre decembro e xaneiro e dende xuño a outubro o río presenta caudais moi escasos.			
<u>C. As augas subterráneas:</u> Verín presenta parte de seu territorio dentro do acuífero cuaternario aluvial, co número 4000028, trátase dunha fosa tectónica reenchida por depósitos detríticos de abanos aluviais (areas e arxilas) dos ríos Támega e Vilaza e presenta unha extensión de afloramento de 72 km. Segundo datos da CHD, o acuífero presenta unha infiltración de 8 hm³/ano e non representa retorno por rego o que dá un recurso dispoñible do acuífero de 8 hm³/ano.		Cuncas hidrográficas	
<u>D O ámbito de protección das augas minerais e termais</u> O territorio de Verín presenta un polígono de protección das augas minerais, de acordo á Confederación Hidrográfica do Doiro.			
Elementos condicionantes		Protección de augas minerais e termais (fonte CHD)	
A rede hídrica e o seu caudal irregular			
O acuífero de Verín			
As augas minerais e termais			
Dificultades ou carencia de información		Gráfico caudal medio fonte CHD	


Análise do Sistema Físico-Ambiental		Variable: CARACTERÍTISCAS DA VEXETACIÓN																							
3.1.6. Características da vexetación																									
Elementos analizados		Información gráfica																							
A. O Contexto bioxeográfico da flora																									
B. Unidades de Vexetación actual																									
C. Hábitats.																									
Características globais																									
A vexetación é un dos máis indicadores das condicións naturais e é un elemento chave na paisaxe e nos hábitats .																									
A. O Contexto bioxeográfico da flora:																									
O concello de Verín, dende o punto de vista corolóxico, atópase localizado na Rexión Mediterránea, subrexión Mediterránea Occidental, Superprovincia Mediterráneo-Iberoatlántica Provincia Carpetano Ibérico Leonesa Sector Ourensana Sanabriense, e subsector Maragato Sanabriense. Cómpre sinalar que pola súa proximidade á rexión Eurosiberiana aparecen tamén moitos representantes florísticos da mesma, e mesmo a carballeira presente na comarca é a carballeira galaico portuguesa con Quercus rubur e Quercus pirenaica. Os bosques corolóxicos, e por tanto autóctonos, neste territorio son, por unha banda os bosques ribeireños ou ripisilvas e por outra os bosques caducifolios de cerquiños (Quercus pyrenaica) atópanse ou ben acompañados de carballos (Quercus robur) ou tamén Enciñas (Quercus rutundifolia), así como algúns castiñeiros (Castaena sativa). E nas zonas altas aparece arborado que leva asociado breixos do tipo Erica aragonensis, tipicamente mediterráneo, no sotobosque.																									
B. Unidades de Vexetación actual:																									
As unidades de vexetación natural, son unha peza fundamental da riqueza biolóxica dun territorio, e polo tanto contribúen á biodiversidade. Distínguense as seguintes:																									
- O bosque de ribeira: arborado de ribeira asociado as augas do Támega e os seus principais afluentes e as chairas de inundación.																									
- As frondosas autóctonas: pequenos áreas de frondosas caducifolias, ameazados pola repoboación de coníferas.																									
- As matogueiras: son matogueiras temperadas situadas en zonas de montaña, orixinadas por efecto da gandería extensiva ou antigas terras de cultivo abandonadas ou repoboadas.																									
- As repoboacións forestais: na maioría se trata de masas arbóreas dominadas polo piñeiro procedentes de repoboación do monte sobre áreas de toxo e breixos e cultivos abandonados																									
- O mosaico de cultivos: temos grandes zonas do val dedicadas ao viñedo, fundamentalmente, así como pequenas áreas normalmente preto dos núcleos de poboación onde se establecen mosaicos de cultivo con sebes arborados, que forman parte dunha paisaxe agraria tradicional.																									
C. Hábitats:																									
Os hábitats de interese comunitario (incluídos no anexo I da Directiva 92/42/ CEE) presentes no tramo de Verín son:																									
<table><tr><td>3. Hábitats de auga doce</td><td>3260</td><td>Ríos dos pisos basal a montano</td></tr><tr><td>4. Queirogais e matogueiras de zona temperada</td><td>4030</td><td>Queirogais secos europeos</td></tr><tr><td>6. Formacións herbosas naturais e seminaturais</td><td>6430</td><td>Megaforbios éútrofos higrófilos das orlas de chairas</td></tr><tr><td></td><td>6510</td><td>Prados de sega de baixa altitude</td></tr><tr><td>8. Hábitats rochosos e covas</td><td>8220</td><td>Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica</td></tr><tr><td></td><td>8230</td><td>Rochedos silíceos con vexetación pioneira</td></tr><tr><td>9. Bosques</td><td>9,10E+01 *</td><td>Bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior</td></tr><tr><td></td><td>9230</td><td>Carballeiras galaico-portugueses con Quercus robur e Q. pyrenaica</td></tr></table>				3. Hábitats de auga doce	3260	Ríos dos pisos basal a montano	4. Queirogais e matogueiras de zona temperada	4030	Queirogais secos europeos	6. Formacións herbosas naturais e seminaturais	6430	Megaforbios éútrofos higrófilos das orlas de chairas		6510	Prados de sega de baixa altitude	8. Hábitats rochosos e covas	8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica		8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira	9. Bosques	9,10E+01 *	Bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior	
3. Hábitats de auga doce	3260	Ríos dos pisos basal a montano																							
4. Queirogais e matogueiras de zona temperada	4030	Queirogais secos europeos																							
6. Formacións herbosas naturais e seminaturais	6430	Megaforbios éútrofos higrófilos das orlas de chairas																							
	6510	Prados de sega de baixa altitude																							
8. Hábitats rochosos e covas	8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica																							
	8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira																							
9. Bosques	9,10E+01 *	Bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior																							
	9230	Carballeiras galaico-portugueses con Quercus robur e Q. pyrenaica																							
Elementos condicionantes																									
Os bosquetes de arborado autóctono deberan estar especialmente protexidos e na medida do posible estar formando parte de corredores ecolóxicos.																									
Os hábitats de interese prioritario deben de ser protexidos.																									
Dificultades ou carencia de información																									

Unidades de vexetación


Mapa de Unidades de Vexetación de Verín. O mapa mostra a distribución espacial das diferentes unidades de vexetación no territorio de Verín, superposto sobre un fondo de relevo e rede hidrográfica. A lenda indica: Non arborado (beige), Píñeiris (verde escuro), Píñeiris e Frondosas (verde claro), Frondosas autóctonas (laranja), Mato arborado (magenta) e Vexetación de ribeira (vermello). Inclúe unha escala de 0 a 4 km e un norte.

Mapa de Hábitats segundo Directiva Hábitats

Mapa de Hábitats segundo Directiva Hábitats de Verín. O mapa mostra a distribución dos hábitats de interese comunitario no territorio de Verín, superposto sobre un fondo de relevo e rede hidrográfica. A lenda indica: 91E0 (vermello), 9340 (laranja), 9230 (magenta), 4090 (verde claro) e 4030 (verde escuro). Inclúe unha escala de 0 a 4 km e un norte.



Mapa de Hábitats segundo Directiva Hábitats



Análise do sistema físico-ambiental	Variable: CARACTERÍSTICAS DA FAUNA
3.1.7. Características da fauna	
Elementos analizados	Información gráfica



- A. Características xerais
- B. A diversidade da fauna

Características globais

A. Características xerais:
A comarca do Verín presenta unha importante riqueza faunística, así como especies de pesca fluvial e de tipo cinexético que son un valor como recurso pola importancia das actividades de caza e pesca.

Aínda así, a riqueza faunística, en xeral, sofre unha gran diminución dos seus efectivos, en boa medida debido á gran destrución e regresión dos seus biótupos e aos procesos de contaminación.

B. A diversidade de fauna
O estudo da fauna baséase no catálogo de biodiversidade da Xunta de Galicia a escala UTM 10 10, analizando os datos das 4 cuadrículas UTM, nas que Verín se encadra.



Elementos condicionantes

Creación na medida do posible de corredores de fauna e flora entre os espazos da rede Natura coa rede hídrica do Támega e as serras.

Dificultades ou carencia de información

Análise do sistema físico-ambiental	Variable: SOLO
3.1.8. Usos do solo	
Elementos analizados	Información gráfica
A. Características	
B. Uso agrario	
C. Uso forestal	
D. Uso mineiro	
Características globais	

A. Características. Datos extraídos das bases de datos do Mapa de Usos e Coberturas do solo de escala 1: 25.000, publicado no ano 2004 pola Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, do mapa do proxecto CORINE Land Cover (CLC) a escala 1: 100.000 sobre a cobertura/uso do territorio, do Mapa do Terceiro Inventario Nacional Forestal e o Mapa de capacidade produtiva de Díaz Fierros. Consulta de diferentes fontes de datos estatísticos, como o censo do 1999 desagregado a nivel municipal, os inventarios agrarios do 2000 a 2004 cos datos a nivel comarcal e os datos do catastro de rústica dos tipos de cultivos.

B. Uso agrario. Predominio das hectáreas dedicadas a viñedos, que representa o 63% de todas as terras labradas, dedicándose un 33% a cultivos herbáceos e o 4% a froiteiros. Nos concellos de Verín, Oímbra e Monterrei, o viñedo representa o 44, 57 e 63 % respectivamente da superficie agraria de cada concello. Todo o concello de Verín está inscrito na denominación de orixe Monterrei, na subzona val de Monterrei, agás a parroquia de Queirugás que está na subzona ladeira de Monterrei. A denominación de orixe de Monterrei tiña no ano 2000, na comarca 580 hectáreas de superficie inscrita. Tres zonas de concertación parcelaria en marcha. A concentración parcelaria de Cabreiroá, cunha superficie de 391 hectáreas dedicadas ao cultivo da horta, viña, a concentración parcelaria de Mandín Feces, cunha superficie de 1267 Has. dedicadas ao cultivo da horta, viña e a concentración parcelaria de Mourazos-Tamagos-Tamaguelos, cunha superficie total de 1.250 hectáreas. Isto supón un total de case 3.000 hectáreas a unha agricultura de comercialización, fundamentalmente viñedo (denominación de orixe de Monterrei), así como froiteiras, horta e cereal.

No que se refire á gandería, o concello de Verín, segundo datos do 2003 do IGE e CPADR ten 23 explotacións de gando bovino, cun total de 227 bovinos, o que dá unha media de 9.8 vacas por explotacións, contando na comarca con 367 explotacións e 4.925 bovinos o que dá unha media maior, de 13.4 vacas por explotación. Son, en xeral, explotacións gandeiras familiares, onde a produción de carne se realiza de forma tradicional.

C. Uso forestal. A superficie ocupada polo forestal, en Verín, segundo os datos procedentes do 3 l inventario Forestal, realizado en (1997-1998), é do 63% da superficie total, unhas 5.900 Has. Predominan os piñeirais, seguido de piñeirais con carballos e rebolos, ou piñeiros e rebolos, aparecendo, tamén, boas manchas de castiñeiros, así como carrascos no 3IF. No que respecta á superficie de monte en Man Común, segundo datos da Xunta, son 3.530 hectáreas de monte mancomunado, repartidos nas diferentes comunidades.

C Uso mineiro. As explotacións a ceo aberto de arxilas, na maioría dos casos abandonadas, forman zonas húmidas artificiais que, unha vez que deixan de ter uso mineiro, deberanse restaurar e integrar nos espazos protexidos do Támega.


CODIGO	MATERIAL	LUGAR	X	Y	ESTADO	IN VISU
303003	Arxila común	VAL DO SALGUEIRO	4631300	4647150	ABANDOADO	PIZARRAS ALTERADAS
303006	Area	RASELA ABEDES	4647150	4647150	ABANDONADA	GRANITOS BIOTITICOS PARCIALMENTE CAOLINIZADOS
303007	Cuarcita	SANTA MARTA REGATO ABEDES	4647150	4647150	ACTIVA	CUARCITAS NEGRAS
303008	Cuarcita	PONTENOVA	4647150	4645900	ABANDONADA	

Elementos condicionantes

Estes montes débense propiciar e incentivar, cara a obter uns montes de maior calidade natural e traballar, cara atallar a problemática dos incendios forestais.

Dificultades ou carencia de información

Os datos estatísticos teñen diferentes problemáticas, uns por antigos, outros soamente están desagregados no ámbito comarcal e por último a clasificación destes datos segue diferentes metodoloxías, polo que a análise é soamente a grandes trazos.



3.1.9. Espazos protexidos

Elementos analizados	Información gráfica
----------------------	---------------------

A. Características Globais; B. Espazos protexidos; C. Húmidas D. Punto Interese Xeomorfolóxico

Características globais

A. Características Globais.

A conservación e o uso sostible da biodiversidade é un dos dous grandes paradigmas das sociedades desenvolvidas. Isto implica tanto conservar, como restaurar ecosistemas fráxiles ou degradados, mediante a protección de todos os espazos de interese natural.

Neste sentido resultan de especial importancia todas as áreas de especial valor ecolóxico, paisaxístico e cultural; debendo quedar protexidas mediante a figura de solo rústico de protección especial, en primeiro lugar os terreos que forman parte da Rede Natura, e todos aqueles outros con suficientes valores para ser protexidos e por tanto, preservados da urbanización.

Cómpre lembrar que unha vez posta en marcha a Rede Natura 2000, elaboraranse os plans necesarios (tanto de conservación de hábitats pouco degradados, como de restauración de hábitats degradados) para garantir a persistencia dos hábitats naturais declarados como de interese comunitario. Estes plans irán dirixidos para a aplicación de medidas para a conservación de certos agrosistemas como debería ser o caso do mosaico agrícola con arborado autóctono en Cabreiroá.

B. Espazo protexido pola rede galega de espazos protexidos. ZEPVN LIC Río Támega Rede Natura río Támega.

A LIC río Támega (código ES11300005) ten superficie de 718.76 hectáreas das cales 299, 63 ha pertencen a Verín. Este espazo natural protexido zonifícase no tramo de Verín en tres tipos, Zonas de interese Prioritario para a conservación dos seus hábitats ZPDG 2, Zonas de Uso restrinxido ZPDG 3 (que se localizan no norte do concello ata chegar á vila de Verín e dende un punto do río Abedes ata a Autoestrada), e tamén ZPDG 5 Zonas de Uso Xeral (que se corresponde á zona ao seu paso pola vila de Verín) . Así pois, se se producen efectos por ocupación e fragmentación nas zonas ZPDG 2 estes efectos serían moi significativos, mentres que no tramo da Rede Natura de uso xeral, as afeccións son moito menos significativas. Isto significa que un mesmo uso ou actividades nas áreas de contacto ou amortecemento do espazo protexido poden producir diferentes tipos de impacto; obviamente, prodúcese máis impacto nunha zona de reserva ou de interese prioritario que nunha zona de uso xeral. Os principais impactos desta Rede Natura son os seguintes:

IMPACTOS NO ESPAZO NATURAL					
IMPACTO OU ACTIVIDADE		LUGAR	INFLUENCIA	INTENSIDADE	% SUP
150	Concentración parcelaria	Fóra	Negativa	Grande	
151	Eliminación de sebes e arboredos	Dentro	Negativa	Grande	5
301	Graveras	Dentro	Negativa	Grande	1

C Húmidas


O río Támega fai intersección cunha serie de húmidas de interese natural: uns son húmidas artificiais con interese natural procedentes das explotacións mineiras e outros son meandros abandonados do Támega. Son espazos húmidos de interese natural, integrantes do complexo de húmidas do Támega.

D Punto de interese xeomorfolóxico. o Pozo do Demo é unha cova que aparece no catálogo da base de datos da biodiversidade como punto de interese xeomorfolóxico.

Elementos condicionantes

Os espazos protexidos e as súas áreas máis próximas

Dificultades ou carencias de información



3.1.10. A paisaxe

Elementos analizados	Información gráfica
----------------------	---------------------

- A. Características
- B. As Cuncas Visuais

Características globais

A. Características:

Verín presenta unha paisaxe natural variada, cunha alta diversidade de hábitats e cunha configuración morfolóxica tamén diversa: serras, outeiros, vales pechados, e abertos, ríos, regueiros e regatos, barrancos, charcas, humidaís, bosques, bosquetes, etc.

A configuración morfolóxica do territorio, organizada a través do val do Támega co seu contorno elevado de serras, onde salienta, por unha banda como fito paisaxístico o castelo de Monterrei, e por outra, os usos da terra onde temos unha paisaxe en mosaico de cultivos de vide (os bacelos), de cereal e horta, algunhas zonas de touzas mosaico con sebes arboradas que delimitan os cultivos e ou prados, bosquetes de ribeira, bosquetes de arborado autóctono, e por outra banda, as ladeiras das serras que pechan o val, onde os cultivos e pastos se mesturan cun mato arborado e coas repoboacións forestais.

Esta diversidade pode ser contemplada en toda a súa magnitude, dende os miradoiros naturais do concello como o monte Maior, O Larouco, as Laxes das Chas e o Castelo, ou dende o Castelo de Monterrei (concello de Monterrei).

Por outra banda, en termos xerais, entre os elementos e procesos que máis negativamente inciden na calidade da paisaxe, pódense sinalar os incendios forestais, as canteiras, a autoestrada, as infraestruturas de telecomunicacións e eléctricas, a liña de cables de alta tensión que chega ata a vila de Verín.

B. As cuncas visuais:

Primeiramente elaboramos o mapa de cuncas visuais, conforme ás subcuncas hidrolóxicas, segundo analizamos un punto do territorio que é un fito da paisaxe: o Monte Maior e, terceiro analizamos a intervisibilidade da autoestrada A6 no seu paso polo territorio de Verín; o segundo por ser unha altura significativa no concello, e o terceiro, a autoestrada, por ser unha vía de alta capacidade, e polo tanto, cun gran número de potenciais persoas que ven a paisaxe cando circulan por ela.

As cuncas visuais resultantes son as seguintes

- A cunca visual dende o Montemaior
- A cunca visual dende a autoestrada

C. As Unidades da Paisaxe:

Como consideración final de todo o anterior definíronse para o concello de Verín tres Unidades de Paisaxe ben diferenciadas a simple vista pero que unifican de xeito claro os criterios que rexen o modelo de asentamento, a dinámica físico – Ambiental – ecolóxica e as principais xeoformas que se detecta en Verín e serven de base para a implantación das distintas infraestruturas e mesmo das actividades produtivas. Non hai que esquecer a importancia da auga e das plantas embotelladoras como referente a nivel autonómico.


O fenómeno da antecendencia é sen dúbida característico de toda esta zona e se recolle no macrozona paisaxística das grandes foxas e depresións do interior de Ourense que determina a Estratexia Galega da Paisaxe.

De xeito simplificado pódese observar no anexo de información gráfica a división destas unidades da paisaxe así como no plano anexo do ISA con clave de plano de: Unidades da Paisaxe.

Elementos condicionantes

A variable paisaxística constitúe un alicerce do novo Plan. Así, cada unha das actuacións do Plan teñen que adecuarse ás características da paisaxe, aos valores naturais, en especial a relación á calidade e á fragilidade paisaxística,

Dificultades ou carencias de información



3.1.11. Riscos

Elementos analizados	Información gráfica
----------------------	---------------------

A. O risco de Inundacións; B. Os riscos asociados ao cambio climático; C. Os incendios forestais.

Características globais

Á hora de identificar os principais riscos ambientais e o seu efecto sobre a poboación, recóllense nun plano anexo ao presente ISA. A análise realizada para chegar a ese plano se síntese é a seguinte:

A. O risco de inundación.

O risco de inundación de leitos e chairas aluviais é moi importante en Verín, o que fai que estea clasificado como concello de risco alto, cun coeficiente da cunca do Tâmega, de 1.0, segundo o Plan Especial de Protección Civil, ante o Risco de Inundacións en Galicia. En calquera caso, tense realizado un detallado estudo concreto para o presente PXOM en determinados tramos con maior risco de inundación, por indicación da CHD, que se reflicte no correspondente plano de riscos.

A delimitación e xestión de zonas inundables depende da CHD. A CHD elabora na actualidade un proxecto de adecuación ambiental e defensa contra as avenidas, co obxecto da posta en práctica do espírito da Directiva Marco da auga, ante a necesidade de conciliar os intereses socioeconómicos da contorna da conca do río Tâmega coa conservación dos seus valores naturais.

B. Os riscos asociados ao cambio climático: secas desertización.

A rede hídrica presenta unha acusada estiaxe no verán e importantes secas, durante esta estación do ano, e en canto a erosión. Segundo o mapa do Inventario Nacional de Erosión, da provincia de Ourense, temos unha superficie erosionable de moi leve a moderadamente grave, pero esta información non se vai a representar no plano de riscos.

C. Os incendios forestais.

Hai que indicar que en xeral non se dispón de información cartográfica detallada para abordar unha análise profunda desta variable se ben o PLADIGA 2012 inclúe a totalidade do concello de Verín, e mesmo da comarca, no que se definen como “Zonas de Alto Risco de Incendios Forestais (ZAR)”. Así pois para este punto procedeuse a elaboración dunha cartografía propia usando a seguinte metodoloxía:

O risco de incendios reflíctese no plano de riscos naturais, adxunto a este documento. Para a delimitación das áreas con potencial risco de incendios, procedeuse a unha aproximación teórica de carácter xeral (contexto do PXOM)onde se consideraron unha suma de variables cuantitativas e cualitativas. Entre as primeiras (de tipo cuantitativo) hai que destacar a presenza ou ausencia de especies pirófitas da vexetación, a proximidade a núcleos de poboación, a distancia as vías de comunicación dende as que se poden orixinar conatos de incendio por descoido humano, etc...

Doutro lado dende o punto de vista cualitativo hai que valorar a facilidade para a propagación do incendio pois algunhas masas de vexetación contribúen ao seu retraso (sobreira, carballo, cerquiño, etc...) mentres que outras o promoven (eucaliptos e piñeiros, etc...).

Outras variables como as fortes pendentes, zonas elevadas con presenza de especies pirófitas ou zonas de difícil acceso foron tidas en conta pois no caso das fortes pendentes o lume estendese con maior rapidez debido ao seu efecto canalizador na dirección de vales e barrancos. No caso das zonas máis elevadas achégase unha maior cantidade de oxíxeno e vento que favorecen a propagación en caso de producirse un conato.

En base ao exposto neste apartado e sintetizando todas estas variables a través dun S.I.X chegaróñse as delimitacións grafadas no plano de riscos para o caso dos incendios (en canto a variable da vexetación, tívose en conta o 3º Inventario forestal nacional así como o plano de usos da Xunta de Galicia).

Elementos condicionantes



Zonas inundables: respecto ás zonas inundables, e a maiores do estudo concreto realizado para o presente PXOM por indicación da CHD, é necesario que a CHD documente a área inundable e as actividades para dar cumprimento á nova Directiva 2007/60 /CE, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación.

Dificultades ou carencias de información

Pouco nivel de desagregación da información dispoñible para abordar a nivel municipal.

Planimetría das fontes a escala moi pequena.

A falla de cartografía do risco de inundacións dos ríos do Termo Municipal (fora das zonas analizadas detalladamente no estudo concreto realizado para o presente PXOM por indicación da CHD).



3.2. ANÁLISE DO SISTEMA URBANO-RELACIONAL	Variable: SISTEMA DE COMUNICACIÓNS
---	------------------------------------

3.2.1. Sistema de infraestruturas de comunicacións, accesibilidade

Elementos analizados	Información gráfica
----------------------	---------------------

A. O sistema xeral de comunicacións e transporte.

- Accesibilidade provincial
- Accesibilidade comarcal
- Accesibilidade local

Características globais

A. O sistema xeral de comunicacións e transporte:

Importante etapa na planificación de infraestruturas viarias no conxunto subrexional, e que ten como principal manifestación dentro do ámbito provincial o trazado do novo tramo da autovía Verín-Chaves, este novo tramo fai viable o concepto de “Eurocidade Verín-Chaves” (23 km separan as dúas cidades) que faría posible unha forma común de abordar os problemas, creando un novo espazo para o desenvolvemento conxunto.

Accesibilidade provincial

A N-525, N-532 e A-52 resolverían a día de hoxe esta premisa, que se ve complementada polo novo tramo da autovía Verín-Chaves A-75 que enlaza coa A-24 portuguesa (Chaves-Vila Real), desta maneira o concello queda completamente comunicado co exterior con vías de alta velocidade e remarcando máis a súa situación como nó estratéxico de comunicacións; deste xeito a comunicación leste-oeste de unión coa meseta faríase por medio da N-525 e os tramo xa existente da A-52 e a comunicación norte-sur, -se cabe moito máis importante aínda (a última en rematarse)-, faríase coa N-532 e a recentemente inaugurada A-75.

Accesibilidade comarcal

Hoxe en día, resólvese a través do sistema tradicional de estradas, nomeadamente sobre o trazado da OU-113, que saíndo do centro histórico da vila de Verín percorre cara ao norte para comunicarse con Castrelo do Val e Laza, da OU-114 que percorre dende Caldeliñas, pasando por Vilarmajor ata o concello de Castrelo do Val, da OU-115 comunicando Pazos co concello de Monterrei. A accesibilidade das estradas anteriores resolverían a entrada norte, complementadas pola estrada OU-310 de unión de Verín con Vilardevós, cunha dirección sueste. As condicións da urbanización extrema son moi variables en función do territorio atravesado por cada unha delas.

Accesibilidade local


A accesibilidade local apóiase na rede de estradas da Deputación Provincial nas zonas máis rurais, mentres que o núcleo urbano apóiase nas vías principais cambiando estas de nome (Av. de Laza, Av. Luis Espada, Av. de Castela, Av. de Portugal, Av. de Sousas). Este viario verase completado polas novas propostas de circunvalación e ronda propostas no PXOM. Por un lado a ronda interior (norte-sur), vía de enlace entre a Av. de Portugal e a Av. de Laza (conectaría as dúas grandes zonas equipamentais dende a zona dotacional educativa ata a zona dotacional sanitaria), e por outro a circunvalación sur (leste-oeste) que faría de “by-pass” da N-525 no seu tramo urbano, procurando descargar o tráfico ao centro da vila.

Elementos condicionantes

- Fronteira con Portugal como límite.
- Interseccións das estradas N-525 e N-532.
- Autovía como corredor pasante A-52

Dificultades ou carencias de información
--

Esquema xeral da estrutura viaria da comarca



SISTEMA XERAL VIARIO								
CLAVE	NOME	TREITO	NOME	TIPO	SUPERFICIE			
					EXISTENTE	PROPOSTA	TOTAL	
C-001	A-52	1	A-52	I	296442		296442	
C-015	Autovía Verín Chaves	1	Autovía Verín Chaves	I		473039	473039	
C-002	N-525	1	N-525	II	281530		281530	
		2	Avda. San Lázaro	II				
			Avda. Luis Espada					
			Avda. de Castela					
	3	N-525	II					
C-003	N-532	1	Avda. de Portugal	II	331005		331005	
			N-532	II				
		2	N-532	II				
		3	N-532	II				
C-004	OU-113	1	Avda. de Laza	III	86481		86481	
	OU-113							
C-005	OU-114	1	OU-114	III	48556		48556	
C-006	OU-115	1	OU-115	III	27437		27437	
C-007	OU-310	1	Avda. de Sousas	III	108614		108614	
			OU-310					
C-009	OU-1021	1	Ctra. de Vences	IV	15087		15087	
C-010	OU-1014	1	OU-1014	IV	18710		18710	
C-012	OU-1011	1	OU-1011	IV	9480		9480	
C-014	OU-1007	1	OU-1007	IV	22151		22151	
C-013	OU-1010	1	OU-1010	IV				
C-016	Circunvalación sur	1	Pazos - Avda. de Portugal	IV		95224	95224	
		2	Avda. de Portugal - Avda. de Sousas					
		3	OU-310 - N-5225					
C-011	OU-1055	1	OU-1055	V	32177		32177	
C-008	OU-1009	1	Rúa Diputación	V	132573		132573	
		2	Ctra. de Cabreiros					
		3	OU-1009					
C-017	Ronda interior	1	Avda. de Portugal - O Polvorin	V	15936	45050	60986	
		2	O Polvorin - Avda. de Sousas					
		3	Rúa San Felix					
		4	Avda. de Laza - Avda. de Castela					
		3	Avda. de Laza - Ctera. De Vences					

Análise do Sistema Urbano-Relacional	Variable: SISTEMA DE COMUNICACIÓNS
3.2.2. Sistema de infraestruturas de comunicacións, mobilidade	
Elementos analizados	Información gráfica
A. Características. B. O Transporte público. C. A Mobilidade peonil.	
Características globais	

A. Características:

Accesibilidade e mobilidade son dous conceptos relacionados, un referido ao medio e outro ás persoas. A supresión de barreiras facilita a accesibilidade ao medio e permite a mobilidade.

Debe incidirse na mellora e optimización dos sistemas e recursos existentes fronte á implantación doutros máis ambiciosos pero que supoñen un esforzo inasumible para a súa posta en funcionamento.

B. O transporte público:

Existen catro paradas de taxis, praza do Concello, estación de autobuses, hospital e praza da Merced, así como 18 licenzas de taxi.

Existe unha estación de autobuses na rúa Espido.

Diversas liñas de autobús permiten conexións con distintos destinos tanto comarcais como autonómicos, nacionais e internacionais.

Dúas empresas de autobuses en Verín Autos Guerra,s.l. e Socitransa, s.l.

NOITE-BUS E TES+BUS (5 liñas)

EMPRESA	CODIGO	CÓDIGO XUNTA	DENOMINACIÓN
AUTOCARES GUERRA,S.L.	V-7071	XG-445	Verín-Vilardevós, con anexos
SOCIEDAD DE TRANSPORTE, S.A.	V-3030	XG-342	Verín-A Veiga, con anexos


Non hai estacións de ferrocarril no termo municipal sendo as máis próximas as de Campobecerras (Castrelo do Val) e A Gudiña.

C. A mobilidade peonil:

Existen no concello seis rutas peonís, que son:

- 1.-Ruta Requeixp
- 2.-Ruta do Castelo
- 3.-Ruta do Támega
- 4.-Ruta dos balnearios
- 5.-Ruta das fontes
- 6.-Ruta do sur


Mapa de rutas peonís no concello de Verín



Elementos condicionantes
- A suave topografía do concello posibilita as sendas ciclistas.
Dificultades ou carencias de información

Análise do sistema urbano-relacional		Variable: SISTEMA DE INFRAESTRUTURAS DE SERVIZO
3.2.3. Sistema de infraestruturas de servizo, rede de abastecemento de auga		
Elementos analizados		Información gráfica
A. Rede de abastecemento de auga		
Características globais		Esquema da rede de abastecemento
<u>A. Rede de abastecemento de auga:</u> Zona urbana O concello de Verín dispón dunha estación de tratamento de auga potable (preto do río Támega) que bombea auga ata uns depósitos que se atopan preto do castelo de Monterrei. O principal ten unha capacidade de 3.000m³ situado na cota 487m, e xa na cota 425 atópanse dous máis, cada un con capacidade de 600 m³, un deles actualmente en desuso. Dende estes depósitos a auga potable distribúese a través dunha rede de entubado de distintos materiais. A rede principal é de fundición e ten un diámetro de 200 mm, desta rede perimetral parten ramais de diámetros 150,100 75 e 63 mm. A rede está dotada de bocas de incendios e de rego, repartidas pola rúas da cidade. Na zona do polígono industrial existe unha captación e un depósito, conectados á súa vez coa rede xeral. Os depósitos cobren o servizo do solo urbano de Verín e Pazos, e dos núcleos de Abedes, Vilela, Caldeliñas e o Salgueiro. O concello somete a rede a unha renovación sistemática e progresiva para adaptarse ás novas demandas. Núcleos - Abedes: abastécese dun depósito situado ao leste do núcleo, na cota 523 m. - Cabreiroa: conta cun depósito situado ao suroeste do núcleo, á beira da A-52 na cota 403 m. Xusto á súa beira está o que abastece ao núcleo de Queizas. Ambos empregan a mesma captación. - Feces de Abaixo: na beira do Támega atopamos dúas estacións de bombeo que impulsan a auga ata un depósito elevado, situado no medio do núcleo - Feces de Cima: a rede mantense coa auga dun depósito situado ao norte do núcleo, na cota 453. - Mandin: a captación recolle a auga ao noroeste do concello na cota 443 m. - Mourazos: a auga recóllese dunha captación preto do regato da Batuca, elevándose mediante bombeo ata un depósito situado ao leste na cota 423m. - Queirugas: dotado dun depósito ao norte do concello, na cota 555 m - A Rasela: ademais de estar conectado á rede xeral de Verín, conta cunha estación de bombeo xunto ao hospital comarcal que envía a auga ata un depósito situado ao leste do núcleo na cota 448 m. - Tamagos: ao leste do núcleo atopamos dous depósitos na cota 430 m, que se abastecen dun pozo de barrena, situado á súa beira. - Tamaguelos: - Tintores: dispón dunha estación de bombeo que impulsa a auga ata un depósito elevado. Aínda se conserva preto do núcleo (pero en estado de abandono) o edificio cos grupos de presión que se empregaban para subministrar auga de rego aos cultivos da concentración parcelaria. - Vilarmajor: conta cun depósito situado ao leste do núcleo, na cota 489.		
Elementos condicionantes		
Dificultades ou carencias de información		

Análise do sistema urbano-relacional	Variable: SISTEMA DE INFRAESTRUTURAS DE SERVIZO
3.2.4. Sistema de infraestruturas de servizo, redes de saneamento de augas residuais e pluviais	
Elementos analizados	Información gráfica
A. Características xerais	
B. Rede de saneamento de augas residuais e evacuación de pluviais	
Esquema de rede de saneamento	
Características globais	
A. Características xerais:	
Constitúe actualmente o punto final da rede de saneamento comarcal. Na E.D.A.R., localizada na parroquia de Queizás, conflúen os saneamentos dos concellos veciños de Castrelo do Val e Oímbra, ademais do propio Verín, sendo a capacidade a día de hoxe claramente insuficiente, provocando vertidos ao Támega.	
En canto aos vertidos, a EDAR de Verín, ten a seguinte metodoloxía de tratamento das augas residuais,	
1º) Recepción influente, bombeo e aliviadeiro de emerxencia.	
2º) Pretratamento.	
3º) Tratamento biolóxico (tratamento físico-químico ou desfosfatación).	
4º) Clarificación.	
5º) Efluente.	
6º) Liña de lodos (expresamente de lodos, acondicionamento químico de lodos e deshidratación de lodos).	
A totalidade do sistema colector verinés vén estruturado por dúas conducións principais:	
- Colector fluvial Castrelo do Val-Verín-Queizás: percorre paralelo ao bordo fluvial do Támega, no límite norte co concello de Castrelo do Val ata a EDAR de Queizás; presenta uns diámetros que van dos 300 mm na zona norte, vertidos procedentes de Castrelo do Val, ata os 1000 mm de diámetro na zona final de Queizás, non dispoñendo de bombeos no seu percorrido.	
- Colector Vilaza-Polígono-Os Contos: percorre perpendicular ao colector fluvial uníndose a este no lugar dos Contos, dende o polígono de Pazos ata o seu encontro co colector fluvial, presentando un diámetro de 600 mm e dispoñendo de tres bombeos no seu percorrido, un ao oeste do polígono de Pazos, outro no mesmo polígono e o último na marxe esquerda do Támega no lugar de Campo do Río.	
B. Rede de saneamento de augas residuais e evacuación de pluviais:	
Zona urbana: sistema de colectores de distintos diámetros e materiais que recollen as augas residuais domésticas, industriais e pluviais e as verten a un colector xeral que as conduce ata a estación depuradora de augas residuais, situada á beira do Támega. Os colectores principais son de formigón ou pvc con diámetros de 500 mm., destes parten ramais de pvc de 315 ou 400 mm.	
Tamén as augas do polígono industrial son vertidas nesta rede, sendo necesario elevalas ata o colector xeral, mediante varias estacións de bombeo. Estanse a facer obras e proxectos de mellora e renovación das redes, tratando de mantelas en bo estado e adaptándoas ás novas demandas.	
Núcleos: en canto ao resto dos núcleos, a situación é a seguinte:	
- Feces de Abaixo: dispón de catro fosas sépticas para evacuar as súas augas residuais. Unha ao norte do núcleo que verte ao Támega, outra xunto á escola infantil na Lama, a terceira atópase xunto ao paso fronteirizo, e a última ao sueste do núcleo, vertendo ao regato de Río Pequeno.	
- Feces de Cima: verte mediante fosa séptica ao río de Feces ou río Pequeno ao sur do núcleo.	
- Mandín: verte cara o sur do núcleo no regueiro das Videiras, mediante fosa séptica.	
- Mourazos: actualmente ten unha fosa no regato da Batoca, e estase executando a construción dunha pequena EDAR que pronto estará en funcionamento, vertendo as augas previamente depuradas o Támega.	
- Queirugas: verte a unha fosa situada ao sur do núcleo no regueiro de Queirugas.	
- Tamagos: dispón da súa propia EDAR, vertendo as augas, unha vez depuradas, ao río Támega.	
- Tamaguelos: verte a unha fosa xunto ao río Támega.	
- Vilarmaior: envía as augas a unha fosa situada ao norte do núcleo, xunto ao Regueiro de Gondulfes.	
Elementos condicionantes	
Dificultades ou carencias de información	



Análise do sistema urbano-relacional	Variable: SISTEMA DE INFRAESTRUTURAS DE SERVIZO
3.2.5. Sistema de infraestruturas de servizo, sistema de xestión de residuos sólidos	
Elementos analizados	Información gráfica

A. Características xerais; B. Servizo de evacuación de residuos sólidos urbanos; C. Vertedoiros

Infraestrutura de xestión de residuos sólidos urbanos

Características globais

A. Características xerais:
O concello de Verín ten contrato coa Sociedade Galega do Medio Ambiente S.A. (SOGAMA).
Segundo o seu índice Ic: 0,35 estaríamos ante un tipo de recollida **Semiurbana** tal e como se define no Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020.

B. Servizo de evacuación de residuos sólidos urbanos:
Conta no termo municipal cun punto limpo no Parque Empresarial de Pazos xestionado pola empresa CONGALLE, así como cunha microplanta de transferencia de residuos.

- Recollida da fracción xenérica (Mancomunidade de Verín): en tódolos núcleos cunha frecuencia de entre dous a tres días por semana agás na capital que é diaria.
- Recollida dos envases (Deputación Provincial de Ourense): en tódolos núcleos cunha frecuencia dunha vez cada 15 días agás en Pazos que é unha vez á semana e en Verín que é martes-venres.
- Recollida do Vidro (DANIGAL): en diversos núcleos ademais da capital con recollida á demanda.
- Recollida de papel-cartón (CONGALLE): en Verín, Pazos, Feces e o Polígono de Pazos cunha frecuencia de entre 5 a seis veces ao mes.

C: Vertedoiros de RSU clausurados:
Os vertedoiros clausurados son:

- O vertedoiro municipal de Santa Marta (633660, 4646320) clausurado no ano 2004
- O vertedoiro de San Ciprián clausurado.

Elementos condicionantes

Dificultades ou carencias de información

Na memoria informativa se recollen os datos de consumo de materiais aínda que non son de todo completos.

Análise do sistema urbano-relacional	Variable: SISTEMA DE INFRAESTRUTURAS DE SERVIZO
3.2.6. Sistema de infraestruturas de servizo, rede de subministración de enerxía eléctrica	
Elementos analizados	Información gráfica

- A. Características xerais
- B. Rede de subministración da enerxía eléctrica

Características globais

A. Características xerais:
Nivel de servizo medio respecto do conxunto provincial e por tanto da comunidade autónoma. Insuficiente integración nas estruturas de ordenación subrexionais e na insustentabilidade dos procesos emerxentes de ocupación dispersa.

B. Rede de subministración da enerxía eléctrica:
Todos os núcleos do concello dispoñen de subministración de enerxía eléctrica. A empresa subministradora é Unión-Fenosa. O abastecemento –con tensión de 2.000 voltios, en media e 380 en baixa- é de boa calidade, por regra xeral.
Atopamos varias liñas de alta tensión (70000v V.) que penetran no solo urbano ata un centro de transformación que na actualidade está absorbido pola malla urbana, situado na Avenida de Portugal


Elementos condicionantes

Dificultades ou carencias de información

Esquema de rede de subministración de enerxía eléctrica



Análise do sistema urbano-relacional	Variable: SISTEMA DE DOTACIÓNS URBANÍSTICAS
3.2.7. O sistema de espazos libres e zonas verdes	
Elementos analizados	Información gráfica
A. A oferta actual de espazos libres e zonas verdes. B. O sistema xeral de espazos libres e zonas verdes existente. C. O sistema local de espazos libres e zonas verdes existente. D. Os parques forestais e/ou áreas fluviais. E. Parámetro comparativo.	
Características globais	
A. A oferta actual de espazos libres e zonas verdes: A oferta actual de espazos libres sitúase preferentemente na ribeira baixa do río Tamuxe: a área recreativa das Aceñas e o parque das Pías, e dous espazos de menor entidade vinculados ao núcleo urbano do Calvario: a área recreativa da Soberbia e a Alameda. B. O sistema xeral de espazos libres e zonas verdes: Son os parques urbanos , distinguíndose entre: - Grandes parques : paseo-praia fluvial e espazo deportivo do río Támega - Pequenos parques alameda, praza do Concello, praza Maior, Marxe dereita do río Támega e a Marxe esquerda do río Támega C. O sistema local de espazos libres e zonas verdes: Diferéncianse dous tipos: Áreas de estancia : atópanse dez (10) en ámbito urbano: rueiro na confluencia de rúa Maior e Luís Espada, Praza da Mercé, Rueiro Capela de San Lázaro, Rueiro na confluencia de Amaro Refojo e M. Carrero, rueiro na confluencia de R. do Lavadoiro e Rosalía de Castro, espazo libre na rúa Constitución, espazo libre na rúa Irmáns Lasalle, espazo libre na Biblioteca Municipal, espazo libre na Biblioteca de Portugal, espazo libre asociado ao centro ocupacional; e pequenas estancias en ámbito rural ou parroquial nas seccións censuais de Pazos, Verín nordeste, Verín sur e Verín cemiterio. As seccións de Verín administrativo, Verín balnearios teñen os espazos como trama urbana e Verín centro de saúde carece destas áreas. Áreas de xogo . No centro urbano estas áreas son moi escasas, sendo no termo municipal de Verín de dimensións superiores ás habituais, entre os 1.000m² e os 13.000m², nas seccións censuais de Pazos, Verín Nordeste, Verín Sur e Verín centro de saúde. D. Os parques forestais e/ou áreas fluviais: Dúas áreas recreativas fluviais e forestais identificadas: o Campo dos Remedios e a área recreativa fluvial en Tintores. E. Parámetro comparativo. Contémplase o parámetro referido na LOUGA para o cumprimento do estándar de sistemas xerais de espazos libres (15 m² por cada 100 m² t. resid.) e que para un concello como o de Verín, que conta cunha superficie de solo urbano de máis de 5 millóns de m² e uns 1.275.000 m² edificadas residenciais estimados, requiriríase de 191.250 m² de espazos libres para cumprir a Lei. Utilizando os parámetros comparativos da cidade-vila sostible se debe falar de como mínimo 20 m²/hab de espazos libres, así o concello presenta serios déficits se aplicamos os m² requiridos pola Lei, segundo o teito edificado e a poboación á que deben servir. Deste xeito, os m² “edificados” e a poboación do municipio no chegan aos estándares establecidos como óptimos ou recomendables, pois os 135.000 m² libres para os 12.917 hb supoñen uns 11m²/hb nun municipio cun total de 900.000 m² residenciais construídos, así os 135.000 m² básicos e requiridos por lei quedan curtos, para a poboación de Verín, que se establece en 12.917 hb.	
Elementos condicionantes	- Falta dun verdadeiro sistema de espazos libres, acorde coa súa dimensión cuantitativa e cualitativa. - A dotación de espazos libres e zonas verdes de uso e dominio público en relación ao parámetro comparativo considerado é claramente insuficiente, polo que sería necesario, como mínimo, triplicar a oferta actual.
Dificultades ou carencias de información	



Distribución dos espazos libres no Termo Municipal de Verín

3.2.8. O Sistema de Equipamentos Comunitarios


Elementos analizados	Información gráfica
----------------------	---------------------

A. Oferta actual de equipamentos comunitarios

Características globais

A. Oferta actual de equipamentos comunitarios: Subdivisión en cinco (5) tipos: asistencial, deportivo, educativo, sanitario e sociocultural.

TIPO	XERAL	LOCAL
ASISTENCIAL	Centro ocupacional da comarca	
DEPORTIVO	Pavillón polideportivo e piscina municipal	Campo de fútbol de Tintores
	Piscina municipal non cuberta	Campo de fútbol de Feces de Abaixo
	Zona deportiva municipal a Granxa	Pequenas pistas deportivas
EDUCATIVO	IES) nº1 ou Castro Barancelli	
	IES García Barbón	
	IES Taboada Chivite	
	CEIP Princesa España	
	CEIP Amaro Refojo	
	Colexio Mº Inmaculada (concertado)	
	Colexio "Apostólico Mercedarios" Padres Mercedarios	
	Escola de Ensino Infantil de Fece de Abaixo	
	Escola de Ensino Infantil de Mandín	
	Escola de Ensino Infantil de Amaro Refojo	
	Centro de formación e recursos	
SANITARIO	Hospital comarcal de Verín	
	Centro de saúde de Verín)	
SOCIOCULTURAL	Casa da Xuventude e biblioteca	Sociocultural Queirugas
	Edificio público polivalente	Centro cultural de Cabreiroá
	Centro social da terceira idade	Tele club Abedes
	Casa do asistente	Cultural de Tintores
		Casa do pobo de Tintores
		Centros sociais de Queizas e Tamagos
		Local social de Tamaguelos
		Asociación de mulleres rurais



Distribución de Equipamentos no Termo Municipal de Verín

Deportivos: a oferta deportiva existente no concello de Verín presenta un estándar excelente, aparentemente. Porén, sería preciso a implementación de equipamentos deportivos ou zonas deportivas nas seccións censuais carentes deles.

Educativos: a oferta educativa amosa un resultado aceptable, pois os umbrais de aparición deste tipo de dotacións son relativamente elevados. Sería conveniente a realización dun estudo de necesidades, acerca da demanda de prazas de gardería, en oferta pública.

Sanitarios: a oferta sanitaria presenta uns niveis en xeral, a todas vistas aceptable, pois os umbrais de aparición deste tipo de dotacións son relativamente elevados.

Socioculturais: a análise da situación actual realízase a nivel das seccións censuais e amosa un resultado acorde coa distribución territorial dos mesmos.

Asistenciais: a oferta de equipamentos asistenciais está moi por debaixo do parámetro estimado como desexable.

Elementos condicionantes

- Falla dun estudo da demanda de prazas de gardería, considerada a súa existencia como un parámetro de calidade diferencial.

Dificultades ou carencias de información
--

Análise do sistema urbano-relacional	Variable: SISTEMA DE ASENTAMENTO
3.2.9. O Sistema de asentamento: o medio urbano	
Elementos analizados	Información gráfica

A. Características xerais.

Características globais

A. Características xerais:

A concepción dun modelo de cidade compacta, nace do recoñecemento da morfoloxía do actual asentamento da cidade, xurdida nun cruzamento de camiños (N-525/N-532), valorando a cidade herdada e consolidada como referente para o establecemento deste novo modelo. Modelo que se define en dúas actuacións concretas e relacionadas, por un lado procurando a compactación dos baleiros existentes xurdidos dun crecemento a través das vías de comunicación, para crear unha verdadeira trama urbana que articule a cidade na que cobra grande importancia a nova ronda interior, e por outro lado, na definición de novas centralidades apoiadas nos asentamentos tradicionais (integrándoos na cidade) e nas grandes zonas equipamentais, tanto existentes como propostas, seguindo criterios de sustentabilidade ao considerar a recuperación dos barrios e solos en desuso, intentando articular o desarticulado para ordenalo e propoñendo un modelo territorial non expansivo senón de contención, apostando pola creación de cidade a partir dos equipamentos comunitarios e non a través da vivenda. Deste xeito defínense catro novas centralidades:



- 1 Zona oeste, esta nova centralidade defínense nas seguintes actuacións, integración do núcleo rural de Pazos (no que se delimita un PEPRI) na trama urbana, creación de novos equipamentos de carácter local, definición do corredor de San Lázaro que conectará o Barrio de Pazos co centro histórico e creación de novos viarios que articulen a zona.
- 2 Zona sur, centralidade apoiada na grande zona equipamental sur Institutos e como articulación do barrio de Os Coutos por medio da circunvalación sur, e viario de carácter local e o parque dos Coutos.
- 3 Zona leste, San Roque esta nova centralidade defínese nas seguintes actuacións, a creación dunha nova zona equipamental asistencial e a definición dos corredores verdes do Marban e os Balnearios.
- 4 Zona norte, centralidade para a articulación da área equipamental hospitalaria do norte da cidade, articulación definida pola ronda interior e os corredores do Marbane do Casco Histórico.

Elementos condicionantes

- O crecemento lineal sobre o viario principal dá lugar a grandes baleiros na trama urbana.
- A concentración parcelaria
- A irrupción de referentes formais sobre un soporte de orixe rural (preindustrial).


Dificultades ou carencias de información

Modelo asentamento no concello de Verín




Análise do sistema urbano-relacional	Variable: SISTEMA DE ASENTAMENTO
3.2.10. O sistema de asentamento: o medio rural	
Elementos analizados	Información gráfica
A. Características xerais. B. Unidades morfolóxicas homoxéneas. C. A edificación no medio rural.	
Características globais	
A.Características xerais: Todos os núcleos teñen un inequívoco carácter tradicional, aínda agora, cando as edificacións que se van inzando no seu interior xa non teñen o carácter tradicional de outrora. Os núcleos do concello agrúpanse en quince (15) parroquias: Tintores (Tintores e Vilela), Vilarmaior do Val (Vilarmaior, Caldeliñas e O Salgueiro), Queirugás, Verín (urbano), A Rasela, Ábedes, Pazos (urbano), Queizás (parte en urbano), Cabreiroá, Tamagos, Tamaguelos, Mandín, Feces de Cima e Feces de Abaixo.	
B. Unidades morfolóxicas homoxéneas: Identificación e cualificación de unidades morfolóxicas homoxéneas, constituíndo de seu unha verdadeira síntese ambiental dun espazo de alta diversidade paisaxística, aínda cando estamos a falar dun territorio de extensión cativa respecto da comarca e provincia. As unidades identificadas foron as seguintes: O sistema do río Támega.- O sistema do río Támega constitúe un marco bioxeográfico que permite poñer en relación diferentes hábitats que atravesan o río e os seus tributarios, creando un gran corredor ecolóxico de todo o val e das serras que o circundan. O Támega é un río internacional que nace a 900 m. en terras de Tamicelas, baixando encaixado, salvando ata a súa unión co río Barxa unha pendente do 8.5%; por Castro e Laza abre o seu val, recibindo o río Carraxo e formando unha ampla veiga, axudado polo río Correchouso que se lle une pola esquerda. Vólvese a encaixar un pouco nun treito por Nocado do Val, ata abrirse na chaira de Verín e Monterrei e sen case fender a canle adaptada á chaira desta zona. O Val.- As ribeiras do Támega e mailo Ábedes dan paso a unha zona de pendentes moi moderadas onde se atopan os principais e mellores solos agrícolas, conformando un mosaico de emparrados, cultivos e prados, rodais de arborados, núcleos de poboación, vivendas illadas, construcións diversas, naves industriais e de servizos, e os viarios de comunicación. As Serras.- O territorio verinés ascende ata as ladeiras que entran en contacto co val e presentan pendentes fortes, onde temos outeiros, lombos e montoutos como Outeiro da Cruz 469 m, Alto do Circo 621 m, Outeiro do Veado, Lombo de Santa Marta, do Coto, e ladeiras e cumios por riba dos 700 metros como o Monte Maior 774 m, A Cabeciña 744 m, os cales entran en contacto inmediato coas serras do rebordo, con cumios sobre os 1.000 metros.	
C. A edificación no medio rural: A tipoloxía tradicional dos núcleos responde ao modo de vida rural, baseado na agricultura de autoabastecemento ou de subsistencia. Son núcleos con rúas moi estreitas e irregulares, condicionadas pola topografía do terreo. As casas típicas do interior ourensán tiñan dúas plantas e normalmente adosadas a outras inmediatas, construídas con sillares ou con cachotes, con cuberta de tella de dous ou catro vertentes, e posúe escaleira exterior con fortes chanzos de pedra e galería aberta, con balaustrada de madeira. O curral e as cuadras sitúanse na planta inferior, namentres a superior se adica á vivenda. Ata a década dos sesenta do século vinte non se produciu unha modificación significativa no modelo de casarío. O comezo da corrente emigratoria cara a Europa e cara as rexións máis desenvolvidas de España, que nese período eran Cataluña, Euskadi e Madrid, marcou un cambio do modelo: ten lugar unha perda de valor da actividade agraria e experimentase un maior interese en novos usos, que propiciaron numerosas actuacións onde non se preservou a tipoloxía tradicional, empregando materiais alóctonos, alterando escalas e introducindo novos elementos distorsionadores dos elementos tradicionais. Os núcleos rurais tradicionais máis afastados das principais vías de comunicación mantiveron os usos tradicionais e mantiveron unha dinámica constante, tendendo cara o despoboamento. A expansión destes núcleos rurais sobre os viarios de acceso ás principais vías de comunicación e sobre estas levou á formación de núcleos continuos, aínda con certo matiz no grao de urbanización	
Elementos condicionantes	
Dificultades ou carencias de información	

Entidades de poboación inframunicipais recoñecidas no T.M. de Verín




Análise do sistema urbano-relacional	Variable: SISTEMA DE ASENTAMENTO
3.2.11. O sistema de asentamento: o medio industrial	
Elementos analizados	Información gráfica
A.Características xerais. B. Polígonos industriais: - O polígono de Pazos - O novo polígono de Tamagos C. A Actividade Industrial Existente.	
Características globais <u>A.Características xerais:</u> O concello de Verín caracterízase polas políticas postas en marcha actualmente pola Xunta (IGVS), en materia produtiva, coa implantación do parque empresarial de Tamagos, así como a ampliación do actual parque empresarial de Pazos, actuacións que permitirán a creación de emprego e que polo tanto servirán para a fixación de poboación para o concello <u>B. Polígonos industriais:</u> - O polígono de Pazos No polígono industrial de Pazos, propónse unha ampliación dentro do Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais, ampliación denominada como “Modificación puntual do Plan Sectorial de Ordenación das Áreas Empresariais”, en fase de redacción. A oferta actual da Área funcional de Verín está concentrada no propio municipio de Verín. Esta oferta contabiliza 13 Ha de solo clasificado, xestionado por Xestur Ourense. Respecto ao número de parcelas, encóntranse urbanizadas a totalidade das mesmas, sen que reste unha oferta significativa de parcelas libres. - O novo polígono de Tamagos Dentro do proxecto “Galiza Suma” , proxecto conxunto da Consellería de Vivenda e Solo e da Consellería de Innovación e Industria, que nace co obxectivo de planificar e deseñar o solo empresarial e acadar que toda empresa dispoña do mesmo para a súa implantación e expansión, inscríbese o novo polígono de Tamagos. Á oferta de solo do polígono de Pazos, engádese á actuación adicional prevista polo IGVS de aproximadamente 100 Ha, localizado a carón do núcleo rural de Tamagos. <u>C. A actividade industrial existente:</u> - Ampliación das existentes: zona de Sousas, zona de Cabreiroá e a zona sur, ao carón da centro de transporte. - Consolidación: zonas industriais apoiadas na N-525, zona de Fontenova - Transformación: zona norte, xunto ao núcleo da Rasela e zona sur, xunto ao núcleo de Queizás.	
Elementos condicionantes	
Dificultades ou carencias de información	

Polígono Industrial de Pazos, ampliación Polígono Industrial de Tamagos




Actividade Industrial existente



Análise do sistema urbano-relacional	Variable: PATRIMONIO CULTURAL
3.2.12. Patrimonio cultural. Elementos protexidos	
Elementos analizados	Información gráfica
A. Antecedentes. B. Elementos catalogados. C. Ámbitos patrimoniais salientables.	
Características globais	
A. Antecedentes: O catálogo hoxe en día en vigor no concello é o das Normas C. e S. da provincia de Pontevedra (Publicadas no DOGA nº 135 do 16 de xullo de 1991). Neste catálogo establécense dúas tipoloxías a catalogar: arquitectura relixiosa e arquitectura castrexa, ademais da protección xenérica dos cruceiros, petos de ánimas, escudos, emblemas, etc., segundo o D. 571/63 do 14 de marzo; de hórreos, cabazos e cabaceiros, segundo o D 449/73 de 22 de febreiro; e de castelos e torres aos que se refire o decreto de 22 de abril de 1949. Este catálogo a todas luces é insuficiente e pasa por alto moitísimo patrimonio cultural do concello. Ademais hai que falar da declaración de BIC con categoría de monumento pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia o 3 de xuño do 1931, do Castelo de Monterrei, que aínda que se atopa no concello de Monterrei é un referente indiscutible de Verín e a súa comarca.	
B. Elementos catalogados: O catálogo do novo Plan Xeral está bastante ampliado, recollendo un total de douscentos seis (206) bens culturais de carácter arquitectónico; sesenta e sete (67) bens de carácter etnográfico; dez (10) infraestruturas; un (1) espazo singular; e trinta e cinco (35) xacementos arqueolóxicos, o que fai un total de trescentos dezanove (319) bens de interese protexidos no concello. Os bens de carácter arquitectónico correspóndense cunha (1) casa vilega, cento setenta e unha (171) construcións civís, dous (2) cemiterios, dous (2) conxuntos históricos, cinco (5) mananciais, catro (4) muiños, unha (1) muralla e dezanove (19) construcións relixiosas. Os bens de carácter etnográfico son tres (3) adegas, dúas (2) construcións civís, un (1) chapitel, quince (15) cruceiros, quince (15) fontes, sete (7) fornos, dous (2) lagares, sete (7) muiños, dous (2) petos de ánimas, un (1) pombal, oito (8) pozos e un (1) marco. As infraestruturas fan referencia un (1) Camiño de Santiago, outra (1) a industria e oito (8) pontes. O espazo singular refírese a un (1) espazo arborado. Os xacementos están constituídos por un (1) achado solto, quince (15) asentamentos, oito (8) castros, un (1) lugar cultural, unha (1) muralla, dúas (2) necrópoles, e seis (6) petróglifos,	
C. Ámbitos patrimoniais salientables: No concello de Verín considéranse tres ámbitos patrimoniais que han de ter unha protección específica: 1. O Casco Histórico de Verín. 2. Vila de Pazos. 3. Os mananciais e balnearios: manancial de Sousas, balneario de Fontenova, Fonte do Sapo, balneario de Cabreiroá e balneario de Caldeliñas. Ademais é de salientar o castelo de Monterrei, que aínda que non pertence ao concello, hoxe en día é un referente importante para toda a comarca.	
Elementos condicionantes	
Dificultades ou carencias de información	

Cartografía dos elementos de interese da paisaxe cultural de Verín



3.3. ANÁLISE DO SISTEMA SOCIOPRODUTIVO	Variable: POBOACIÓN
--	---------------------

3.3.1. A poboación

Elementos analizados	Información gráfica
----------------------	---------------------

- A. Poboación actual (evolución 1900-2004).
- B. Proxección da poboación (proxección demográfica).
- C. Estrutura da poboación.
- E. Movementos naturais da poboación.
- F. Movementos migratorios.
- G. Instrución da poboación.

Características globais

A. Poboación actual: **dinámica poboacional** de traxectoria positiva no conxunto do concello.

B. Proxección da poboación: a **proxección da poboación**, sen ser excesiva, é positiva e con tendencia constante.

A estrutura da súa poboación pódese considerar evolucionada, cunhas baixas **taxas de natalidade** e cunha alta porcentaxe de **poboación de maiores** que manteñen unha elevada esperanza de vida.

C. Estrutura da poboación: o concello presenta un volume maior de defuncións que de nacementos, polo que o seu **saldo vexetativo** é, para o ano 2004, negativo.

Índice de avellentamento Verín ten o índice máis baixo de envellecemento, máis preto dos índices do total galego –128,3%, e máis afastado do valor provincial (194 %) e aínda moito máis distante dos concellos que integran a súa comarca.

Índice de dependencia alto, aínda que “baixo” con respecto ao provincial e comarcal, amosando un 51,8 % para o ano 2001 e un 50,9% para o 2002.

O **índice de infancia**, cun 13,7%, é certamente positivo, dobrando os valores do conxunto comarcal.

O **índice de dependencia da infancia** de Verín é de 20,7% no ano 2002 superando os valores dos concellos que integran a comarca e 3 puntos máis que os valores para o conxunto galego.

O **índice de xuventude** de Verín é de 20,5%, moi parello ao valor do 21,5% da poboación xuvenil galega e distanciándose dos valores comarcais.

Aínda que o **índice de estrutura da poboación en idade potencialmente activa** semella un valor baixo a nivel estatístico pero certamente positivo, segundo os valores amosados para a comarca, e máis aínda, se tomamos a referencia do conxunto galego que se sitúa no 117,2%.



E. Movementos naturais da poboación: polo que se refire aos **índices de reemprazo da poboación en idade potencialmente activa** volve a superar as porcentaxes (124,6%), posto que Verín está tres puntos por riba, respecto ao conxunto galego (121,6%).

F. Movementos migratorios: baixa porcentaxe de **inmigración interior**. A maioría procede da mesma Comunidade Autónoma, un 63%; correspondendo a unha porcentaxe do 48% da poboación nova en idade laboral, polo que son poboadores “activos” ou non dependentes. Baixa porcentaxe de **inmigración exterior**. Baixa porcentaxe de **emigración interior**, sendo a maior parte poboación activa. En conxunto, neste concello dáse un saldo migratorio positivo. Non se tivo en conta a **emigración exterior**, que ten escasa relevancia.

G. Instrución da poboación: Pódese concluír que Verín presenta uns **niveis formativos** aceptables, aínda que cunhas altas porcentaxes de poboación sen estudos, que van moi asociadas ás persoas de maior idade que supoñen un 20% da poboación.

Elementos condicionantes

Dificultades ou carencias de información
--



3.3.2. Parque sociorresidencial

Elementos analizados	Información gráfica
----------------------	---------------------

- A.Evolución do parque de vivendas
- B. As licenzas de construción
- C. Características da vivenda
- D. Os fogares

Características globais

A. Evolución do parque de vivendas:

Dinamismo no crecemento do parque de vivendas na comarca de Verín. O incremento das vivendas entre 1960 e 2001, no conxunto municipal, é do 210%; con todo, o incremento das vivendas na vila é do 512,4%, fronte ao tan 24,6% do resto municipal. O conxunto comarcal incrementa as súas vivendas censadas nestes 50 anos nun 63%, cifra máis próxima aos valores parroquiais que aos valores da vila de Verín.

B. As licenzas de construción:

Entre 1995 e o ano 20052 o total de licenzas relativas á construción suman un total de 2.330 no conxunto municipal, das que o 50% están localizadas no tramado urbano de Verín. deste conxunto de licenzas de construción, o 65% está referido a vivendas, polo que o restante 35% desagregase entre 13% para construción de naves, 7% galpóns e o 15% para peches e muros.

C. Características da vivenda:

Neste concello agrúpanse o 41% dos edificios da comarca toda. Verín como concello vén determinado pola tramada urbana da parroquia que acubilla o 52% dos edificios do concello fronte ao 48% dos edificios repartidos polas outras 14 parroquias. O parque edilicio está en bo estado de conservación -90%-. Segundo as alturas dos edificios, contamos cunha media de 3 e 4 alturas na vila e de 1 e 2 alturas nos edificios das parroquias non urbanas. Ningún núcleo ou parroquia, agás Verín, excede as tres alturas.

No conxunto comarcal o 98% dos edificios destinados a vivenda conta con auga corrente de abastecemento público, o 1% con abastecemento privado e o 1% restante non conta con abastecemento. Os servizos públicos de evacuación de augas residuais presentan un servizo de rede de sumidoiros nunha porcentaxe do 97% para o agrupado comarcal e outro tanto para o concello. As porcentaxes dos edificios destinados a vivenda que contan con auga quente central a nivel comarcal sitúase no 58%.


No concello verinés o 56% das vivendas teñen unha superficie estimada entre os 76 m² e os 105 m².

D. Os fogares:




Do 41% dos fogares verineses, unha porcentaxe do 75% está constituída por unha soa familia sen outras persoas, e o 20% son fogares unipersoais fronte ao 69% dos fogares da comarca, agás no concello de Verín que están constituídos por unha familia sen outras persoas, unha porcentaxe do 30%, 10 puntos por riba, os concellos da comarca sen contabilizar Verín.

Elementos condicionantes

Dificultades ou carencias de información



² Agsoto-setembro de 2005.

Análise do sistema socioproductivo		Variable: ESTRUCTURA PRODUCTIVA
3.3.3. Sistema productivo		
Elementos analizados		Información gráfica
A. Características xerais B. A Evolución da poboación C. O Emprego local e o emprego nas áreas limítrofes D. Estructura sectorial do sistema productivo E. A ocupación por ramas de actividade F. O tecido empresarial G. O medio natural e o aproveitamento agrario, forestal e medioambiental		Concello de Verín, ocupación por sectores. 2004  Resto da comarca de Verín, ocupación por sectores, 2004  Comarca de Verín. Empleo por principais ramas de actividade. 2004. 
Características globais		
A. Características xerais: o desenvolvemento económico do municipio de Verín está estreitamente vinculado á expansión urbana da vila, que á súa vez está asociado á consolidación do seu papel como cabeceira comarcal, cuxa influencia reborda á propia comarca e chega ás comarcas limítrofes, nun momento no que se configura unha boa parte do novo tecido terciario público e tamén privado. B. A evolución da poboación: dúas evolucións claramente contrapostas. Por un lado, o concello de Verín, experimenta un suave pero constante crecemento na súa poboación, mentres que os demais concellos, rurais e de pouca poboación, evolucionan no sentido contrario, cunha forte perda de poboación C. O emprego local e o emprego nas áreas limítrofes: tanto en Verín como no resto da comarca, é moi superior a cifra de ocupados do censo de poboación que a de cotizadores na Seguridade Social. A estrutura productiva de Verín amosa, á altura de 2001, un concello fortemente terciarizado, onde dous terzos da poboación do concello traballan no sector servizos, mentres que a SS reflicte que o 60% dos afiliados no concello realizan actividades terciarias. É neste sector onde se producen maiores diferenzas entre as dúas fontes de datos, tendo maior peso o sector servizos nos datos do Censo, o que fai que os outros sectores teñan un peso inferior aos da SS. D. Estructura sectorial do sistema productivo: predomina o sector terciario, de forma moi marcada no concello de Verín. Estructura productiva cun peso moi importante do sector agrario e da construción e un peso modesto da industria e dos servizos, en comparanza coa distribución típica de calquera economía desenvolvida e tamén da galega. E. A ocupación por ramas de actividade: a <i>construción</i> xunto co <i>comercio ao por menor</i>, son as ramas de actividade que máis afiliados empregan; <i>agricultura</i> é a terceira rama, seguida de varias actividades terciarias. A primeira rama industrial é a <i>industria da confección</i>, en décimo lugar. Comparando co ano 2001, pódese apreciar como o <i>comercio ao por menor</i> medrou en máis de cen novos empregados nestes tres anos; xunto coa industria da madeira son as ramas que maior crecemento amosan en termos absolutos. A <i>agricultura</i> perdeu peso, mentres que a <i>hostalería</i> e o <i>comercio ao por maior</i> aumentan en 49 afiliados. A rama que máis emprego perde é a <i>industria da confección</i>, posto que reduce a actividade en 113 afiliados, que pode deberse ao cambio de localización da actividade ou dáse, dalgunha relevante empresa de confección verinense. Outras actividades industriais experimentan aumentos moderados, movéndose en niveis modestos. F. O tecido empresarial: lixeira redución do número de empresas nestes tres anos. Tecido empresarial dominado polas microempresas. Merece a pena salientar, en todo caso, a existencia de 6 cooperativas. Por ramas salientan as de comercio ao por menor, as da construción, e as da hostalería. G. O medio natural e o aproveitamento agrario, forestal e medioambiental: sector de vocación tradicionalmente agrícola e con baixa especialización gandeira. O territorio do concello de Verín, en cambio, goza das partes máis fértiles e do clima máis benigno da comarca. Presenta unha importante produtividade potencial, sobre todo en comparanza con boa parte do oriente galego. O monte, constituído por bosques e matos, é unha das riquezas paisaxísticas, ecolóxicas e económicas da comarca.		
Elementos condicionantes		
Dificultades ou carencias de información		

3.4. DIAGNOSE FAFO

FEBLEZAS
Respecto do impacto da acción humana na configuración dos usos do solo no Termo Municipal - Intensificación dos procesos de dispersión poboacional o cal limita a optimización de custos de infraestruturas e servizos - Crecemento urbanístico oportunista, que se serve do mallado do parcelamento como soporte - Monocultivos forestais con especies alóctonas e incendios forestais - Terreos agrícolas en desuso e con boas condicións para o seu cultivo - Dependencia enerxética de combustibles fósiles - Aumento do uso de fertilizantes e pesticidas que carrexan un maior consumo de auga e unha potencial contaminación das augas - Incremento de emisión de gases efecto invernadoiro Respecto da estrutura socioeconómica local - Evolución demográfica negativa, progresivo envellecemento da poboación. Aumento da poboación dependente, respecto da activa. - Éxodo da xuventude - Perda de peso do sector agrogandeiro - Tamaño reducido de explotación e empresas Respecto da regulación da actividade urbanística - Falla dun acaído planeamento urbanístico para o ordenamento e regulación da actividade urbanística futura (obsolescencia) Respecto da estrutura urbanística municipal - Baixo crecemento do sistema de infraestruturas en relación ao crecemento da cidade - Demanda interna da mellora da accesibilidade viaria exterior - Expansión da estrutura urbana unicamente ao longo dos corredores de acceso ao núcleo principal - Ausencia de dotacións asistenciais para maiores - Ausencia dun verdadeiro sistema de espazos libres - Necesidade de ampliación e reforzo das redes locais de infraestruturas de servizo Respecto da protección e posta en valor dos recursos patrimoniais locais - Escaso aproveitamento dos recursos patrimoniais Respecto da protección e posta en valor dos recursos naturais locais - Escasa protección dos valores naturais – Só o % da superficie municipal está incluída dentro de espazos protexidos - Impactos paisaxísticos crecentes - Carencia de Plan de Xestión ou de usos do espazo protexido - O impacto paisaxístico das minas - Existen un total de especies ameazadas na cuadrículas UTM que inclúe o territorio de Verín - Dificultadas para atender o abastecemento urbano da mancomunidade de Verín

AMEAZAS
Producidas pola carencia de políticas de artellamento no espazo de relación subrexional - Ausencia dunha visión territorial integrada que leve a desenvolver actuacións conxuntas entre os diferentes concellos en materias de coordinación territorial - Inexistencia de rede ferroviaria Producidas pola execución de determinados proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal - Previsibles impactos de ocupación na construción de infraestruturas viarias de alta capacidade Producidas pola intensificación de riscos e agresións en territorios próximos - Explotación irracional dos recursos forestais e aumento dos incendios - Aumento do risco de inundacións Producidos pola intensificación de usos - Perda de recursos naturais - Estrago e abandono de recursos naturais en territorios próximos - Impacto paisaxístico - Contaminación ambiental xeral - Contaminación agraria difusa incremento no uso de fertilizantes e pesticidas e aumento da estabulación do gando - Diminución da biodiversidade - Aumento das explotación mineiras

FORTALEZAS
Respecto das calidades ambientais do soporte territorial - Boas condicións climáticas e edafolóxicas para a produción agro gandeira de calidade - Riqueza e diversidade dos recursos naturais que constitúe un elemento de atracción - Existen produtos diferenciados con capacidade de exportación: auga mineral, viño de D.O., produtos hortícolas, gando ecolóxico. Respecto dos recursos naturais e culturais presentes no Termo Municipal - Grande diversidade territorial con riqueza de recursos naturais e paisaxísticos (paisaxes naturais e culturais, variedade de agrosistemas, produtos locais, augas mineiro medicinais, artesanía ...) - Espazos naturais protexidos integrantes na Rede Natura do río Támega, asociados a canles e masas de auga - Existen hábitats de interese prioritario dos hábitats catalogados pola Directiva 92/43/CEE - A presenza do río Támega e a súa ribeira como hábitat fluvial de calidade. - Espazos naturais protexidos transfronteirizos - Grande riqueza de augas mineromedicinais - Patrimonio cultural de alto interese, tanto material (arquitectónico, etnográfico –BIC Castelo de Monterrei-, e arqueolóxico), como a xa escasa representación de patrimonio inmaterial - Grande riqueza e variedade paisaxística - Camiño de Santiago - Terreos agrícolas en desuso e con boas condicións para o seu cultivo Respecto da utilización destes recursos - Espazo rural dinámico, a pesares da perda de peso do sector agrogandeiro - Alta calidade hortofrutícola: viño, horta,,..., incluso dende a implantación de denominacións de orixe e identificacións xeográficas protexidas (D.O. Monterrei) - Alta calidade das súas augas minerais Respecto da valoración turística destes recursos - Valoración positiva na integración do patrimonio. - O rico pasado termal non ten hoxe un reflexo na vila, polo que fanse imprescindible formulacións de proxectos de mellora e creación e desenvolvemento de iniciativas que posibiliten unha industria termal vinculada aos recursos das augas. - Presenza crecente nos mercados turísticos do termalismo, o Camiño de Santiago, a paisaxe, a cultura, a caza e a pesca, - A calidade natural: grandes posibilidades futuras como destino turístico relacionado coa natureza e a auga.

OPORTUNIDADES
Respecto da localización xeoestratéxica do Termo Municipal - Posición xeográfica que aproveita as conexións coa meseta. - Posición xeográfica fronteiriza que aproveita as sinerxías co norte de Portugal como Eurorrexión - Dinamismo na Eurorrexión: creación da eurocidade Chaves Verín - A función do Támega como recurso natural común con Portugal - Existencia de recursos naturais competitivos: auga mineral, viño, gandería ecolóxica, madeira. Respecto do incipiente desenvolvemento de políticas de coordinación interadministrativa - Proxección internacional do concepto de eurocidade Producidas pola execución de determinados proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal - Previsibles impulso económico na comarca Respecto da sensibilización ecolóxica social - Aprecio dos valores naturais e paisaxísticos - Demanda de servizos de ocio relacionados co medio natural - Demanda de servizos de ocio relacionados co turismo termal - Demanda de produtos agrarios de calidade e diferenciados - Integración dos valores de sustentabilidade no sistema produtivo agrario Respecto do traslado da sensibilidade ecolóxica social á lexislación e ás políticas activas - Existencias de leis para a conservación e defensa do patrimonio cultural e ambiental - Extensión e mellora dos réximes de protección dos espazos naturais - Fomento das relacións interadmnistrativas transfronteirizas en materia ambiental - Fomento da formación específica en materia ambiental - Establecemento de políticas de prevención, corrección e diminución dos impactos paisaxísticos - Ordenación da actividade turística a partir da especial valoración dos recursos ambientais e paisaxísticos, feito que incide no recoñecemento da paisaxe (natural e cultural) como recurso turístico estratéxico de primeira orde.

3.5. CONDICIONANTES XERAIS E AMBIENTAIS RESULTANTES DA ANÁLISE REALIZADA.

VARIABLE	ELEMENTOS ESTRATÉXICOS OU CONDICIONANTES DO TERRITORIO	FUNCIONALIDADE
PAISAXE	- Existencia dunha grande riqueza e variedade paisaxística do territorio con caracter xeral. - Valorar e protexer os espazos naturais, a vexetación, os usos singulares do territorio, os fitos naturais, os corredores ecolóxicos, etc, como compoñentes principais da caracterización paisaxística do territorio.	Preservar a alta calidade dunha paisaxe con fortes contrastes entre os vales e os rebordos de serra que os delimitan, e en especial os importantes fitos existentes no territorio, que requiren do establecemento de políticas de prevención, corrección e diminución dos posibles impactos.
NATUREZA	- Espazos naturais protexidos integrantes na Rede Natura do río Támega, e a súa ribeira asociados a canles e masas de auga como hábitat fluvial de calidade e a súa función como recurso común con Portugal. - Os hábitats de maior interese catalogados pola Directiva 92/43/CEE. - Espazos naturais protexidos transfronteirizos. - Os corredores ecolóxicos, os humidais, as zonas ambientais ou con vexetación de interese.	Garantir os corredores naturais; garantir a protección dos espazos de interese, garantir a protección da vexetación de ribeira, das sebes arboradas e do arborado autóctono. Garantir a protección das zonas de interese natural.
PATRIMONIO	- Patrimonio cultural de alto interese, tanto material (arquitectónico –BIC Castelo de Monterrei-, e xacementos arqueolóxicos relevantes), como a xa escasa representación de patrimonio inmaterial. - O Camiño de Santiago como elemento cultural de gran relevancia. - Outros elementos culturais: numerosos elementos ou conxuntos edificadados, construcións etnográficas e outros elementos de arqueoloxía.	Garantir a protección dos numerosísimos elementos culturais presentes no termo municipal tanto arqueolóxicos como arquitectónicos ou etnográficos.
ECONOMÍA	- A calidade natural: grandes posibilidades futuras como destino turístico a partir da especial valoración dos recursos ambientais e paisaxísticos que constitúe un elemento de atracción. - Presenza crecente nos mercados turísticos do termalismo, o Camiño de Santiago, a paisaxe, a cultura, a caza e a pesca como aspectos potenciados e valorados, de atractivo probado. - O rico pasado termal como fonte de formulacións de proxectos de mellora e creación e desenvolvemento de iniciativas que posibiliten unha industria termal vinculada aos recursos das augas. - Posición xeográfica fronteiriza que aproveita as sinerxías co norte de Portugal como Eurorexión. - Dinamismo e creación da Eurocidade Chaves Verín. - Existen produtos diferenciados con capacidade de exportación: auga mineral, viño de D.O., produtos hortícolas, gando ecolóxico.	Aproveitar a estratéxica localización do concello de Verín tanto con respecto á provincia como á Meseta e sobre todo no marco da Eurocidade respecto ao norte de Portugal, potenciando tanto a vila como centro de dirección, atratividade e prestación de servizos (como indican as DOT), como os espazos para actividades económicas baseadas nos seus produtos estrela característicos e nas súas potencialidades, para permitirlle unha gran competitividade que favoreza o seu desenvolvemento nos vindeiros anos. Necesidade de pular pola mellora e recuperación dos tecidos históricos, do patrimonio e o medio ambiente, e a súa potencialidade no eido termal e lúdico-cultural (Antroido), como fontes de recursos turísticos, e por tanto, económicos.

VARIABLE	ELEMENTOS ESTRATÉXICOS OU CONDICIONANTES DO TERRITORIO	FUNCIONALIDADE
MEDIO RURAL	- Grande diversidade territorial con riqueza de recursos naturais e paisaxísticos (paisaxes naturais e culturais, variedade de agrosistemas, produtos locais, augas mineiro medicinais, artesanía ...). - Boas condicións climáticas e edafolóxicas para a produción agro gandeira de calidade. - Alta calidade hortofrutícola: viño, horta,..., incluso dende a implantación de denominacións de orixe e identificacións xeográficas protexidas (D.O. Monterrei).	O medio rural constitúe un contorno de elevada calidade ambiental, e hoxe máis que nunca somos conscientes das vantaxes incalculables achegadas por un medio en bo estado de mantemento e produción, que evita moitos dos problemas e mesmo catástrofes que o aqueixan e garante melloras de tipo paisaxístico, visual, cultural, e mesmo fomenta unha educación de respecto ao medio e fomento da vida natural, e que á súa vez agocha ou mostra unha lección de historia sobre a construción do territorio ao longo de séculos como pouso dunha cultura que está en plena decadencia, pero que se pode recuperar como espazo de gran valor en tódolos eidos apuntados e para o aproveitamento das potencialidades que ten a zona no desenvolvemento de actividades agropecuarias do sector primario, e coa mellora, protección e potenciación dos distintos asentamentos (sobre todo as súas zonas tradicionais orixinarias), conforman unha gran fonte estratéxica e sinérxica de actividades complementarias.
MOBILIDADE	- Posición xeográfica estratéxica que aproveita as conexións coa meseta e as novas infraestruturas. - Necesidade de optimizar e potenciar os modos de transporte e infraestruturas, e as interrelacións entre as fontes de actividade, os asentamentos habitacionais ou residenciais e os principais destinos.	Necesidade de vertebrar o desenvolvemento urbanístico industrial vinculándoo aos máis importantes núcleos de poboación; manter e mellorar as conexións; necesidade de potenciar o transporte colectivo e reducir as necesidades de mobilidade motorizada.
ATMOSFERA	- Necesidade de aumentar a calidade atmosférica e ambiental. - Controlar as fontes emisoras, tratando de reducir as súas emisións perigosas ou distorsionadoras: gases de combustión ou de efecto invernadoiro, ruído, radioeléctricas, etc, para mellorar con caracter xeral a calidade do aire e controlar o cambio climático. - Emprego de enerxías renovables ou dispositivos de baixo consumo que reduzan as emisións.	A atmosfera é un ben común indispensable para a vida, respecto do cal todas as persoas teñen o dereito do seu uso e goce e a obriga da súa conservación. Pola súa condición de recurso vital e polos danos que da súa contaminación poden derivarse para a saúde humana, o medio ambiente e demais bens de calquera natureza, a calidade do aire e a protección da atmosfera leva sendo, desde fai décadas, unha prioridade da política ambiental.
CICLO HÍDRICO	- Necesidade de controlar a calidade, os usos e consumos deste recurso, a rede hídrica, os ríos e acuíferos. - Garantir o mantemento da riqueza e alta calidade das súas augas minerais e termais tan sensibles e características deste territorio. - Necesidade de controlar os verquidos e a súa depuración para manter a calidade das augas.	A auga é un recurso fundamental e a directiva marco da auga 2000/60/ce é a que establece o marco de actuación na política da auga, no consumo e dispoñibilidade dos recursos hídricos.
SOLO	- Necesidade de controlar os riscos de incendios e inundacións, protexer e optimizar as coberturas e usos do solo, - Controlar na medida do posible a extensión dos asentamentos e a nova urbanización (pero tendo en conta a súa necesaria dinamicidade como centro comarcal, e como referente provincial e transfronteirizo segundo as DOT).	Necesidade de ordenar e protección fronte á ocupación indiscriminada de solo (pero tendo en conta a súa funcionalidade prevista nas DOT) e necesidade de establecer unha precisa clasificación de solo rústico para protexer ditas características e poñer en valor aqueles elementos significativos. Necesidade de protexer o territorio e non aumentar os riscos de inundación e erosión, así como ter en conta estes riscos á hora de planificar.

4. DEFINICIÓN DOS OBXECTIVOS

4.1. NATUREZA TÉCNICA E XURÍDICA DO PLAN XERAL

O planeamento urbanístico, -a resultas da aplicación da lexislación exclusivamente urbanística, así recoñecida no acervo xurídico, político e finalmente cultural da sociedade española-, vén de constituírse nun conxunto xerarquizado de instrumentos técnico-xurídicos para a ordenación territorial da actividade urbanística. Como ferramenta ordenadora, e a efectos metodolóxicos, o planeamento urbanístico inscríbese dentro das disciplinas técnicas de planificación física, estendidas a ámbitos territoriais diversos; sendo obxecto desta planificación o ordenamento da **actividade urbanística**, entendida esta última como a organización, dirección e control da ocupación e a utilización do solo, a súa transformación mediante urbanización, a edificación e a rehabilitación do patrimonio inmobiliario, así como a protección da legalidade urbanística e a aplicación de réximes sancionadores.

O emprego de precisións legais introduce consideracións substantivas, xa que a maiores da compoñente científica que serve de base metodolóxica para a técnica planificatoria, esta vén de ser integrada nun complexo corpo xurídico que se inicia en 1956 coa *Ley del Suelo* e que remata -ata nova revisión- na derradeira lei autonómica. Consecuentemente a planificación e ordenación da actividade urbanística a través do planeamento establécese sobre un ámbito competencial (administración xeral do estado, autonómica e municipal) xuridicamente perfilado, desenvolvido sobre as bases constitucionais; con todo isto, quérese dicir que os instrumentos de planeamento son quen de **acadar a condición de norma xurídica de carácter regulamentario, xa que supoñen unha aplicación pormenorizada destes principios reitores -xenéricos e atópicos-, a un territorio particular**. Neste punto a circunscrición a un ámbito territorial concreto introduce cuestións importantes relativas ás escalas de intervención do planeamento, e que se deu en resolver nunha xerarquía de figuras técnico-xurídicas cuxo alcance ordenador foi profusamente modificado, mais na que a figura do Plan Municipal (Plan Xeral neste caso) foi acadando a preeminencia como instrumento de ordenación integral da actividade urbanística municipal.

4.2. OS OBXECTIVOS XERAIS DA ORDENACIÓN URBANÍSTICA

Os Plans Xerais son documentos que se redactan no marco dos dereitos fundamentais da Constitución e ao abeiro directo da Lei 9/2002 do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do Medio Rural de Galicia, coas modificacións derivadas de diversas leis posteriores (no sucesivo LOUGA).

A citada lei establece como fins da actividade urbanística, en desenvolvemento dos principios enunciados nos artigos 45, 46, e 47 da Constitución, os seguintes (artigo 4) (senalamos en negraíña aqueles que presentan maior carga medio ambiental):

- Asegurar que o solo se utilice en congruencia coa utilidade pública e a función social da propiedade, garantindo o cumprimento das obrigas e cargas legalmente establecidas.
- Impedir a desigual atribución dos beneficios e cargas do planeamento entre os propietarios afectados e impoñer a xusta distribución deles.
- Asegurar a participación da comunidade nas plusvalías que xere a acción urbanística dos entes públicos.
- Preservar o medio físico, os valores tradicionais, os sinais de identidade e a memoria histórica de Galicia.
- Harmonizar as esixencias de ordenación e conservación dos recursos naturais e da paisaxe rural e urbana co mantemento, diversificación e desenvolvemento sostible do territorio e da súa poboación, para contribuír a elevar a calidade de vida e a cohesión social da poboación.

- Velar para que a actividade urbanística se desenvolva promovendo a máis ampla participación social, garantindo os dereitos de información e de iniciativa dos particulares, asegurando, en todo caso, a participación dos cidadáns e das asociacións por estes constituídas para a defensa dos seus intereses e valores.
- Conseguiar a integración harmónica do territorio e protexer os valores agrarios, forestais e naturais e a riqueza e variedade arquitectónica, fomentando o emprego das formas construtivas propias das diversas zonas e garantindo a súa integración no medio rural.
- Fomentar a ordenación e mellora dos núcleos rurais, evitando a degradación e a perda das construcións tradicionais, favorecendo o uso e goce do medio rural.
- Exercer as competencias das administracións públicas de acordo cos principios de cooperación, coordinación, asistencia activa e información recíproca, co obxectivo de garantir a plena aplicación e eficacia da normativa urbanística.

4.3. OS OBXECTIVOS XERAIS DO PXOM

Como xa está indicado, a partir dos anteriores vaise a desenvolver a definición previa duns obxectivos xa propios do Plan, que informaron todo o traballo desenvolvido ata o de agora, e, xa que logo, todas as determinacións que se conteñen na documentación que agora se achega. Deste xeito, o planeamento que se vai acometer fai seus estes obxectivos xerais anteriores e ademais desenvolve os seguintes obxectivos complementarios:

- Adaptar o modelo territorial ao previsto nas DOTG, atendendo ás consideracións do planeamento xeral, e as concretas que nesas directrices se contemplan a respecto de Verín en particular para reforzar o seu rol territorial e transfronteirizo.
- Impulsar unha política de desenvolvemento territorial que favoreza unha ocupación equilibrada do territorio, o respecto ao medio ambiente e a conservación do solo e da paisaxe, axeitando os usos do territorio á súa verdadeira capacidade de acollida.
- A consecución dun equilibrio harmónico entre a preservación do medio rural e natural e o desenvolvemento urbanístico e o crecemento ordenado que se ten que dar en todos os núcleos e na vila a respecto do seu contorno.
- Ordenar a expansión urbana, aumentando a súa complexidade, reciclando tecidos urbanos e vinculando a nova urbanización á xa existente.
- Axustar o consumo de recursos ás necesidades de crecemento, minimizando a ocupación de novo solo co establecemento de densidades urbanas elevadas e concentradas en solos xa antropizados, que permitan minimizar as afeccións ao solo rústico de calidade produtiva ou ambiental.
- Procurar unha ordenación que sen alterar grandemente o modelo primixenio preexistente, faga concordar o sistema tradicional de asentamentos coas tendencias máis positivas de hoxe en día, tentando que se favoreza o acaecemento entre esa ordenación e o conxunto de roles desempeñados por Verín ata agora, máis aqueles novos sobre dos que existen fundadas expectativas de que poida xogar no futuro inmediato.
- O planeamento deberá de perseguir no medio rural a mellora da convivencia cotián, procurando ata onde humanamente sexa posible, non só o mantemento, senón tamén o aumento da poboación no territorio, respectando a súa distribución descentralizada e xerárquica.
- Contribuír á mobilidade sostible no municipio, mediante a planificación integrada dos usos do solo e da mobilidade.
- Control e optimización do tráfico, primando o transporte intermodal en todas as direccións (entre distintos modos e distintos medios, mesmo entre privados e públicos), e o urbanismo de proximidade, que facilite o uso dos medios de transporte alternativos ao automóbil.

- A implementación de políticas de solo industrial para as necesidades actuais e futuras e a optimización, dentro do contexto comarcal, da localización dos solos necesarios para as actividades produtivas, que hoxe xa está a demandar con urxencia, ou para a reinstalación das actuais implantacións desaxeitadas no territorio.
- Procurar que se manteña no posible, a multifuncionalidade e a superposición de usos do solo, definindo, programando e ordenando harmonicamente as novas implantacións para usos residenciais e produtivos e corrixindo as disfuncionalidades que se aprecien.
- Protección dos recursos, os espazos naturais e tamén do patrimonio historico-artístico, etnográfico e cultural.
- A potenciación de proxectos educativos, culturais, sociais e dos lugares de encontro e de lecer da poboación, incardinados no obxectivo prioritario da mellora xeral da calidade de vida, definindo un sistema de equipamentos equilibrado e estratexicamente situado para o adecuado servizo á poboación.
- Programar a dotación de servizos urbanísticos e infraestruturas necesarios para o asentamento da poboación sobre o territorio.
- Ofrecer un documento normativo completo e doado de aplicar, así coma un sistema de xestión urbanística, conforme coa capacidade económica e técnica do concello, utilizando ao máximo os mecanismos legais para a obtención das dotacións públicas e reparto de cargas e beneficios.
- Ofrecer medidas de dispoñibilidade e abaratamento de solo, aumento da calidade urbanística e edificatoria, xustiza distributiva, executividade e efectividade nas súas determinacións.
- Pular por unha ordenación que sen menoscabo das funcións e roles que máis se teñen identificado con Verín, aproveite esas e outras novas potencialidades para se converter nunha vila ideal para vivir, cos roles de: cidade comercial e de servizos, de relaxación e descanso, de cultura, do ensino, vila aberta e turística... en definitiva, vila modernizada, racionalizada e desenvolvida.
- Pular por conseguir un posto de privilexio dentro da estrutura de vilas da rexión económica na que se está a inserir, e poder xogar un novo rol de foco ou polo de atracción nunha euronrexión con futuro, como é a que xa vén sendo realidade: a euronrexión Galicia-Norte de Portugal, apoiándose na creación da Eurocidade Verín-Chaves como plataforma transfronteiriza dinamizadora e xeradora de recursos.
- Potenciar os recursos turísticos do municipio mediante a ordenación e defensa das zonas territoriais e dos eventos culturais e sociais de interese diferencial xeradores de atracción máis alá das fronteiras municipais, e favorecer a dotación da infraestrutura turística interna necesaria para sacar proveito destas iniciativas.
- Lograr a sustentaibilidade económica e medioambiental das diversas actividades, impulsando estratexias integradas de desenvolvemento rural, baseadas nas potencialidades específicas dos territorios, promovendo a diversidade funcional.
- Establecemento dunha orde de prioridades axeitada ás demandas territoriais e sociais, que se poidan desenvolver, de acordo coas posibilidades económicas previstas, a efectos de primar aquelas actuacións necesarias e sostibles que se consideren de maior interese e rendibilidade social, ambiental e económica.
- Fomentar unha sociedade democrática, socialmente incluínte, cohesionada, saudable, segura e xusta que respecte os dereitos fundamentais e a diversidade cultural, que ofrezca as mesmas oportunidades para todos os seus membros e combata a discriminación en todas as súas formas.
- Desenvolver medidas de cohesión social para construír comunidades máis completas e maduras, desenvolvendo plans e medidas de inclusión social e sensibilizando á sociedade na responsabilidade individual e colectiva para a creación dun modelo participativo, de convivencia e desenvolvemento sostible.

- Acadar unha ampla participación social que permita á sociedade ir asumindo paulatinamente como súas as determinacións do plan como proxecto colectivo, reducindo a conflitividade social e mesmo adiantando as súas posibilidades de xestión posterior mediante acordos ou convenios.

En resumo, perfilar unha nidia idea global de vila integrada en todos os eidos. Conseguir que esa transformación que Verín precisa (-e que hoxe resulta posible-, entre outras razóns, por liderar a súa área funcional e focalizar recursos), non se faga de calquera xeito, senón baixo o criterio de compatibilizar o crecemento da vila cun desenvolvemento socioeconómico e autosostido, cousa que é posible se se lle dá pulo aos valores e ás potencialidades de todo tipo que a vila e a súa bisbarra ofrecían antano, e engadir novos valores, novas potencialidades, compatibles coas existentes e coa calidade de vida inicialmente acadada. Isto esixirá: rehabilitar, revitalizar, reformar, reestruturar, substituír, crear de novo, operacións que se terán que desenvolver segundo as condicións das distintas áreas e diferentes situacións. Porén, de nada servirían esas actuacións se non se realizan baixo unha idea global e cabal definición da vila no territorio da súa área funcional. Esta esixencia, que hoxe en día case se considera obvia, non se tivo moi en conta, no entanto, á hora de planificar o seu desenvolvemento, en ningún dos plans elaborados dende o inicio da súa andaina, no eido da planificación urbanística.

4.4. OS PRINCIPAIS OBXECTIVOS AMBIENTAIS

En relación co xa introducido no apartado anterior, o novo planeamento municipal integra dende as primeiras fases unha serie de obxectivos e criterios ambientais que teñen incidencia no Plan Xeral e que este pode controlar, ou nos que pode intervir dalgún xeito, de acordo coas liñas da estratexia para o desenvolvemento sustentable:

Estes obxectivos ambientais están no marco dos obxectivos ambientais que promoven os organismos e lexislacións internacionais, europeas, españolas e tamén galegas e por tanto fixéronse tendo en consideración os obxectivos de protección medioambiental pero axustándoas ás características territoriais e ambientais específicas do municipio de Verín.

O obxectivo xeral ambiental dun Plan Xeral de Ordenación Municipal ten que ser o de protexer e mellorar o medio ambiente urbano e rural, a fin de mellorar a calidade de vida, protexer a saúde humana e protexer os ecosistemas locais.

O primeiro criterio ambiental que ha de presidir a redacción do Plan xeral de Verín será a de dirixir, e no seu caso reconducir, o crecemento e transformación no que está inmerso o municipio para que non se siga degradando a calidade medioambiental.

Os obxectivos ambientais do Plan, en síntese, son os seguintes:

- Garantir a conservación da biodiversidade, da paisaxe e do patrimonio natural do municipio, fomentando a conectividade biolóxica e tratando de integrar unha rede fisicamente continua e conectada coas redes territoriais exteriores e coas de espazos libres urbanos.
- Garantir o mantemento dos recursos do solo: agrogandeiros, forestais, augas e ríos, protección arqueolóxica, etc., mediante principalmente a cualificación destes solos como rústicos de especial protección, evitando que a presión de uso sobre os recursos supere a súa capacidade de rexeneración.
- Garantir a protección dos hábitats e ecosistemas acuáticos e terrestres de maior fragilidade ou interese, dos espazos da rede galega de espazos protexidos mediante a protección estrita destes espazos e a súa posta en valor para previr o seu deterioro.
- Introducir criterios de mellora do patrimonio natural nos sistemas xerais e locais de espazos libres e zonas verdes: mantemento de ecosistemas naturais, mantemento da permeabilidade ecolóxica (corredores ecolóxicos),... e na medida do posible crear unha rede interconectada entre os sistemas xerais e locais de zonas verdes e os solos rústicos de especial protección en especial a Rede Natura e os humedais.

- Preservar a identidade dos elementos valiosos e singulares que resultan críticos na percepción do espazo e poñer en valor os recursos paisaxísticos como elemento clave do atractivo do territorio e do aprecio dos cidadáns polo seu contorno, á vez que se potencian os recursos turísticos do municipio.
- Intentar que todas as paisaxes teñan o grao máis alto de calidade e mellorar a súa calidade na totalidade do territorio.
- Garantir o uso eficiente do solo e dos recursos naturais: proposta territorial coherente para satisfacer as necesidades da poboación coa mínima ocupación do solo posible, limitando a expansión extensiva e de baixa densidade a zonas moi concretas do territorio.
- Control da ocupación dos espazos sometidos a condicións de risco de orixe natural, tecnolóxico ou inducido pola actividade humana.
- Compatibilizar o planeamento co ciclo natural da auga e racionalizar o seu uso eficiente, fomentando o seu aforro e reutilización e mellorando a súa calidade.
- Fomento da mobilidade sostible mediante a promoción do transporte público ou outros sistemas de transporte alternativos que permitan reducir as emisións de gases.
- Primar a creación de roteiros peonís como os que se pretenden nas beiras do río Támega e entre os balnearios ou potenciar os existentes.
- Manter unha boa calidade do aire e da atmosfera e evitar, prever ou reducir todas as formas de contaminación tanto acústica, aluminica como electromagnética e os seus efectos nocivos para a saúde humana e o medio ambiente.
- Aumentar a diversificación e eficiencia enerxética dos sistemas de produción e consumo, e o uso de combustibles menos contaminantes, axustando ao mínimo os recursos precisos para manter as actividades aloxadas.
- Fomentar o uso de enerxías limpas e renovables, así como a racionalización do uso destas e da emisión de gases, co fin de reducir o efecto invernadoiro e o cambio climático.
- Mellorar a eficiencia enerxética das edificacións e reducir a súa contribución ao cambio climático, promovendo a súa certificación enerxética.
- Xestionar os residuos de maneira máis eficiente e fomentar a recollida selectiva de residuos e a súa reciclaxe, dispoñendo dos espazos, os recursos e a maquinaria precisos para acadar estes obxectivos.

4.5. CONDICIONANTES LEXISLATIVOS AMBIENTAIS

A *Avaliación Ambiental Estratéxica* é un importante instrumento para a integración dos obxectivos e criterios de sustentabilidade nos plans urbanísticos. A avaliación da sustentabilidade ambiental do Plan Xeral deberá realizarse en conformidade cos *Criterios Ambientais Estratéxicos* contidos no *Documento de Referencia* para a *Avaliación Ambiental Estratéxica* do *Plan Xeral de Ordenación Municipal de Verín*.

Neste apartado recóllense documentos e normas agrupados por nivel de lexislación, salientándose para cada un deles a temática relevante para a elaboración do *Informe de sustentabilidade ambiental*.

4.5.1. O MARCO DE REFERENCIA INTERNACIONAL

- O informe Brundtland (1987), presentado perante a Comisión para o Desenvolvemento sostible das Nacións Unidas en 1987, contén a definición, internacionalmente aceptada, de desenvolvemento sostible. O desenvolvemento sostible é aquel que satisface as necesidades actuais sen poñer en perigo a capacidade das xeracións futuras, de satisfacer as súas propias necesidades.

- A Declaración de Río de Xaneiro (1992) a Conferencia das Nacións Unidas sobre o Medio e o Desenvolvemento celebrada en Río de Xaneiro en xuño de 1992 proclama 27 principios a través dos que se recoñece a natureza integral e interdependente da Terra; así mesmo, sitúase aos seres humanos como centro da preocupación polo desenvolvemento sostible, aclarando que a protección do medio deberá constituír parte integrante do proceso de desenvolvemento, non podéndose considerar de forma illada.
- A Declaración de Johannesburgo (2002). O Cume Mundial sobre Desenvolvemento sostible celebrado en Johannesburgo en setembro 2002 reafirmou os principios enunciados no Cumo de Río. Deste xeito, asúmese a responsabilidade colectiva de avanzar e fortalecer os piares interdependentes e mutuamente reforzados do desenvolvemento sostible: o desenvolvemento económico, o desenvolvemento social e a protección do medio natural; a nivel local, rexional e global.
- Convención Marco de Nacións Unidas sobre Cambio Climático. O obxectivo último é a estabilización das concentracións atmosféricas de Gases Efecto Invernadoiro GEI
- Outros referentes internacionais: convenio Ramsar sobre Terreos Húmidos de Importancia Internacional para as Aves Acuáticas (1971); Convenio sobre Diversidade Biolóxica (1992); Convenio das Nacións Unidas de Loita contra a Desertización, París (1994); Convenio de Berna relativo á Conservación da Vida Silvestre e do Medio Natural de Europa (1986); Protocolo de Kyoto (1997); Convenio Aarhus de 1998 sobre Acceso á Información, Participación do público na toma de decisións e acceso á Xustiza en materia de Medio Natural.

4.5.2. O MARCO DE REFERENCIA EUROPEO

- Axenda Territorial da Unión Europea. Leipzig 2007 que reforza a cohesión do territorio e as identidades territoriais. Prioridades territoriais.
- VI Programa de medio ambiente da Unión Europea (2001-2010) define catro áreas de actuación prioritarias: (1) intentar mitigar o cambio climático; (2) protexer e restaurar o funcionamento dos sistemas naturais e deter a perda de biodiversidade na Unión Europea e ao mundo e protexer os solos contra a erosión e a contaminación; (3) conseguir suficiente nivel de calidade ambiental porque as concentracións de contaminantes de orixe humana, incluídos diferentes tipos de radiación, non comporten efectos nin riscos significativos sobre a saúde humana; política centrada no principio de precaución e de prevención de riscos; (4) conseguir que o consumo de recursos renovables e non renovables non supere a capacidade de carga do medio ambiente; dissociar o consumo de recursos e o crecemento económico mediante un aumento notable da eficiencia dos recursos, a desmaterialización da economía e a prevención da xeración de residuos.
- Plan de Acción Europeo para a Biodiversidade. Comunicación para deter a perda de Biodiversidade para o 2010.
- Directrices Estratéxicas Comunitarias de Desenvolvemento Rural 2007-2013; os obxectivos principais son: (1) mellorar a competitividade agraria; (2) mellorar o medio e o ámbito rural; (3) mellorar a calidade de vida nas zonas rurais e diversificar a economía rural; (4) desenvolver a capacidade local de creación de emprego e diversificación; (5) garantir a coherencia da programación; (6) complementariedade entre instrumentos comunitarios
- Convenio europeo da paisaxe. Ten como obxectivo promover a protección, xestión e ordenación das paisaxes.
- Convenio da Albufeira, acordos para a cooperación entre España e Portugal na demarcación do Miño Sil.
- Directiva Marco da Auga 2000/60/CE. Marco comunitario para protección e xestión das augas. Directiva que prevé todo sobre a definición das augas europeas e as súas características por cuncas e demarcacións hidrográficas, así como a adopción de plans de xestión e programas.

- Directiva de avaliación e xestión dos riscos de inundación. Directiva 2007/60/CE. Ten por obxecto xestionar e reducir o risco de inundacións, especialmente nas ribeiras e nas zonas costeiras. Dispón que o risco se avalíe nas cuncas hidrográficas e se cartografie.
- Directiva 2006/7/CE sobre a calidade das augas do baño, co obxectivo de reducir e previr a contaminación destas augas e informar do grao de contaminación.
- Directiva 2006/11/CE sobre a contaminación causada por determinadas sustancias perigosas vertidas ao medio acuático.
- Directiva 2006/44/Ce relativa á calidade das augas continentais para ser aptas para a vida dos peixes.
- Directiva 2006/113/Ce relativa á calidade esixida ás augas para a cría de moluscos.
- Directiva 2006/118/CE relativa a protección de augas subterráneas contra a contaminación e o deterioro.
- Directiva Hábitat (DIR 1992/43/CEE) que ten como finalidade protexer as especies silvestres e os seus hábitats. O obxectivo é contribuír a conservar a biodiversidade europea mediante o establecemento dunha rede ecolóxica e un réxime xurídico das especies silvestres.
- Directiva Aves (DIR 1979/409/CEE) que pretende a conservación a longo prazo das especies de aves silvestres presentes na UE.
- Directiva 2006/32/CE sobre a eficiencia do uso final da enerxía e servizos enerxéticos. Directiva para fomentar o uso final rendible e eficiente da enerxía.
- Directiva 2002/91/CE relativa ao rendemento enerxéticos dos edificios. Articula unha metodoloxía común para o cálculo do rendemento enerxético, normas relativas ao rendemento enerxético, os sistemas de certificación e o control dos sistemas de caldeira e climatización nos edificios.
- Directiva Marco de residuos Directiva 2008/98/CE
- Directiva 2008/50/CE. relativa á calidade do aire ambiente e a unha atmosfera máis limpa. Esta directiva define e establece os obxectivos de calidade do aire ambiente.
- Directiva 2002/49/CE sobre avaliación e xestión do ruído ambiental. Obxectivo: combater o ruído que percibe a poboación en zonas urbanizadas, parques públicos, no campo aberto nas proximidades a escolas e hospitais.

4.5.3. O MARCO DE REFERENCIA ESTATAL

- Estratexia Española de Desenvolvemento Sostible. 2007: a Estratexia Española de Desenvolvemento Sostible (EEDS) fomenta un enfoque integrador da dimensión económica, social, ambiental e global da sustentabilidade do desenvolvemento cos obxectivos de: (1) garantir a prosperidade económica; (2) asegurar a protección do medio ambiente; (3) evitar a degradación do capital natural; (4) fomentar unha maior cohesión social tendo en conta as tendencias demográficas actuais; (5) contribuír solidariamente ao desenvolvemento dos países menos favorecidos cara á sustentabilidade global.
- Plan Nacional de adaptación ao cambio climático Marco para a coordinación entre Administracións Públicas para as actividades de avaliación de impactos, vulnerabilidade e adaptación ao cambio climático.
- No marco de conservación do patrimonio natural e biodiversidade, a Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade establece o réxime xurídico básico da conservación, uso sostible, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade española, como parte do deber de conservar e do obxectivo de garantir os dereitos das persoas a un medio ambiente adecuado para o seu benestar, saúde e desenvolvemento.

- Plan nacional de calidade das augas: saneamento e depuración 2007 2015
- Programa auga
- Plan de choque tolerancia cero de verquido
- Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade
- Lei 63 3003 pola que se traspón a Directiva Marco da Auga

4.5.4. O MARCO DE REFERENCIA GALEGO

- Lei 7/2008 de protección da Paisaxe de Galicia. Ten por obxecto o recoñecemento xurídico, a protección, xestión e ordenación da paisaxe de Galicia.
- Lei 6/2008 de medidas urxentes en materia de vivenda e solo
- Lei 3/2008 de ordenación da minería de Galicia
- Lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- Lei 9/2002 de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia.
- Lei 9/2001 de conservación da natureza
- Lei 8/2001 de protección da calidade das augas das rías de Galicia e de ordenación do servizo público de depuración das augas residuais urbanas
- Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia
- Lei 5/1997, de regulamento das augas minerais, termais e de manancial e dos establecementos balnearios de Galicia
- Lei 4/2003 de vivenda de Galicia
- Lei 5/2006 para a protección, conservación e mellora dos ríos galegos
- Plan Galego de Ordenación dos Recursos Piscícolas e dos Ecosistemas Acuáticos Continentais. Obxectivos: (1) mellorar a situación dos recursos piscícolas e dos ecosistemas fluviais; (2) incrementar o valor recreativo da pesca e potenciala como elemento dinamizador da economía rural; (3) fomentar a pesca como actividade recreativa de achegamento á comprensión do medio natural; (4) adecuar os medios da Administración ás novas esixencias técnicas e demandas sociais.
- Estratexia Galega de Desenvolvemento Sostible (EGDS). O obxectivo final será converter a Galicia nunha rexión competitiva, xeradora de riqueza, cunha demografía equilibrada, na que non existan desigualdades sociais, onde se conserve o contorno natural e o patrimonio cultural
- Estratexia Galega fronte o Cambio Climático Plan de Acción de Loita Contra o Cambio Climático en Galicia CLIGAL. Plan que se concreta en tres vertentes principais: (1) redución de emisións de gases de efecto invernadoiro; (2) fomento da investigación sobre o cambio climático en Galicia e a sensibilización e formación do conxunto da poboación; (3) favorecer a adaptación da nosa sociedade aos cambios previsibles nos sistemas naturais, económicos e sociais potencialmente afectados no país, coa finalidade de reducir os impactos negativos identificados e de aproveitar as oportunidades que do propio cambio, se puideran derivar.
- Plan de xestión de Residuos Municipais 2007-2017 Obxectivos: a) previr os riscos para a saúde das persoas, a auga, o aire, o solo, a flora e a fauna; b) preservar a paisaxe e os espazos naturais, con especial atención aos espazos protexidos; c) promover a redución da xeración de residuos en orixe e a diminución da súa perigosidade; d) fomentar a reutilización de produtos e materiais usados, a utilización de materiais reciclados, así como a recollida selectiva dos

residuos e a súa reciclaxe ou outras formas de valorización.; e) responsabilizar aos axentes económicos que poñen no mercado produtos que se convierten en residuos para que adopten as medidas oportunas para asegurar a súa correcta xestión; f) limitar a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro e conseguir a eliminación controlada dos residuos non valorizables e impedir o abandono, a vertedura e, en xeral, calquera depósito inadecuado ou disposición incontrolada dos residuos; g) rexenerar os espazos degradados e acometer a descontaminación dos solos; h) promover a participación e a colaboración activa dos axentes implicados na produción e na xestión dos residuos na sensibilización e concienciación social; i) promover a integración de programas de educación, en materia de residuos, en todos os ciclos formativos e asegurarlles a información aos cidadáns sobre a acción pública nesta materia co fin de promover a súa colaboración para a redución e valorización dos residuos; x) desenvolver instrumentos de planificación, inspección e control que favorezan a suficiencia, seguridade e eficiencia das actividades de xestión dos residuos.

- Plan Enerxético de Galicia 2007-2012. Obxectivos, (1) aforro enerxético, (2) facer compatible a preservación da calidade do ambiente cos principios de eficiencia, seguridade e diversificación das actividades de produción, transformación, transporte e usos da enerxía, (3) garantir a seguridade da subministración co obxecto de reducir o risco derivado dunha forte dependencia do exterior, (4) concienciación cidadá.
- Programa De Desenvolvemento Rural De Galicia 2007 -2013 Obxectivos: (1) reforzar a base produtiva agroalimentaria e forestal; (2) fomentar un sector agrario multifuncional e sostible.:(3) mellorar a calidade de vida e a economía das zonas rurais; (4) fomentar a gobernanza nas zonas rurais.
- Plan de Estradas de Galicia (en fase de elaboración). Os obxectivos estratéxicos son: (1) definición dunha estratexia de mobilidade sostible mediante a disociación entre crecemento do transporte e crecemento económico, o desenvolvemento de alternativas ao transporte en vehículo persoal e ao transporte de mercadorías por estradas e a implantación correcta dos custos; (2) Completar a rede de vías de alta capacidade; (3) completar a rede de estradas convencionais; (4) mellorar a accesibilidade de todo o territorio; (5) mellorar os accesos; (6) mellorar a seguridade viaria; (7) mellorar a coordinación con outras administracións; (8) diminución de custos de transportes.
- Zonas de especial protección dos valores naturais (ZEPVN). Trátase de espazos que polos seus valores ou interese natural, cultural, científico, educativo ou paisaxístico, é necesario asegurar a súa conservación e non posúen outra protección específica. Nestas áreas poderase seguir levando a cabo, de xeito ordenado, os usos e as actividades tradicionais que non vulneren os valores protexidos.

4.6. TÁBOA DOS OBXECTIVOS AMBIENTAIS ESTABLECIDOS NO DOCUMENTO DE REFERENCIA

Neste apartado recóllense as variables e obxectivos establecidos no documento de referencia para a elaboración deste informe.

Variable	OBXECTIVOS
Paisaxe	Favorecer a integridade paisaxística
Conservación da natureza	Preservar a integridade funcional dos sistemas naturais
	Xestionar a funcionalidade propia dos recursos naturais
Patrimonio	Preservar e valorizar os elementos patrimoniais
Sociedade	Considerar a estrutura demográfica e socioeconómica do ámbito e da área de influencia
	Prever un equilibrio entre a poboación e os recursos
	Contribuír a un contorno saudable
	Garantir a non exclusión
	Favorecer a cohesión social
	Fomentar a participación cidadá na toma de decisións do concello
Economía	Considerar a estrutura socioeconómica do ámbito e da área de influencia
Medio urbano	Mellorar a calidade de vida e a habitabilidade
	Promover solucións integrais que minimicen os custos ambientais
Medio Rural	Mellorar a calidade de vida e a habitabilidade
Medio industrial	Pular por unha clasificación dos espazos en función da súa propia capacidade produtiva
	Contribuír á creación dun contorno de traballo de calidade
Mobilidade	Optimizar a eficiencia das actividades económicas
	Reducir as necesidades de mobilidade
Enerxía	Facilitar unha conectividade eficiente cara os principais destinos
	Promover o aforro no consumo enerxético
Atmosfera	Pular polo uso de recursos enerxéticos renovables.
	Control das emisións contaminantes
Ciclo hídrico	Garantir o funcionamento do ciclo hídrico en todas as súas fases e procesos
	Garantir a viabilidade dos sistemas de abastecemento e saneamento, en función das demandas estimadas a teito de planeamento
	Promover o aforro no consumo dos recursos hídricos
Ciclos de materiais	Xestionar eficientemente os fluxos de materiais e residuos
Consumo de Solo	Axustar os usos ao contorno e aos obxectivos propios deste planeamento
	Fomentaranse estruturas densas, compactas e complexas
	Considerar a mobilidade como variable fundamental a formulación das alternativas
	Pular por un desenvolvemento do concello ordenado e eficiente
Edificacións	Axustar o parque potencial de edificacións a teito de planeamento á dinámica do concello
	Minimizar as posibles afeccións das edificacións sobre o contorno

5. ANÁLISE DAS ALTERNATIVAS

5.1. INTRODUCCIÓN

O Planeamento en vigor no concello do Verín son unhas obsoletas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal aprobadas no ano 1986, posto que o PXOM do ano 1998 foi anulado polo tribunal de Xustiza de Galicia no ano 2007. Estas normas subsidiarias foron aprobadas, baixo a vixencia da lei do solo de1976. Estas normas dividen o solo en tres categorías: urbano, solo apto para urbanizar e solo non urbanizable.

A lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia establece a obriga de adaptar o planeamento vixente no prazo de tres anos dende a súa aprobación, polo tanto por obriga legal a necesidade de redactar un novo planeamento que xere un desenvolvemento axeitado.

Neste apartado descríbense dúas alternativas consideradas no proceso de toma de decisións do Plan e a alternativa cero, aínda que esta é inviable. Unha cuestión a ter en conta para a análise das alternativas son as carencias de información, en relación a aspectos ambientais que obriga moitas veces a partir de hipóteses, extrapolacións ou do coñecemento e experiencia dos técnicos, tanto do equipo como dos expertos consultados nas materias obxecto de análise e valoración. A alternativa cero analízase como a tendencia a seguir, se non se leva a cabo o novo plan.

5.2. ANÁLISE DA ALTERNATIVA CERO OU DE NON INTERVENCIÓN

Non desenvolver un Plan adaptado á lexislación e, optar pola continuidade das NSPM vixentes, impediría ordenar os usos e actividades con criterios de sustentabilidade no territorio co que as problemáticas económicas, sociais e ambientais incrementaríanse e teríamos un escenario futuro moi negativo.

Escenario futuro en ocupación e usos do solo:

- Usos incontrolados en todo o territorio, tanto nos núcleos como nas zonas urbanas, como ao longo das vías de comunicación.
- Construcións non planificadas, espallamento da edificación por todo o territorio.
- Construción e expansión masiva do tecido urbano.
- Desaparición dos núcleos rurais por abandono nas construcións tradicionais e destrución do patrimonio material e inmaterial.
- Homoxeneización do territorio e perda de calidade paisaxística.

Escenario futuro en conectividade, biodiversidade e patrimonio natural

- A potencialidade produtiva agrogandeira que posúe o concello pode minguar, se segue ocupando solos agrarios con edificacións residenciais e ou naves industriais e se aumenta a contaminación difusa e as mineiras no val.
- A grande potencialidade do recurso das augas minerais que posúe o concello, pode seguir minguando, tanto pola falla de valoración dos recursos termais e da falla de equipamentos termais, como polos riscos de perdas de valores paisaxísticos, culturais e naturais do territorio; así como os riscos de contaminación do recurso.
- A excepcional riqueza natural do río Támega pódese ver afectada pola perda paulatina dos hábitats, e das alteracións hidrolóxicas, as afeccións á vexetación de ribeira e á contaminación das augas.
- A situación actual, en canto aos servizos urbanísticos existentes, é preocupante e o escenario futuro acadaría o colapso.
- A situación actual, tanto do patrimonio cultural é de desprotección xeneralizada, e multitude de construcións, elementos e espazos de interese atópanse en risco de perda dos seus valores.
- Degradación progresiva dos recursos naturais por mor de múltiples causas: construción indiscriminada no solo rústico,

falla de posta en valor do patrimonio natural, incendios forestais, contaminación difusa, etc.

- Incendios e erosión de solos.

Escenario futuro en calidade da paisaxe

- A dinámica actual con respecto ao desenvolvemento de espazos destinados á actividade económica caracterízase por ter un elevado impacto paisaxístico.
- Nun escenario futuro negativo produciríase unha destrución da cidade vella e das construcións tradicionais dos núcleos.
- Desaparición do arborado.
- Desaparición da fauna asociada ao río.
- Perda do patrimonio...

Escenario futuro en Ciclo da Auga

- As problemáticas nas redes de abastecemento e saneamento incrementaríanse.
- Abandono de regatos e das marxes dos ríos.
- Construcións en zonas inundables e inundacións frecuentes.
- Incumprimento das figura de protección do DPH e desprotección das zonas húmidas e do perímetro de protección de augas minerais.

Escenario futuro en mobilidade

- A tendencia ao crecemento do transporte privado é un feito común a todo o ámbito do **Verín**, atendendo ao aumento da mobilidade obrigada pola perda do servizo dos transportes públicos difíciles de manter con respecto á estrutura do territorio, o envellecemento da poboación e a dispersión da mesma.
- Desenvolvemento desproporcionado do sistema viario.

Escenario futuro na sociedade

- Perda de postos de traballo.
- Desaparición de cultivos e deterioro da paisaxe.
- Perda da agricultura tradicional.
- Perda da tradición cultural.
- Perda da vila termal.

Escenario futuro Residuos

- Incapacidade de xestión dos residuos.
- escasa concienciación.
- Almacenamento de residuos fóra de lugares adecuados.

Escenario futuro Enerxía

- Non se contemplan enerxías alternativas.

Escenario futuro Medio rural

- Non melloran os servizos de auga, luz e saneamento.
- No melloran os servizos tecnolóxicos.
- Non melloran os equipamentos.

En conclusión, a alternativa cero non é posible primeiramente dende o legal, pero dende o punto de vista da sustentabilidade, o territorio de Verín podería te un escenario negativo, tanto no deterioro económico como nos problemas sociais e o deterioro do ambiente tampouco sería alleo.

5.3. ANÁLISE DAS ALTERNATIVAS A E B.

As alternativas propostas na elaboración do PXOM son a Alternativa A, que se corresponde coa ordenación proposta no documento previo que foi sometido ao preceptivo informe da Dirección Xeral Urbanismo, e a Alternativa B que é a proposta elaborada trala modificación do documento motivado polo informe da D.X.U. (e que foi Aprobado Inicialmente polo Concello e exposto ao público).

A continuación comparamos as alternativas A e B en canto á clasificación do solo e despois analizáremolas respecto das variables recollidas no documento de referencia.

Alternativa A: (ordenación proposta documento previo)

Clase de solo Alternativa A	Categoría	Superficie (m2)	%
URBANOS	SUCO	4.010.043	4,24
	SUNC	1.380.346	1,46
		5.390.389	5,70
NÚCLEO	NRTR	1.512.892	1,60
	NREX	1.971.485	2,09
		3.484.376	3,69
URBANIZABLE	SUDL	2.024.532	2,14
	SUND	125.587	0,13
		2.150.119	2,27
RÚSTICOS	RPAC	11.531.463	12,20
	RPAG	24.967.822	26,41
	RPEN	2.953.832	3,12
	RPFO	34.329.392	36,31
	RPIN	5.588.367	5,91
	RPOR	370.481	0,39
	RPPA	3.769.374	3,99
		83.510.730	88,34
TOTAIS		94.535.615,21	100,00

Alternativa B: a proposta (que foi Aprobada Inicialmente polo Concello e exposta ao público)

Clase de solo Alternativa B	Categoría	Superficie (m2)	%
URBANOS	SUCO	3.759.661	3,98
	SUNC	847.824	0,90
		4.607.484	4,87
NÚCLEO	NRTR	1.364.266	1,44
	NREX	1.986.110	2,10
		3.350.376	3,54
URBANIZABLES	SUDL	2.382.125	2,52
	SUND	78.829	0,08
		2.460.954	2,60
RÚSTICOS	RPAC	6.807.484	7,20
	RPAC-RPIN	284.696	0,30
	RPAG	27.723.712	29,33
	RPEN	3.003.661	3,18
	RPEN-RPIN	68.766	0,07
	RPFO	36.749.939	38,87
	RPIN	5.145.154	5,44
	RPOR	348.658	0,37
	RPPA	3.984.731	4,22
		84.116.800	88,98
TOTAIS		94.535.615,21	100,00

- Consumo de solo. Esta variable é das que presenta as maiores diferenzas entre ámbalas alternativas; cómpre sinalar que minimizar o consumo de solo é racionalizar o seu uso, de acordo a un modelo territorial coherente e eficiente, é un obxectivo prioritario cara á sustentabilidade, polo tanto estamos ante unha das variables de maior peso na estratexia da sustentabilidade dun Plan Xeral de Ordenación Municipal.
 - A alternativa A promovía unha maior potenciación da nova residencia, apoiado por unha banda no solo urbano non consolidado dos grandes baldíos dos terreos das traseiras dos predios, mediante o solo de núcleo rural e mediante a creación dunha serie de ámbitos de solo urbanizable residencial, de xeito que acolla novos residentes ou como establecemento de segundas residencias para os períodos de vacacións. Xa que logo, a alternativa B, se ben apoiada nas mesmas claves fai un acondicionamento á baixa, (tanto do gasto de solo para novas vivendas sobre todo no urbano non consolidado, como de número de vivendas estimadas).
 - Os solos urbanos supoñían na alternativa A o 5,8 % e na alternativa B o 4,87% do territorio, tamén na alternativa A temos máis superficie de solo de núcleo rural 3,69 fronte ao 3, 54 % da alternativa B.
 - Pola contra, os urbanizables acadan un maior desenvolvemento na alternativa B se ben cómpre sinalar que son maioritariamente urbanizables delimitados o 97% do solo urbanizable, deixando só o 3% a solos urbanizables non delimitados, e que os grandes consumidores de solo son os urbanizables industriais de Pazos e Tamagos (pezas de execución independentes do PXOM ao tratarse de plans sectoriais). Así pois, a alternativa B reserva para as actividades económicas 152,8 ha, das cales, 120 ha consume o SUI 1 Támagos .
 - En conclusión, a alternativa B presenta unha planificación urbanística máis moderada cun menor gasto de solo, tanto de solo urbano como de núcleo, evitando a dispersión da urbanización e das edificacións.

- Ciclo hídrico: no que se refire a esta variable, ámbalas alternativas poñen de manifesto a necesidade de mellorar as redes de servizos, tanto de abastecemento, saneamento así coma depuración. A alternativa B fai propostas para o sistema xeral de abastecemento, sendo necesario a mellora, mediante o aumento da demanda da ETAP e instalacións de novos depósitos e novas redes. E para o sistema xeral de saneamento: reforzo da rede existente (ampliación da EDAR, eliminar a fosa séptica da ribeira do río Gandulfes, nova rede da eurocidade Verín Chaves, así como o PXOM da alternativa B establece as características mínimas para os novos colectores .
- Mobilidade: no que se refire a esta variable a alternativa B propón unha proposta de mobilidade sostible (propostas de mobilidade, aparcadoiros disuasorios, transporte público, bicicarrís...).
- Enerxía: no que se refire a esta variable, ámbalas alternativas poñen de manifesto a necesidade de promover o aforro no consumo enerxético.
- Emisións contaminantes: neste caso ámbalas alternativas establecen medidas semellantes para a protección das persoas e hábitats (establecendo afeccións por liñas eléctricas, estradas...) mentres que as emisións contaminantes existentes e previsibles non son moi importantes, estimándose, en xeral, unha boa calidade do aire, aínda que sen poder cuantificar ese parámetro ao non haber estacións de medida nin estudos que recollan este dato concreto para o concello e o seu contorno.
- Xestión de residuos: as dúas alternativas propoñen accións cara a xestión dos residuos.
- Integración social: en ámbolos casos a integración social e a consecución dunha mellora da calidade de vida de xeito o máis homoxéneo posible, en todo o concello é o fin último a acadar, sendo neste caso as diferenzas non moi importantes entre as dúas alternativas.
- Medio natural: neste caso unha vez identificados os valores naturais e as necesidades de protección e valorización procédese á clasificación dos distintos ámbitos en función das súas características e aptitudes. A alternativa B fai unha proposta ambiental moi ampla mediante un plan ambiental que integre a biodiversidade, evitando o illamento dos diferentes sistemas naturais cun gran proxecto ambiental onde temos interconectados corredores ecolóxicos, corredores verdes, montes urbanos e montes forestais.,
- Medio rural: as medidas propostas en ámbalas alternativas pretenden favorecer a vida do medio rural.
- Paisaxe: en calquera das dúas alternativas procédese a unha valoración da paisaxe e dos elementos que singularmente a conforman como elemento fundamental do contorno e o benestar humano. Se ben, na alternativa B promóvese mediante a estratexia ambiental que promove a mellora e protección paisaxística. Ademais dos solos de protección da paisaxe.
- Patrimonio: a elaboración do catálogo de bens municipal, supón nun primeiro momento un gran labor didáctico de recuperación da memoria e presentación daqueles elementos e espazos que foron legados polos devanceiros e que se deben protexer como parte fundamental da cultura e dunha forma de ser co territorio. Ámbalas alternativas lévanse a cabo por lei. Na alternativa B promóvense 3 plans especiais do casco vello/barrio San lázaro, Pazos e balneario de Cabreiroa.
- Poboación: as dúas propostas que estamos a tratar, igual que acontecía no caso da integración social, buscan establecer un modelo equilibrado que garanta posibiliidades de emprego, traballo, ocio e servizos. Na Alternativa B créase unha reserva sociocultural para a implantación dun novo auditorio.
- Vivenda: no tema da vivenda a alternativa A, ao pór no mercado unha gran cantidade de solo urbano, urbanizable e de núcleo rural, favorece, a priori, que o custo do mesmo baixe e, consecuentemente, o prezo final da edificación; mais non ten en conta que isto incrementa o abandono das zonas tradicionais máis consolidadas e o número de edificacións baleiras e en estado de ruína, en favor dunha urbanización máis difusa, o que supón un maior custo ao precisar unhas

extensas redes de servizos para un número de usuarios moi reducidos ao mesmo tempo que unha diminución do solo agrario que circunda os núcleos rurais. Pola súa banda a alternativa B toma en consideración que a estratexia de desenvolvemento debe aunar recuperación do patrimonio construído existente, coa posibilidade de nova edificación. A capacidade máxima residencial da alternativa B acada o rango de 8.000 novas vivendas.

- A alternativa A protexía como solo rústico o 88,34% do territorio e a alternativa B protexe o 88,98% do territorio.

En conclusión pódese afirmar que a alternativa B que é a proposta do Plan Xeral, promove a redacción dun planeamento enfocado cara á sustentabilidade e ambientalmente integrado, utilizando criterios e estratexias que fomenten accións para a mellora da calidade de vida e das oportunidades de desenvolvemento; condicionantes para a protección do patrimonio natural, cultural e paisaxístico; accións que fomenten o desenvolvemento endóxico e que propicien e axuden a cumprir os obxectivos cara un territorio, como é atraer visitantes ao concello.

Compre sinalar que o documento do PXOM co que se avaliou esta alternativa B que foi a seleccionada (e que logo foi Aprobado Inicialmente polo Concello e exposto ao público), ten experimentado cambios como consecuencia do transito entre esa fase e a de Aprobación Provisional, por tanto non imos a modificar a avaliación de alternativas realizada no seu momento procedimental (antes de ser Aprobado Inicialmente polo Concello), e en todo caso, procederase a realizar as comprobacións necesarias do proceso de avaliación ambiental estratéxica completa na Proposta de Memoria Ambiental coa versión de ordenación que nese intre se baralle para o PXOM, logo de toda a tramitación ata ese intre.

6. IDENTIFICACIÓN E CARACTERIZACIÓN DOS EFECTOS SOBRE O MEDIO

6.1. INTRODUCCIÓN

Na proposta de planeamento, identifícanse os posibles efectos estratéxicos sobre cada unha das variables de sustentabilidade, establecidas no documento de referencia. A análise consistirá, en primeiro lugar, nunha valoración global dos efectos, tanto positivos como negativos, das principais accións e estratexias do PXOM, sobre cada unha das variables de sustentabilidade e logo avaliaranse os posibles efectos e incidencia dos solos urbanizables propostos, cunha ficha resumo para cada un deles.

Metodoloxicamente analízanse os efectos do PXOM sobre cada unha das variables do documento de referencia. As valoracións feitas, pretenden avaliar os efectos ambientais máis relevantes e máis directos, que poden acontecer da aplicación do PXOM. Isto ten a dificultade relacionada coa falla de datos á escala necesaria para moitas das variables ambientais, e posto que ao non ter para moitas das variables ningún valor límite nin medicións, non podemos establecer cando un efecto pode ser significativo e cando non. Por isto, un efecto considerouse significativo cando afecte de xeito tanxible a algún dos aspectos relevantes descritos no informe de sustentabilidade. No entanto, é necesario comprender que non existe un criterio inequívoco ou unha liña divisoria clara entre os efectos significativos e non significativos, por isto, e de acordo co principio de precaución, considerouse conveniente aplicar a cualificación de efecto significativo a todos aqueles casos que presenten dúbidas.

Con estas premisas expostas para a exposición deste apartado relativo aos efectos significativos sobre o medio ambiente pola aplicación do Plan, na valoración que se fai seguidamente avalíanse as interaccións entre as accións do Plan sobre as variables de sustentabilidade. Para facelo amósase un cadro matriz, onde se valora se os efectos poden ser positivos ou negativos.

Matriz efectos positivos ou negativos sobre as principais actuacións do Plan

	Atmósfera	Solo	Ciclo hídrico	Conservación da natureza	Paisaxe	Medio Rural	Medio urbano	Medio industrial	Mobidade	Enerxía	Ciclos de Materiais	Patrimonio	Sociedade e economía
ACTUACIÓNS													
ÁREAS REPARTO SOLO URBANO NON CONSOLIDADO													
PLANS ESPECIAIS PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN INTEGRAL													
EXPANSIÓN NÚCLEOS RURAIS													
SOLO URBANIZABLE RESIDENCIAL													
SOLO URBANIZABLE INDUSTRIAL													
SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS													
SISTEMA XERAL INFRAESTRUCTURAS DE SERVIZOS													
SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES													
PARQUES													
CORREDORES													
SISTEMA XERAL DE COMUNICACIONS E TRANSPORTES													
PROPOSTA MOBILIDADE													
EFFECTOS POSITIVOS													
EFFECTOS NEGATIVOS													

Cómpre sinalar primeiramente que a maior parte das determinacións do PXOM afectan directa ou indirectamente á maioría, senón a todos os factores ambientais considerados, e para ponderarlles obxectivamente baseámonos na referencia territorial do

ámbito de aplicación do Plan. Polo tanto, o resultado da matriz é unha estimación, en función das características do territorio obxecto de ordenación, e sinalan os principais efectos ambientais previsibles das principais actuacións do PXOM, sobre as variables de sustentabilidade.

Para finalizar, tras describir os efectos negativos e positivos, centraremos a análise dos efectos ambientais previsibles sobre os solos de desenvolvemento urbanístico, tanto dos solos urbanos non consolidados como dos solos urbanizables.

6.2. ATMOSFERA/CLIMA

O criterio xeral de sustentabilidade para o PXOM é controlar as emisións contaminantes no concello, sendo a variable atmosfera un obxectivo complexo que ten un contexto máis amplo que o límite municipal.

Os efectos derivados do PXOM, en relación aos contaminantes que se verten á atmosfera, son fundamentalmente os provocados polos procesos de urbanización e construción dos novos ámbitos e sectores e os maiores efectos negativos poderán vir dados dos novos desenvolvementos industriais. Estes poderían incrementar as emisións de contaminantes á atmosfera, derivadas das actividades industrias e do aumento do transporte motorizado, así como problemas de ruído. Tamén poden aumentar as emisións de gases e fumes por mor do aumento do tráfico de vehículos, e por outra banda, segundo o tipo de actividade ou produción poderíanse producir gases contaminantes á atmosfera. En resumo, as principais emisións previstas á atmosfera serán as derivadas dos GEI, dos gases dos vehículos, os posibles ruídos das actividades industriais e da contaminación luminosa. O tema da contaminación luminosa pode provocar efectos negativos á biodiversidade, polo que se debería ter en conta, sobre todo, en relación á proximidade dos solos industriais de Támagos e Pazos á Rede Natura.

Aplicando o principio de precaución, as actividades susceptibles de implantarse nun territorio estarán reguladas pola normativa do Plan, a normativa sectorial de aplicación, a lei de protección ambiental de Galicia, o Decreto 133/2008 de Avaliación de Incidencia Ambiental, que obriga a poñer as medidas necesarias e oportunas para prever e minimizar a contaminación. Para reducir as emisións é preciso que as industrias dispoñan dos dispositivos que permitan cumprir os estándares establecidos.

Efectos positivos todas as medidas de aforro enerxético e de loita contra os GEI (gases de efecto invernadoiro)e a aposta dende o PXOM pola mobilidade sustentable que se materializa no plan de mobilidade (transporte colectivo, aparcadoiros disuasorios, bicicarrís), ou o urbanismo de proximidade que evitará desprazamentos innecesarios, contribúen a manter unha alta calidade do aire.

Alteracións ou efectos negativos:

- Cambios na calidade do aire, aumento de po en suspensión e contaminantes.
- Aumento dos niveis sonoros, contaminación acústica.
- Contaminación luminosa.

6.3. O SOLO

O solo é un recursos escaso e practicamente non renovable, polo cal é necesario minimizar o seu consumo e optimizalo, para evitar a perda permanente da maior extensión de solo posible, debendo ter os novos desenvolvementos contiguos aos solos urbanos xa existentes e, se pode ser, mesturándose. O PXOM propón un modelo territorial compacto e considera preferentes a continuidade con entramados urbanos xa existentes, respectando sempre aqueles espazos que deban preservarse do desenvolvemento urbanístico polos seus valores naturais, culturais, paisaxísticos, de alta capacidade agraria,...

O novo PXOM define catro novas centralidades: (zona oeste: integra o núcleo rural de Pazos na trama urbana; zona sur: centralidade apoiada na zona equipamental; zona leste: nova centralidade de San Roque; zona norte centralidade para articular a área de equipamento hospitalario.

O efecto de consumo de solo é moi negativo, primeiramente porque o solo se gasta e artificializa e neste sentido o solo como recurso edáfico pérdese. E cando este solo ten capacidade agraria, o cambio de uso provoca a perda de solo natural que é basicamente irreversible , un solo urbanizado artificialízase e perde as súas propiedades naturais e agrícolas de partida. Ademais a perda de solo natural aumenta a superficie de solo artificial e, polo tanto, as superficies impermeables aumentan a enxurrada da auga.

Pola contra, a ordenación proposta contribúe a acadar unha maior compacidade e centralidade o que é un efecto moi positivo, e os desenvolvementos urbanísticos van dirixidos a consolidar os núcleos urbanos e a completar as dotacións de equipamentos e zonas verdes precisas para a mellora do benestar dos cidadáns. Ao mesmo tempo, tamén se destinan novas actuacións a consolidar e potenciar, tanto a eurocidade como o o recurso das augas mineiras e o termalismo.

A adopción de medidas correctoras e protectoras adecuadas suporá á atenuación dos efectos negativos sobre o consumo de solo nos solos urbanos non consolidados e nos urbanizables.

Alteracións ou efectos negativos:

- Cambios no relevo.
- Incremento do risco de procesos erosivos.
- Perda e ocupación de solo.
- Contaminación do solo.
- Impermeabilización do solo.

6.4. O CICLO HÍDRICO

O novo PXOM ten moi en conta a rede hídrica, e todos os ríos e as súas zonas de ribeira quedan protexidos. Ademais temos que engadir que neste territorio o seu principal río: o Támega e o seu afluente o Bupal están formando parte do espazo protexido Rede Natura. O PXOM preserva e fomenta todos os cursos de auga: ríos e regatos mediante a protección do réxime do solo. O PXOM estima que o réxime do solo no ámbito de protección de augas pode estar superposto o que corresponde ao terreo polas súas características: (sobre todo ambientais, paisaxísticas e patrimoniais). De calquera xeito, protéxense os 5 primeiros metros de servidume de uso público e os 100 metros de policía, e superponse a clasificación de augas coa que corresponda polos valores especiais, quedando, xa que logo, todos os ríos e regatos protexidos .

Outra cuestión de moita importancia no novo PXOM, e que esta rede hídrica presenta un caudal irregular que provoca asolagamentos e desbordamento do río no inverno e fortes estiaxes no verán. Para evitar os problemas derivados das crecidas a Confederación Hidrográfica do Douro leva a cabo na actualidade “un proxecto de *Defensa contra avenidas y adecuación medioambiental de cauce y margenes del río Támega y otros arroyos menores en el T.M. Verín*” (non se describen actuacións de limpeza de canles e retirada de sedimentos, repoboación, empolicadas, creación de sendas, novas escolleras...), e estas accións enmárcanse para paliar e evitar as inundacións dos terreos das marxes nos períodos de fortes chuvias e sobre todo, o seu paso pola vila de Verín e outros puntos do territorio.

Unha terceira cuestión co ciclo da auga é a delimitación da zona de protección de augas minerais. Este polígono acada unha superficie importante e nel inscribense parte da vila de Verín e o % do territorio municipal, polo que son varias as actuacións, tanto de solos urbanizables como solos urbanos, que se atopan dentro da área de protección de augas minerais, polo que será necesario tomar medidas específicas para a protección das augas minerais e, de acordo ao regulamento das augas minerais de Galicia, non se poderán ter dentro da área do perímetro delimitado pola confederación de augas correspondente, neste caso a CHD actividades relativas a residuos perigosos, actividades relativas a residuos urbanos o municipais, relativas a residuos radioactivos, actividades relativas a vertidos superficiais e tampouco actividades relativas a outros vertidos. As medidas existentes e propostas para o control da calidade das augas minerais coas actuacións futuras, pasan porque os proxectos de futuras actuacións que poidan facerse nestas zonas incorporen o estudo de posibles afeccións e das correspondentes medidas para evitar este impacto. Tamén se deberá ter especial coidado coas enxurradas para evitar a perda de calidade das augas, para o

cal será necesario tomar medidas para reducir ao mínimo este tipo de riscos e controlar as que son potencialmente contaminantes.

Na memoria do PXOM, calcúlase a capacidade de abastecemento e de saneamento que hai hoxe como a necesaria e proxectada (ver con maior detalle a memoria de ordenación). Producirase un aumento importante do consumo, sobre todo polos novos crecementos industrias e en menor medida polos novos desenvolvementos terciarios e residenciais. Polo que respecta ao consumo de auga estímase que soamente os solos urbanizables, agás os dos proxectos sectoriais (Pazos e Támagos) necesitarían aproximadamente os 780 m3/día. O incremento de vivendas, e en consecuencia de poboación, ten un efecto negativo, xa que incrementa o consumo de auga e tamén incrementa as necesidades de depuración. Este aumento de consumo está por suposto contemplado no Plan, o mesmo que os necesarios sistemas de depuración desta auga que vai consumir, subliñando que debe rexer o principio universal de consumir o que estritamente se necesita. Isto implica aplicar criterios de racionalidade e eficiencia no deseño das instalacións de abastecemento. A responsabilidade no consumo entendemos que é fundamental, se ben é un aspecto que se sae do ámbito de competencia do Plan. Unha vez consumida a auga débese devolver en condicións o máis semellantes posible ao seu estado orixinal. As esixencias nos niveis de depuración e a localización do lugar do vertido son un indicador que responde a este obxectivo.

O PXOM ten que tomar medidas para o aforro de auga e reducir o consumo. Tamén é importante facilitar a infiltración da auga de chuvia, compensando as novas creacións de superficies impermeables e empregar técnicas que faciliten a infiltración da auga de chuvia no desenvolvemento dos novos desenvolvementos urbanísticos.

Por outra banda, a mellora da calidade da auga e do río Támega e os seus tributarios é un obxectivo estratéxico, no municipio e debe de selo tamén nos concellos limítrofes, en especial no veciño concello de Chaves.

Efectos positivos: todos os relacionados coa mellora do servizo de abastecemento, así como accións de saneamento, ademais de que todos os cursos de auga quedan protexidos como rústicos de especial protección de augas, quedando protexida toda vexetación riparia. O contorno dos ríos, terán a consideración de Solo Rústico de protección das augas quedando excluído do proceso urbanizador e sometido ao réxime de uso que para esta clase de solo establece a lexislación urbanística.

Efectos negativos: o ciclo da auga será obxecto de alteración por :

- Alteracións e modificacións das liñas de drenaxe.
- Risco de incorporación de sólidos en suspensión a redes fluviais e / ou alteración da calidade das augas superficiais.
- Alteración ou diminución da calidade das augas subterráneas.
- A contaminación agraria difusa.
- O aumento de consumo de auga.
- O risco de inundación como criterio xeral, para as zonas con risco de inundación en solo urbano e nos núcleos rurais o concello e o organismo da cunca deseñarán e executarán as obras hidráulicas necesarias para a prevención de avenidas, como están na actualidade facendo.
- A perda ou diminución de recarga do acuífero, por mor da permeabilización do solo.
- O risco de seca.

Nos casos en que, conforme á lexislación urbanística, as correntes de auga de escasa entidade queden integradas nos sistemas de espazos libres públicos en solo urbanizable, manterase o seu curso e as súas características naturais procurando conservar a vexetación de ribeira.

Cando a Confederación elabore o mapa de zonas inundables estableceranse as medidas necesarias para previr os danos por inundacións sobre persoas e bens. Con carácter xeral, estes terreos non poderán ser obxecto de transformación urbanística.

Calquera novo desenvolvemento residencial, industrial ou terciario preverá obrigatoriamente dúas redes de evacuación de augas, separadas e independentes, para augas pluviais e para augas residuais.

As redes de evacuación de augas residuais para os novos desenvolvementos urbanísticos conducirán a elementos ou instalacións de depuración que garantan que os efluentes cumpran os límites medioambientais establecidos legalmente. As novas redes de saneamento de tipo separativo son positivas, posto que diminúe o volume de auga a depurar co conseguinte aforro.

O PXOM deberá tomar medidas precisas en orde a prever calquera deterioro adicional e protexer e mellorar o estado dos ecosistemas e do medio acuático, promover o uso sostible da auga, garantir a redución da contaminación, contribuír a paliar os efectos das inundacións e das secas.

6.5. A CONSERVACIÓN DA NATUREZA

O concello de Verín atópase atravesado pola Zona de Especial Protección dos Valores Naturais ZEPVN e Lugar de Importancia Comunitario LIC, o río Támega pertencente á Rede Natura. É un espazo natural formado polas beiras deste río no territorio galego, onde se protexen os importantes bosques de ribeira e formacións de vexetación acuática, incluíndo a palustre, ademais das chairas aluviais e lagoas estacionais das marxes. O PXOM establece unha clasificación coherente con este enclave natural e concretamente clasifica como solo rústico de especial protección de espazos naturais que é a categoría de solo máis restritiva na regulación dos usos permitidos; así 295,38 ha o 3,12% do territorio de Verín quedan clasificadas coa máxima protección dos valores naturais.

O PXOM protexe como rústico de especial protección o 89% de todo o territorio de Verín. É por tanto, a clasificación do solo como especialmente protexido a primeira medida necesaria e básica para garantir a protección e salvagarda dos recursos e valores do patrimonio natural, dos recursos agrícolas e forestais, dos recursos hídricos e dos recursos culturais e da paisaxe.

Os hábitats naturais, os humidais de interese natural, a vexetación e fauna de interese, pódense ver afectados directamente pola ocupación e/ou fragmentación do seus hábitats e indirectamente pola contaminación das augas, a atmosfera e o solo.

O PXOM incorpora unha estratexia ambiental mediante un Proxecto Ambiental, onde inclúe aos espazos naturais protexidos como a Rede Natura e os humidais, a vexetación de interese, as mostras de hábitats naturais, e que se fundamenta e introduce criterios manexo de biodiversidade e diseña unha rede de biodiversidade con corredores ecolóxicos, corredores verdes, montes urbanos e montes forestais. E con este proxecto ambiental evítase en boa medida afectar directa ou indirectamente a flora e fauna pola ocupación e fragmentación, ao deixar corredores ecolóxicos de flora e fauna, o que contribúe a manter a biodiversidade e sobre todo, no que respecta á biodiversidade, tanto a fauna piscícola, como anfibios, réptiles e avifauna da Rede Natura.

Ademais este proxecto ambiental consegue integrar no medio urbano a biodiversidade e mediante espazos libres e zonas verdes conectadas conseguiranse uns xardíns e parques máis naturais e que acollan unha maior diversidade de fauna e flora, cunha maior naturalidade e interese natural e cultural.

Outras medidas como o acondicionamento de áreas recreativas e espazos libres en áreas de interese natural, a protección destes espazos con arborado autóctono, provocan efectos positivos polos seus grandes atractivos paisaxísticos e de valor de biodiversidade e de conectividade, a escala local.

O punto de interese xeomorfolóxico Pozo do Demo non se atopa afectado por ningún proceso urbanizador e queda protexido dentro do solo rústico de especial protección.

O PXOM favorece a conectividade ecolóxica, garante o uso prudente dos recursos naturais e pula pola protección e recuperación dos elementos naturais.

Efectos negativos:

- Eliminación da vexetación e hábitats de interese comunitario.
- Alteración ou diminución da superficie dos hábitats faunísticos.

- Alteración nas pautas de comportamento (mobilidade, ciclos de cría e reprodución).
- Eliminación directa de exemplares.
- Efecto barreira sobre a fauna terrestre.
- Afección a coutos de caza e pesca.
- Afección a espazos naturais.

6.6. A PAISAXE

A paisaxe considerámola como o resultado de todos os procesos que interactúan no territorio, así o planeamento deberá integrar na súa planificación as características e valores da paisaxe, co fin de preservar a súa identidade e garantir a súa funcionalidade. O PXOM favorece a integridade paisaxística e pula por unha paisaxe de calidade, para conseguir ámbolos criterios o PXOM elabora unha serie de accións e estratéxicas que producen efectos positivos e que enumeramos a continuación:

Accións de protección de solos rústicos, accións de recuperación e mellora de núcleos, accións nos solos urbanos que melloren os bordos do urbano, a protección da rede hídrica, a incorporación dos ríos Támega e Marbán na cidade por medio de corredores verdes, as accións para mellorar a paisaxe industrial en especial no zona industrial de Pazos e tamén na de Padrón . A creación dos Plans Especiais de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico de Verín, do núcleo de Pazos e do balneario de Cabreiroá.

O PXOM tamén integra o monte Monterrei e o monte de Montouto como fitos paisaxísticos de primeira orde, e estas consideracións inciden tamén na necesaria intervencións das cubertas vexetais de ditos montes e na súa relación coa Rede Natura do Támega.

Os maiores impactos negativos poden estar relacionados cos solos urbanizables industriais, en especial os do Plan Sectorial de Támagos, polas súas dimensións no val. Con todo, este solo procede dun proxecto sectorial que ten medidas para a súa adecuación paisaxística na súa contorna rural e natural, e tamén coas infraestruturas de transporte e enerxéticas.

A proposta do sistema de espazos libres do PXOM contribúe moi positivamente a mellorar a paisaxe de Verín. Tamén o novo modelo territorial de compacidade mellorará a paisaxe urbana e a súa relación coa paisaxe natural e rural.

Efectos negativos:

- Alteracións da paisaxe.
- Perda de corredores visuais cara os fitos paisaxísticos.

6.7. MOBILIDADE

O novo PXOM ten unha **estratexia para a mobilidade** que parte da definición dun novo sistema viario que apoiado na trama existente a complete. Con actuacións a dous niveis, o territorial e o urbano. No primeiro define o enlace da A52 coa A 24 portuguesa, actuación clave para a eurocidade Verín Chaves. E no nivel urbano, accións para resolver os problemas de mobilidade interna da cidade.

Respecto ao transporte público, dende o PXOM apóstase por este modelo e proxéctase unha rede Verín Chaves, e realízase a estación de autobuses para converterse no principal nó do sistema de transportes colectivo da cidade.

Sistema de aparcadoiros. 3 áreas de aparcadoiros públicos en tres áreas urbanos non consolidadas, e unha rede integrada de bicicarrís que articule a cidade e o seu contorno inmediato, e que conecte os parques públicos e os principais sistemas ambientais.

Os efectos do PXOM sobre a mobilidade son positivos, prevíndose conexións e con accións de mellora da mobilidade e de mellora de infraestruturas. Recolléndose as actuacións necesarias no viario supramunicipal, así como itinerarios peonís de bicicarrís. Ou a implantación de novas dotacións e espazos libres conduce a un urbanismo de proximidade, achegando as

dotacións e os espazos libres aos cidadáns.

Os solos de desenvolvemento urbanístico seguen un modelo de centralidade e presentan boas condicións de proximidade e de mobilidade, podendo incidir positivamente na mobilidade sustentable.

6.8. O PATRIMONIO

O Plan Xeral elabora un extenso catálogo de elementos susceptibles de protección. É un documento integrante do PXOM e neste documento existe unha ficha identificativa de cada un dos elementos protexidos, cunha descrición do mesmo, así como unha localización xeográfica e o nivel de protección para cada elemento, xa que logo, este catálogo permitirá evitar a desaparición dalgúns destes elementos singulares.

Ademais da acción de elaborar o catálogo que é un documento integrante do PXOM -e por tanto obrigatorio- o PXOM proxecta outras accións para a protección, rehabilitación do patrimonio como son os 3 plans especiais de protección e rehabilitación integral. Xa que logo, a cidade histórica sufrirá unha moi positiva revitalización vella, o mesmo que o núcleo tradicional de Pazos e o balneario de Cabreiroá.

Outras accións positivas son o tratamento do conxunto de Muíños de San Lázaro, a posta en valor dos balnearios, a recuperación dos muíños de aceite, a posta en valor da muralla medieval, e por último salientar que o concello está atravesado polo Camiño de Santiago.

Efectos negativos:

- Impactos sobre a toponimia local.
- Eliminación, deterioración e/ou transformación de muros e lindes ou outros elementos tradicionais.
- Riscos de afección ao patrimonio histórico-artístico e arqueolóxico.

6.9. MEDIO URBANO

A ordenación proposta no PXOM promove un modelo territorial compacto que se define en dúas actuacións concretas: a compactación dos baleiros existentes xurdidos dun crecemento lineal, a carón das vías de comunicación, para crear unha trama urbana que articule a cidade onde a ronda interior cobre grande importancia e por outra banda, defínense novas centralidades apoiadas nos asentamentos tradicionais, e creando cidade, a través dos equipamentos comunitarios, o que provocará efectos positivos na mellora da calidade de vida e da habitabilidade, así como promover a proximidade e polo tanto mellorar as relacións sociais e mellorar a mobilidade, potenciando 4 novas centralidades, a proposta de 3 PEPRIs. Os solos urbanizables permiten obter novas dotacións e espazos libres que supoñen unha mellora da calidade urbana e por tanto, da habitabilidade e da calidade urbana e mellora da calidade de vida para a poboación.

Os novos solos urbanos e urbanizables, por unha banda, teñen un efecto positivo, xa que permiten rematar e desnificar a trama urbana en zonas onde as vivendas están espaxadas a carón das estradas; e por outro lado presenta un efecto negativo, xa que artificializa o solo, o que provoca a perda de solo natural.

6.10. MEDIO RURAL

O concello conta con núcleos de poboación; a mellora da calidade de vida e habitabilidade dos residentes nos núcleos é un obxectivo básico, tanto en infraestruturas de abastecemento, servizos, como no novo sistema de espazos verdes ou no sistema xeral de equipamentos .

Os efectos do Plan sobre o medio rural son positivos, posto que se potencia a centralidade das parroquias e evitase a dispersión.

6.11. MEDIO INDUSTRIAL

O PXOM incorpora diferentes e importantes propostas para os solos empresariais como son, un gran parque empresarial en Támagos que procede dun proxecto sectorial supramunicipal, un parque empresarial en Pazos que completará e solucionará as carencias e problemáticas ambientais no existente polígono de Pazos, un novo sector industrial en Padrón que reordene as construcións industriais xa existentes e os outros dous solos industriais en relación coas augas minerais e son para a ampliación das zonas fabrís de embotellado de augas minerais de Sousas e Cabreiroá.

En todos eles debese garantir a dotación de infraestruturas e equipamentos axeitados ás necesidades industriais e ao contexto onde se asentán. E deben de favorecer unha paisaxe industrial de calidade e integradas no contorno no que se asentán.

6.12. ENERXÍA

O incremento da eficiencia enerxética e a integración de fontes de enerxía renovables son medios propostos no Protocolo de Kioto para acadar os obxectivos de redución deses gases e contribuír así ao desenvolvemento sostible, entendendo como tal un desenvolvemento que responde ás necesidades actuais, sen poñer en perigo a capacidade das xeracións futuras de satisfacer as súas propias. Os efectos do Plan sobre o gasto enerxético son negativos, posto que a construción e uso de novas edificacións residencias, terciarias e industrias, equipamentos e servizos incrementan o consumo enerxético pero ao mesmo tempo o consumo enerxético no futuro, en comparación á situación actual, ten un menor incremento debido ás novas políticas, plans e programas de aforro de enerxía e de utilización de enerxías renovables e de accións pasivas de utilizar criterios bioclimáticos nas vivendas para o aforro de enerxía, así como a óptima orientación dos edificios para aproveitar a luz natural e aforrar calefacción e climatización; así pois, a orientación, a inclinación e as sombras son criterios de deseño que interveñen practicamente na redución do consumo enerxético.

Neste sentido o código técnico da edificación dá un pulo en materia de aforro enerxético da vivenda. O código técnico da edificación obriga ao emprego de paneis solares para cubrir o 30% de enerxía destinada a auga quente sanitaria. Fomentar o deseño de cubertas nos equipamentos e industriais que permitan a iluminación natural de compoñente norte, co obxecto de evitar ou reducir iluminación artificial.

As condicións climáticas da comarca de Monterrei claramente permiten o emprego de enerxía solar.

A redución do consumo de enerxía depende mormente dun consumo responsable e de dispor das melloras técnicas existentes.

O alumeado público deberase calcular con criterios de racionalidade e eficiencia. Deberase empregar lámpadas de vapor de sodio de alta presión na rede viaria e lámpadas de baixo consumo nas áreas iluminadas das zonas verdes. Utilizaranse reloxos astronómicos para o acendido e apagado da iluminación pública.

O plan de mobilidade do PXOM que pula pola mobilidade sostible, o uso da bicicleta e o transporte público para os desprazamentos cotiáns, a creación de aparcadoiros disuasorios, as conexións peonís, o urbanismo de proximidade, son accións de aforro de combustibles sólidos e de emisións de contaminantes á atmosfera.

Efectos negativos :

O aumento do consumo enerxético.

6.13. RESIDUOS

O incremento da poboación prevista provoca tamén un incremento da xeración de residuos, o mesmo que a actividade urbanística provoca residuos fundamentalmente de construción e demolición. Dende o Plan púlase pola reciclaxe dos materiais, unha vez finalizada a súa vida útil e utilizar materiais reciclados respecto á utilización de materias primas naturais.

6.14. SOCIEDADE E ECONOMÍA

A capacidade máxima residencial do Plan na alternativa B avaliada é de aproximadamente 16.713 vivendas a teito de planeamento (aínda que na tramitación posterior esta cifra foi variando á alza). Por outra banda, a proxección de poboación determina a posibilidade duns 24.820 habitantes residentes mais uns 2.000 transeúntes e estudantes no ano 2034 nesa mesma alternativa B avaliada, por tanto a capacidade residencial do mesmo serían uns 26.820 habitantes (aínda que na tramitación posterior estas cifras foron variando minimamente).

Efectos positivos:

- Mellora no emprego.
- Dinamización económica.
- Mellora das infraestruturas e servizos.
- Mellora de espazos verdes.

Efectos negativos:

- Molestias sobre a poboación.

6.15. AVALIACIÓN DE EFECTOS E MEDIDAS NOS SOLOS URBANOS NON CONSOLIDADOS E URBANIZABLES.

Para cada un dos solos urbanos non consolidados e urbanizables faise unha matriz na que se valora a calidade ambiental do territorio, así como as posibles afeccións sobre o medio e sobre os condicionantes xerais e ambientais ou os elementos estratéxicos identificados no apartado 3.5 que se poidan producir nas zonas onde se vaian a emprazar os ámbitos de planeamento en solo urbano non consolidado e/ou urbanizable, aos efectos de establecer cautelas ou medidas correctoras –no seu caso- en base aos parámetros que se derivan dunha avaliación daqueles condicionantes identificados que se poidan valorar con suficiente precisión e ser representados gráfica ou territorialmente, tais como os seguintes:

- Actuacións sobre o acuífero: identifícanse os solos que están na área do acuífero de Verín.
- Biodiversidade, que se identifica se cada solo está sobre algúns dos tipos de hábitats naturais da directiva hábitats. Mídese se o solo ten superficie incluída no ámbito próximo de 100 m en hábitats e interese, así como se a peza de solo presenta vexetación natural de interese.
- Valor ecolóxico, que se mide como a distancia á Rede Natura e humidaís, dende os 5 m ata os 100 m. A menor distancia maior valor ecolóxico.
- Proximidade á rede hídrica, que se mide se a peza está a 100 metros ou menos dun río ou regato, e mídese tamén se está a 5 m.
- Solos sobre protección de augas minerais e termais, identifícanse os solos que están dentro do polígono de protección de augas minerais e termais.
- Solos sobre acuífero de Verín, identifícanse os solos que están no acuífero.
- Proximidade a elementos patrimoniais, mídese se as pezas están a menos de 10 m. dun elemento catalogado.
- Proximidade a impactos visuais, canteiras, vertedoiros, autovías, liñas de alta tensión.
- Proximidade a solos rústicos protexidos, se os solos limitan cun solo de especial protección agrario, forestal, espazos naturais, e ou paisaxe.

- Proximidade a núcleos rurais. Identifícase se os solos están a menos de 500 m dun núcleo rural (só se analizamos solos urbanizables).

Solos urbanos non consolidados

Na seguinte matriz identifícanse tódolos solos urbanos non consolidados e os recadros de cor (1) son os que a APR ten identificado o parámetro analizado.

Así pois, temos en canto a biodiversidade (hábitats mais vexetación natural) 4 solos identificados; en canto a afeccións, a rede hídrica medida pola proximidade á rede hídrica, de acordo aos parámetros de 100 e 5 m de distancia de policía e dominio, dos cales 6 solos están no dominio público e 9 solos na zona de policía.

Os solos con maior valor ecolóxico son 1 que está a menos de 100 m dun humidal e 3 solos que están a menos de 5 metros da Rede Natura e 3 solos máis que están a menos de 100 m do espazo protexido.

Respecto a solos sobre protección de augas minerais e termais, identifícanse 22, que están dentro do polígono de protección de augas minerais e termais.

Respecto a solos sobre acuífero de Verín, case todos os solos 47 están localizados sobre o acuífero deste concello.

		RIOS ZONA DOMINIO PÚBLICO	RIOS ZONA POLICIA	PROXIMIDADE HUMIDAS	HABITAT 5m	VEGETACION NATURAL	PROTECCION AUGAS MINERAIS	ACUIFERO	REDE NATURA 5m	REDE NATURA 100m	PATRIMONIO 10m
CLAVE	NOME										
APR-01	Hospital 1	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0
APR-02	Hospital 2	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0
APR-03	Hospital 3	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0
APR-04	Preguiza 1	1	1	0	0	0	0	1	0	1	0
APR-05	Preguiza 2	0	1	0	0	0	0	1	0	1	0
APR-06	Elvira Carrera norte	0	1	0	0	0	0	1	0	0	0
APR-07	Elvira Carrera sur	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1
APR-08	Avda. Laza	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0
APR-09	Fonte do Sapo	0	1	0	0	0	1	0	0	0	0
APR-10	San Roque	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0
APR-11	Pavillón-Piscina	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0
APR-12	Rosalía-Luis Espada 3	0	0	0	0	0	1	1	0	0	0
APR-13	Rosalía-Luis Espada 2	0	0	0	0	0	1	1	0	0	1
APR-14	Rosalía-Luis Espada 1	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1
APR-15	Avda.Castela 1	0	0	0	0	0	1	1	0	0	0
APR-16	Avda. Castela 2	0	0	0	0	0	1	1	0	0	0
APR-17	Avda. Sousas	0	0	0	0	0	1	1	0	0	1
APR-18	Fontenova 1	0	0	0	0	0	1	1	0	0	1
APR-19	Fontenova 2	0	0	0	0	0	1	1	0	0	0
APR-20	Fontenova Balneario	0	0	0	0	0	1	1	0	0	1
APR-21	Fontenova 3	0	0	0	0	0	1	1	0	0	0
APR-22	Verín Centro 1	0	1	0	0	0	0	1	0	0	1
APR-23	VerYn Centro 2	0	1	0	0	0	0	1	0	0	1
APR-24	Centro Sa-de	0	0	0	0	0	1	1	0	0	0
APR-25	Noría 1	0	1	0	1	0	0	1	0	1	0
APR-26	Pazos 3	1	1	0	0	1	0	1	1	1	1
APR-27	Pazos 2	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1
APR-28	Pazos 1	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1
APR-30	Camiño Queizás 1	0	1	0	0	0	0	1	0	1	0
APR-31	Camiño Queizás 2	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0
APR-32	Camiño Queizás 4	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0
APR-33	Chivite-Avda. Portugal 1	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1
APR-34	O Per--1	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0
APR-35	María Inmaculada 2	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1
APR-36	O Per--2	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0
APR-37	O Per--3	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0
APR-38	Infestela 1	0	0	0	0	0	1	1	0	0	0
APR-39	Infestela 2	0	0	0	0	1	1	1	0	0	0
APR-40	Infestela 3	0	0	0	0	0	1	1	0	0	0
APR-41	R-a Laureano Pelaez	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1
APR-42	María Inmaculada 1	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1
APR-43	Os Coutos 4	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0
APR-44	Os Coutos 5	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1
APR-45	Barrios	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1
APR-46	Queizás	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1

Solos urbanizables:

Os solos urbanizables delimitados SUD :

Na seguinte matriz identifícanse tódolos os solos urbanizables delimitados e os recadros de cor e número 1 son os que teñen identificado o parámetro analizado.

Así, temos en canto á biodiversidade (hábitats) 1 solos identificados; en canto a afeccións a rede hídrica medida pola proximidade á rede hídrica, de acordo aos parámetros de 100 e 5 m de distancia de policía e dominio, dos cales 1 solo está no dominio público e 9 solos na zona de policía.

O solo con maior valor ecolóxico é 1, que está a menos de 100 metros do espazo protexido,

Solos sobre protección de augas minerais e termais: identifícanse 10 solos que están dentro do polígono de protección de augas minerais e termais.

Solos sobre acuífero de Verín: 10 solos están localizados sobre o acuífero de Verín.

4 solos presentan un elemento de patrimonio próximo.

11 solos presentan algúns dos seus límites cun solo rústico de especial protección, debéndose tomar nestes solos as accións para a integración paisaxística do efecto bordo entre o solos urbanizados e os rústicos.

8 solos están a menos de 500 metros dun núcleo rural, debéndose tamén ter isto e conta sobre todo na integración paisaxística dos novos urbanizables cos solos rurais.

Matriz SUD:

		RIOS ZONA DOMINIO PÚBLICO	RIOS ZONA POLICIA	PROXIMIDADE HUMIDAS	HABITAT 5m	VEGETACION NATURAL	PROTECCION AUGAS MINERAIS	ACUIFERO	REDE NATURA 5m	REDE NATURA 100m	PATRIONIO 10m	CAMIÑO SANTIAGO	LIMITE SOLO RUSTICO	REDE NATURA 500 m
CLAVE	NOME													
DELIMITADOS RESIDENCIAIS														
SUD-01	Hospital	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1	0	1	0
SUD-02	A Milleira	0	1	0	0	0	0	1	0	0	0	0	1	0
SUD-03	Marbar 1	0	1	0	0	0	0	1	0	0	0	0	1	0
SUD-04	Marbar 2	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1	0	0	0
SUD-05	A Moleriza 2	0	1	0	0	0	1	1	0	0	0	0	1	0
SUD-06	A Moleriza 1	0	1	0	0	0	1	1	0	0	0	0	1	0
SUD-07	Cabreiroá	0	1	0	0	1	1	1	0	0	0	0	1	0
SUD-08	Sousas 1	0	0	0	0	0	1	0	0	0	1	0	1	0
SUD-09	Fontenova leste	0	0	0	0	0	1	1	0	0	0	0	0	0
SUD-10	Polvorín	0	0	0	0	0	1	1	0	0	1	0	0	0
SUD-11	Camiño de San Anón	0	0	0	0	1	1	1	0	0	0	0	1	0
SUD-12	San Roque	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	1	0
SUD-13	Sousas 1	0	0	0	0	1	1	0	0	0	0	0	1	0
SUD-14	Institutos 1	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	1	0
SUD-15	Institutos 2	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	1	0
SUD-16	Os Coutos	0	0	0	0	0	1	1	0	0	0	0	1	0
SUD-17	A Noría 2	1	1	0	0	0	0	1	1	1	0	0	1	0

SUI Solos urbanizables industriais

Na seguinte matriz identifícanse tódolos solos urbanizables industriais e os recadros de cor e número 1 son as que teñen identificado o parámetro analizado.

Así temos en canto a biodiversidade (hábitats e vexetación de interese) 2 solos identificados; en canto a afeccións a rede hídrica medida pola proximidade, de acordo aos parámetros de 100 e 5 m de distancia de policía e dominio, dos cales 1 solo está no dominio público e 2 solos na zona de policía.

Os solos con maior valor ecolóxico son 2, que están a menos de 5 metros do espazo protexido.

Solos sobre protección de augas minerais e termais: identifícanse 2 solos que están dentro do polígono de protección de augas minerais e termais.

Solos sobre acuífero de Verín, 3 solos están localizados sobre o acuífero de Verín.

2 solos presentan un elemento de patrimonio próximo.

Todos os solos presentan algúns dos seus límites cun solo rústico de especial protección debéndose nestes solos tomar as accións para a integración paisaxística do efecto bordo entre os solos urbanizados e os rústicos.

2 solos están a menos de 500 metros dun núcleo rural debéndose tamén ter isto e conta, sobre todo na integración paisaxística dos novos urbanizables cos solos rurais.

Matriz SUI

		RIOS ZONA DOMINIO PÚBLICO	RIOS ZONA POLICIA	PROXIMIDADE HUMIDAI	HABITAT 5m	PROTECCION AUGAS MINERAIS	ACUIFERO	REDE NATURA 5m	REDE NATURA 100m	PATRIONIO 10m	CAMIÑO SANTIAGO	LIMITE SOLO RUSTICO	REDE NATURA 500 m
CLAVE	NOME												
INDUSTRIAIS													
SUI-01	Poligono Tamagos	1	1	0	1	0	0	1	1	1	1	1	0
SUI-03	O Padrón	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	1	0
SUI-02	Poligono Pazos	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1	0	0
SUI-05	Sousas	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	1	0

SUND solos urbanizables non delimitados

En canto a biodiversidade (hábitats e vexetación de interese) 2 solos identificados; en canto a afeccións á rede hídrica medida pola proximidade a esta, de acordo aos parámetros de 100 e 5 m de distancia de policía e dominio. Un solo está na zona de policía.

Os solos con maior valor ecolóxico son 2, que están a menos de 5 metros do espazo protexido.

Respecto de protección de augas minerais e termais, identifícanse 2 solos que están dentro do polígono de protección de augas minerais e termais.

Solos sobre acuífero de Verín; 3 solos están localizados sobre o acuífero de Verín.

Todos os solos presentan algúns dos seus límites cun solo rústico de especial protección debéndose nestes solos tomar as accións para a integración paisaxística do efecto bordo entre os solos urbanizados e os rústicos.

Tres solos están a menos de 500 metros dun núcleo rural.

2 solos están a menos de 500 metros dun núcleo rural debéndose tamén ter isto e conta sobre todo na integración paisaxística dos novos urbanizables cos solos rurais.

Matriz SUND

		RIOS ZONA DOMINIO PÚBLICO	RIOS ZONA POLICIA	PROXIMIDADE HUMIDAI	HABITAT 5m	VEGETACION NATURAL	PROTECCION AUGAS MINERAIS	ACUIFERO	REDE NATURA 5m	REDE NATURA 100m	PATRIONIO 10m	CAMIÑO SANTIAGO	LIMITE SOLO RUSTICO	REDE NATURA 500 m
CLAVE	NOME													
NON DELIMITADOS RESIDENCIAIS														
SUND-04	Camiño S. Pedro	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	1	0
SUND-05	A Noria 1	1	1	0	0	0	0	1	0	1	0	0	0	0
SUND-07	Camizo Queizás	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	1	0
SUND-08	Sousas 2	0	0	0	0	1	1	1	0	0	0	0	1	0

6.15.1. CONSECUENCIAS DA VALORACIÓN DE AFECCIÓN. MEDIDAS PARTICULARES NOS ÁMBITOS.

A inclusión dun ámbito nalgunha destas alertas que se teñen avaliado sobre os condicionantes xerais e ambientais ou os elementos estratéxicos identificados no citado apartado 3.5 conlevarán a necesidade de tomar as medidas específicas relativas a esa variable cando se atope a afección directamente incluída dentro da delimitación do ámbito. Por contra, cando se trata de alertas de proximidade a determinadas distancias teranse en conta esas medidas como recomendacións de integración da ordenación pretendida dos ámbitos con esas variables, pero terá que demostrarse detalladamente que a solución adoptada non produce afección sobre as citadas variables, todo elo segundo se detalla para cada variable nos distintos grupos de medidas preventivas e correctoras que se establecen no presente apartado (a maiores das xerais que se establecen no apartado 7 do presente ISA), e que se recollen nos puntos seguintes para cada variable (ou grupos de variables cos mesmos condicionantes a efectos das medidas a tomar):

Medidas particulares de protección no ámbito dos solos urbanos non consolidados e urbanizables para as alertas e variables que se teñen avaliado .

No que respecta á incidencia sobre os **cauces, ríos e regatos nas zonas de dominio público e policía**:

- Como criterio xeral e na medida do posible, integraranse as liñas de auga do sector dentro dos sistemas locais de espazos libres e zonas verdes cos tratamentos correspondentes ás diferentes situacións, mais con criterios que garantan o seu funcionamento e continuidade co seu contorno e cos sistemas naturais.
- Ribeiras fluviais: as cesións de zonas verdes deberan situarse obrigatoriamente na ribeira do río (sobre todo cando exista arborado de ribeira ou de interese), debéndose manter a biodiversidade do espazo fluvial.

No que respecta á incidencia sobre os **acuíferos e as augas minerais**:

- Dada a especial relevancia que para Verín teñen as reservas de augas soterradas calquera actuación sobre zonas especialmente sensibles neste eido deberá estar ben documentada e realizarse con suma cautela para impedir a contaminación das augas que se puideran atopar nas inmediacións.
- Porase especial coidado, na medida en que isto sexa posible, en non crear pantallas que produzan desvíos significativos de cursos de augas nin ocasionar variacións do nivel freático que podan producir danos propios ou a terceiros.
- Para o axardinamento optarase principalmente por especies vexetais e arbóreas de tipo autóctono e polo tanto máis acaídas no que se refire ao consumo de auga.
- Se se constata que as augas atmosféricas poden conter ou arrastrar elementos contaminantes con incidencia na calidade das augas unha vez infiltradas no terreo disporanse con carácter previo a que isto suceda dos sistemas de retida e tratamento acaídos para mellorar a súa calidade.

No que respecta á proximidade de **elementos con valor patrimonial**:

- O desenvolvemento de calquera ámbito terá en conta a presenza de elementos patrimoniais nas súas proximidades, de cara á súa mellor incorporación ou coexistencia cos mesmos, valorándose a medida das accións a realizar en función da importancia do ben ou bens presentes.
- Procurarase na medida en que isto sexa posible integrar estes elementos ben dentro das dotacións que propoña o ámbito concreto ou nas súas proximidades para deste xeito acadar unha maior calidade dos espazos ao tempo que a recuperación dos bens se isto fose preciso.
- Favorecerase a contemplación dos bens patrimoniais para o cal se terá en conta a súa posición á hora do deseño dos espazos públicos e da ordenación volumétrica do ámbito.
- Cando menos no contorno máis inmediato ou próximo dos elementos buscarase que os materiais empregados tanto para a urbanización como as edificacións contribúan a poñelos en valor e harmonizar con eles.

No que fai as **zonas en contacto con solos rústicos de especial protección**:

- Procurarase sempre acadar unha boa transición entre as zonas máis antropizadas do ámbito e o espazo rural adxacente.
- Estudarase a posibilidade de dar continuidade á presenza das especies vexetais e arbóreas que se localizan nas zonas rurais próximas dentro do sistema de espazos libres de cada ámbito, así como a creación de hortas urbanas nas inmediacións de solos rústicos de especial protección agropecuaria se iso fose posible e compatible coa ordenación proposta.
- Fomentarase a creación de itinerarios peonís e carris-bici que en todo caso teñan moi en conta e conecten coa rede de camiños tradicionais existentes.
- Analizarase a incidencia da nova implantación dende a óptica da súa contemplación tanto inmediata como lonxana por se dela se derivase a toma de medidas adicionais de integración.
- Buscarase diminuír o impacto que podan producir todas aquelas infraestruturas presentes nos ámbitos e que por calquera razón non podan soterrarse.

No que respecta á **presenza de núcleos rurais próximos**:

- Buscarase que a ordenación do ámbito module a densidade do mesmo tendo en conta os núcleos rurais cos que poda estar en contacto para lograr unha acaída transición tanto no que se refire ás alturas como á ocupación do solo.
- Analizaranse en cada caso as cores, texturas, materiais e volumes dos núcleos rurais procurando que as novas propostas localizadas nas súas inmediacións, na medida do posible, harmonicen con eles, en especial se a zona adxacente fose de tipo histórico-tradicional.
- Prestarase atención no deseño dos ámbitos a acadar unha boa interconexión dos mesmos cos núcleos e en facilitar a accesibilidade dos seus residentes ás dotacións que se leven a cabo nos primeiros.
- Fomentarase a circulación peonil e aquela que non empregue medios motorizados privados.
- Disporanse zonas de recollida múltiple de residuos que sirvan tanto aos propios ámbitos a desenvolver pero que tamén podan ser empregadas doadamente polos veciños dos núcleos próximos.
- Enfocaranse en xeral as reservas dos equipamentos dos ámbitos a cubrir as necesidades dotacionais que se puideran ter detectado nos núcleos rurais cos que estean en contacto, en particular no que se refire a usos deportivos ou socioculturais.


No que atinxe á **biodiversidade**:

- Procurarase incluír no sistema de espazos libres aquela vexetación ou arborado de interese existente con carácter previo á transformación dos terreos, ou cando menos aqueles que sexan máis significativos ou valiosos.
- A ordenación do ámbito buscará nos espazos públicos evitar a formación de barreiras para o tránsito das especies animais que ocasionalmente podan atoparse na zona.


6.16. MEDIDAS PARTICULARES DE APLICACIÓN NAS ACTUACIÓNS CON ORDENACIÓN DETALLADA .


Aos efectos de avaliar, e no seu caso corrixir eivas, realízase o presente apartado detallado sobre medidas particulares de aplicación nas actuacións con ordenación detallada para evitar os impactos negativos detectados (o resto das medidas que abranguen tódolos vectores relacionados coa sustentabilidade son concretadas nas medidas preventivas e correctoras descritas na estratexia de minimización de impactos negativos do ISA).

SUD-07 CABREIROÁ		MEDIDAS PARTICULARES: As medidas propostas de prevención están en relación aos probables impactos territoriais	
		B: MEDIDAS PARA A PRESERVACIÓN DOS VALORES NATURAIS E DA VEXETACIÓN. Garantírase a presenza de pes arbóreos autóctonos nas zonas verdes e espazos libres que, na medida do posible, se deberán conservar in situ e, se isto non é posible, transplantar ou plantar novas árbores nas zonas verdes e espazos libres. Ante a ineludible eliminación de exemplares, realizarase unha valoración do arborado, asegurando unha plantación no mesmo ámbito por valor equivalente. Dotacións de árbores no espazo público (beirarrúas) para compensar a perda de masa vexetal e arborada. O axardinamento das zonas verdes débese garantir que se acometa con especies vexetais adaptadas ás condicións ambientais existentes, debendo ser preferiblemente especies autóctonas ou ben ser especies de doada integración na paisaxe e incapacidade probada para asilvestrarse e, en todo caso, de procedencia local ou comarcal. C: MEDIDAS ENCAMIÑADAS A EVITAR O RISCO DE INUNDACIÓN E A CONTAMINACIÓN POR ESCORRENTA DOS CURSOS DE AUGA. A parte sueste do urbanizable atópase dentro da zona de policía do río Abedes, debéndose elaborar un estudo hidráulico. A zona verde do extremo SL deberá ter o solo permeable mediante o emprego de pavimentos drenantes, materiais porosos, tramas verdes de formigón, etc. que favorezan o filtrado natural no terreo. O resto das zonas verdes e espazos libres deberan ter, polo menos, o 70% de superficies permeables. D MEDIDAS PARA OS SOLOS SOBRE PROTECCIÓN DE AUGAS MINERAIS E TERMAIS: Neste solo deberase ter en conta a normativa vixente sobre augas mineiro medicinais. E: MEDIDAS PARA A PERMEABILIDADE. Recoméndase deixar o maior superficie de solo permeable e utilización de materiais porosos nas zonas verdes e espazos libres para facilitar a infiltración de auga de chuva (tanto para a recarga do acuífero como para a prevención das inundacións). Todos os solos deben deixar a maior superficie posible de solo permeable (polo menos o 70 % da superficie de espazos libres e zonas verdes). E: MEDIDAS CO FIN DE MINIMIZAR A AFECCIÓN AS ZONAS RÚSTICAS. Se durante as obras se vise afectado accidentalmente o solo rústico da contorna, procederase á restauración do medio, ata a súa condición natural orixinal.	
SUD-07	Cabreiroá	B C D E G	Ademais destas medidas territoriais tomaranse as medidas necesarias para minimizar o consumo enerxético, salientando a orientación das edificacións, así como potenciar a iluminación natural nas vivendas e utilizar criterios de arquitectura bioclimática para o soleamento, iluminación natural e aforro enerxético. Estableceranse medidas para a redución dos consumos de auga (aforro e eficiencia) e para a súa reutilización, o mesmo que a xestión correcta de todo tipo de residuos.

APR-09 FONTE DO SAPO		MEDIDAS PARTICULARES: As medidas propostas de prevención están en relación aos probables impactos territoriais												
		B: MEDIDAS PARA A PRESERVACIÓN DOS VALORES NATURAIS E DA VEXETACIÓN. Garantírase a presenza de pes arbóreos autóctonos nas zonas verdes e espazos libres que, na medida do posible, se deberán de conservar in situ e, se isto non é posible, transplantar ou plantar novas árbores nas zonas verdes e espazos libres. Ante a ineludible eliminación de exemplares, realizarase unha valoración do arborado, asegurando unha plantación no mesmo ámbito por valor equivalente. Dotacións de árbores no espazo público (beirarrúas) para compensar a perda de masa vexetal e arborada. O axardinamento do gran espazo verde de ribeira leva asociado a restauración e recuperación do arborado de ribeira e, por tanto, débese garantir que se acometa con especies vexetais adaptadas ás condicións ambientais existentes, debendo ser preferiblemente especies autóctonas ou ben ser especies de doada integración na paisaxe e incapacidade probada para asilvestrarse e, en todo caso, de procedencia local ou comarcal. C: MEDIDAS ENCAMIÑADAS A EVITAR O RISCO DE INUNDACIÓN E A CONTAMINACIÓN POR ESCORRENTA DOS CURSOS DE AUGA. A franxa norte do urbanizable atópase dentro da zona de policía do río Marbán, debéndose elaborar un estudo hidráulico. A zona verde deberá ser toda ela permeable mediante o emprego de solos permeables que favorezan o filtrado natural no terreo. O resto das zonas verdes e espazos libres deberan ter, polo menos, o 70% de superficies permeables de terra ou emprego de pavimentos drenantes, materiais porosos, tramas verdes de formigón, etcétera, D MEDIDAS PARA OS SOLOS SOBRE PROTECCIÓN DE AUGAS MINERAIS E TERMAIS: neste solo deberase ter en conta a normativa vixente sobre augas mineiro medicinais.												
<table><tr><td>APR-09</td><td>Fonte do Sapo</td><td>0</td><td>B</td><td>C</td><td>D</td><td>0</td><td>0</td></tr></table>		APR-09	Fonte do Sapo	0	B	C	D	0	0	Ademais destas medidas territoriais tomaranse as medidas necesarias para minimizar o consumo enerxético, salientando a orientación das edificacións, así como potenciar a iluminación natural nas vivendas e utilizar criterios de arquitectura bioclimática para o soleamento, iluminación natural e aforro enerxético. Estableceranse medidas para a redución dos consumos de auga (aforro e eficiencia) e para a súa reutilización.				
APR-09	Fonte do Sapo	0	B	C	D	0	0							

SUD-05 A MOLEÍRIÑA	MEDIDAS PARTICULARES: As medidas propostas de prevención están en relación aos probables impactos territoriais.									
	B: MEDIDAS PARA A PRESERVACIÓN DOS VALORES NATURAIS E DA VEXETACIÓN. Garantírase a presenza de pes arbóreos autóctonos nas zonas verdes e espazos libres que, na medida do posible, se deberán de conservar in situ e, se isto non é posible, plantar novas árbores nas zonas verdes e espazos libres. Ante a ineludible eliminación de exemplares, realizarase unha valoración do arborado, asegurando unha plantación no mesmo ámbito por valor equivalente. Dotacións de árbores no espazo público (beirarrúas) para compensar a perda de masa vexetal e arborada. O axardinamento das zonas verdes débese garantir que se acometa con especies vexetais adaptadas ás condicións ambientais existentes, debendo ser preferiblemente especies autóctonas ou ben ser especies de doada integración na paisaxe e incapacidade probada para asilvestrarse e, en todo caso, de procedencia local ou comarcal. C: MEDIDAS ENCAMIÑADAS A EVITAR O RISCO DE INUNDACIÓN E A CONTAMINACIÓN POR ESCORRENTA DOS CURSOS DE AUGA. A zona verde, asociada ao río Marbán, deberá ser toda ela permeable mediante o emprego de solos permeables que favorezan o filtrado natural no terreo. D MEDIDAS PARA OS SOLOS SOBRE PROTECCIÓN DE AUGAS MINERAIS E TERMAIS: neste solo deberase ter en conta a normativa vixente sobre augas mineiro medicinais. E: MEDIDAS PARA A PERMEABILIDADE. Recoméndase deixar a maior superficie de solo permeable e utilización de materiais porosos nas zonas verdes e espazos libres, para facilitar a infiltración de auga de chuva (tanto para a recarga do acuífero como para a prevención das inundacións). Todos os solos deben deixar a maior superficie posible de solo permeable (polo menos o 70 % da superficie de espazos libres e zonas verdes). G: MEDIDAS CO FIN DE MINIMIZAR A AFECCIÓN AS ZONAS RÚSTICAS. Se durante as obras se vise afectado accidentalmente o solo rústico da contorna, procederase á restauración do medio ata a súa condición natural orixinal. H: Medidas para integrar adecuadamente esta ordenación no contorno visual e paisaxístico. Apantallamento vexetal arborado nas beirarrúas das estradas de bordo da actuación.									
<table><tr><td>SUD-05</td><td>A</td><td>B</td><td>C</td><td>D</td><td>E</td><td>F</td><td>G</td><td>H</td></tr></table>	SUD-05	A	B	C	D	E	F	G	H	Ademais destas medidas territoriais, tomaranse as medidas necesarias para minimizar o consumo enerxético, salientando a orientación das edificacións, así como potenciar a iluminación natural nas vivendas e utilizar criterios de arquitectura bioclimática para o soleamento, iluminación natural e aforro enerxético. Estableceranse medidas para a redución dos consumos de auga (aforro e eficiencia) e para a súa reutilización.
SUD-05	A	B	C	D	E	F	G	H		

SUD-10 POLVORÍN										MEDIDAS PARTICULARES: As medidas propostas de prevención están en relación aos probables impactos territoriais													
										B: MEDIDAS PARA A PRESERVACIÓN DOS VALORES NATURAIS E DA VEXETACIÓN. O proxecto de urbanización deberá realizar un estudo específico de biodiversidade co obxectivo de verificar in situ a presenza ou ausencia de valores naturais e especies de interese, tendo en conta a probable presenza de especies ameazadas mencionados na Memoria Ambiental. D MEDIDAS PARA OS SOLOS SOBRE PROTECCIÓN DE AUGAS MINERAIS E TERMAIS: neste solo deberase ter en conta a normativa vixente sobre augas mineiro medicinais. E: MEDIDAS PARA A PERMEABILIDADE. Recoméndase deixar a maior superficie de solo permeable e utilización de materiais porosos, nas zonas verdes e espazos libres, para facilitar a infiltración de auga de chuva (tanto para a recarga do acuífero como para a prevención das inundacións). Todos os solos deben deixar a maior superficie posible de solo permeable (polo menos o 70 % da superficie de espazos libres e zonas verdes). H: MEDIDAS PARA INTEGRAR ADECUADAMENTE ESTA ORDENACIÓN NO CONTORNO VISUAL E PAISAXÍSTICO. Apantallamento vexetal arborado nas beirarrúas das estradas de bordo da actuación.													
SUD-10			Polvorín		0	0	0	D	E				H	Ademais destas medidas territoriais tomaranse as medidas necesarias para minimizar o consumo enerxético, salientando a orientación das edificacións, así como potenciar a iluminación natural nas vivendas e utilizar criterios de arquitectura bioclimática para o soleamento, iluminación natural e aforro enerxético. Estableceranse medidas para a redución dos consumos de auga (aforro e eficiencia) e para a súa reutilización.									

SAN ROQUE APR-10 e SUD-12		MEDIDAS PARTICULARES: As medidas propostas de prevención están en relación aos probables impactos territoriais																			
		B: MEDIDAS PARA A PRESERVACIÓN DOS VALORES NATURAIS E DA VEXETACIÓN. Garantirase a presenza de pes arbóreos autóctonos nas zonas verdes e espazos libres que, na medida do posible, se deberán conservar in situ e, se isto non é posible, transplantar ou plantar novas árbores nas zonas verdes e espazos libres. Ante a ineludible eliminación de exemplares, realizarase unha valoración do arborado, asegurando unha plantación no mesmo ámbito por valor equivalente. Dotacións de árbores no espazo público (beirarrúas) para compensar a perda de masa vexetal e arborada. O axardinamento das zonas verdes débese garantir que se acometa con especies vexetais adaptadas ás condicións ambientais existentes, debendo ser preferiblemente especies autóctonas ou ben, ser especies de doada integración na paisaxe e incapacidade probada para asilvestrarse e, en todo caso, de procedencia local ou comarcal. D MEDIDAS PARA OS SOLOS SOBRE PROTECCIÓN DE AUGAS MINERAIS E TERMAIS: neste solo deberase ter en conta a normativa vixente sobre augas mineiro medicinais. G: MEDIDAS DE INTEGRACIÓN DOS ESPAZOS DE BORDO PARA CONSERVAR E MELLORAR A CALIDADE DA PAISAXE: se durante as obras se vise afectado accidentalmente o solo rústico da contorna, procederase á restauración do medio, ata a súa condición natural orixinal. H: MEDIDAS PARA INTEGRAR ADECUADAMENTE ESTA ORDENACIÓN NO CONTORNO VISUAL E PAISAXÍSTICO. Apantallamento vexetal arborado nas beirarrúas das estradas de bordo da actuación.																			
<table><tr><td>SUD-12</td><td>A</td><td>B</td><td>C</td><td>D</td><td>E</td><td>F</td><td>G</td><td>H</td></tr><tr><td>APR 10</td><td></td><td></td><td></td><td>D</td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr></table>		SUD-12	A	B	C	D	E	F	G	H	APR 10				D					Ademais destas medidas territoriais, tomaranse as medidas necesarias para minimizar o consumo enerxético, salientando a orientación das edificacións, así como potenciar a iluminación natural nas vivendas e utilizar criterios de arquitectura bioclimática para o soleamento, iluminación natural e aforro enerxético. Estableceranse medidas para a redución dos consumos de auga (aforro e eficiencia) e para a súa reutilización.	
SUD-12	A	B	C	D	E	F	G	H													
APR 10				D																	

SUD-11 CAMIÑO SAN ANTÓN		MEDIDAS PARTICULARES: As medidas propostas de prevención están en relación aos probables impactos territoriais									
		B: MEDIDAS PARA A PRESERVACIÓN DOS VALORES NATURAIS E DA VEXETACIÓN. O proxecto de urbanización deberá realizar un estudo específico de biodiversidade co obxectivo de verificar in situ a presenza ou ausencia de valores naturais e especies de interese, tendo en conta a probable presenza de especies ameazadas mencionados na Memoria Ambiental. D MEDIDAS PARA OS SOLOS SOBRE PROTECCIÓN DE AUGAS MINERAIS E TERMAIS: neste solo deberase ter en conta a normativa vixente sobre augas mineiro medicinais. E: MEDIDAS PARA A PERMEABILIDADE. Recoméndase deixar a maior superficie de solo permeable e utilización de materiais porosos nas zonas verdes e espazos libres, para facilitar a infiltración de auga de chuvia (tanto para a recarga do acuífero como para a prevención das inundacións). Todos os solos deben deixar a maior superficie posible de solo permeable (polo menos o 70 % da superficie de espazos libres e zonas verdes). G MEDIDAS CO FIN DE MINIMIZAR A AFECCIÓN ÁS ZONAS RÚSTICAS. Se durante as obras se vise afectado accidentalmente o solo rústico da contorna, procederase á restauración do medio ata a súa condición natural orixinal. H: MEDIDAS PARA INTEGRAR ADECUADAMENTE ESTA ORDENACIÓN NO CONTORNO VISUAL E PAISAXÍSTICO. Apantallamento vexetal arborado nas beirarrúas das estradas de bordo da actuación.									
SUD-11	Camiño de San Antón	0	0	D	E	0	G	H	Ademais destas medidas territoriais tomaranse as medidas necesarias para minimizar o consumo enerxético, salientando a orientación das edificacións, así como potenciar a iluminación natural nas vivendas e utilizar criterios de arquitectura bioclimática para o soleamento, iluminación natural e aforro enerxético. Estableceranse medidas para a redución dos consumos de auga (aforro e eficiencia) e para a súa reutilización.		

7. MEDIDAS PREVENTIVAS E CORRECTORAS

Neste capítulo especifícanse, á luz da análise dos efectos ambientais cualitativos e semicualitativos realizados no apartado anterior sobre os condicionantes xerais e ambientais ou os elementos estratéxicos identificados no apartado 3.5, un conxunto de medidas preventivas e correctoras de aplicación sobre os vectores afectados, co fin de minimizar ou reducir os efectos sobre o medio, derivados da execución do Plan e identificados no capítulo anterior.

7.1. ESTRATEXIA DE MINIMIZACIÓN DOS EFECTOS AMBIENTAIS NEGATIVOS

Medidas preventivas.

Neste apartado detállase unha listaxe das medidas propostas con carácter xeral e complementario. Estas medidas son principalmente melloras ambientais de aplicación preferente nos solos, a transformar principalmente nos solos urbanos non consolidados e nos urbanizables.

A) Medidas xerais:

- Delimitación de espazos específicos para a maquinaria e as acumulacións de terras. Esta área debe garantir que en caso de vertedura accidental non se producirá a contaminación do subsolo e as canles próximas, impermeabilizando as zonas de reparación e cambios de aceite da maquinaria, con especial atención, se estamos actuando dentro do perímetro de protección de augas minerais e ou no ámbito do acuífero.
- Cada contratista encargado de realizar as obras debe entregar un Programa Ambiental para limitar riscos de verteduras.
- Os cúmulos de terra localizaranse en áreas resgardadas, con regas periódicas para limitar o aumento das partículas en suspensión.
- Establecerase un sistema de lavado de rodas para os camións das obras, para evitar a dispersión de pó e sucidade. Con este obxecto tamén se utilizarán toldos naqueles camións que poidan transportar materiais volátiles.
- Se se extrae terra vexetal, durante as obras, reservarase para a súa reutilización na fase de restauración ambiental. Do mesmo xeito reciclarase e reutilizarase, no posible, outros materiais utilizados.
- As provisións temporais, de terra, necesarias, realizaranse en zonas preferentemente afectadas polas obras e, na súa falta, en áreas desprovistas de vexetación.
- Os sobrantes levaranse a zonas demandantes e na súa falta, a recheos autorizados.
- Tomar medidas específicas de precaución no caso que se deban realizar movementos de terra en áreas identificadas como áreas de presunción arqueolóxica ou que se atopen próximas a bens inventariados do patrimonio histórico – cultural.
- A xestión dos aceites usados da maquinaria realizarase a través dun xestor autorizado, en cumprimento da lexislación sectorial de aplicación.
- As emisións de ruído axustaranse ás directrices da Lei 37/2003 do Ruído.
- O horario das obras en áreas próximas a zonas habitadas e ou Rede Natura será diurno de luns a venres, excluindo fins de semana e festivos.
- Buscarase a menor afección posible ao tráfico, polas obras.

- Deberanse evitar os obstáculos na vía e que o aumento do tráfico de vehículos pesados poida causar problemas de tráfico e de accesibilidade dos habitantes do ámbito.
- Os espazos rústicos que poidan ser afectados polas obras serán restaurados, ben seguindo o predeseño establecido ou ben utilizando especies da vexetación autóctona.

- Tras a conclusión das obras realizarase unha campaña de limpeza das áreas afectadas.

B) Medidas sobre ámbitos de transformación:

- Control da superficie de solo artificializado. Limitar as áreas pavimentadas non permeables para manter a capacidade de filtrado do terreo.
- Manterase nas zonas verdes e espazos libres a maior porcentaxe posible de solo permeables.
- Os bordos do solo urbanizable abertos ao solos rústicos de protección de augas, agraria, forestal e paisaxística deberán ter en conta a existencia destes solos para evitar o efecto bordo.
- Recoméndase que o axardinado das zonas verdes e das zonas de libre edificación, así como das marxes das vías, se realicen con especies autóctonas, de modo que se garanta a súa conservación e correcto desenvolvemento.
- Conservar na medida do posible as masas arboradas ou calquera outro elemento natural da paisaxe, integrándoas no sistema de espazos libres e zonas verdes.
- Utilización de sistemas de iluminación de baixo consumo, evitando a contaminación luminosa, nos espazos públicos e lugares comúns dos novos desenvolvementos.
- Previsión dos espazos para a recollida selectiva de residuos, xa sexa en áreas residenciais ou industriais.
- Definición duns criterios para as novas edificacións (materiais, cores, formas, alturas, volumes, etc.) para a súa correcta integración coas construcións existentes.
- Valoración da eficiencia na captación solar para definir as orientacións das novas edificacións en pos dun aforro enerxético. Implantar sistemas se tecnicamente son posibles de xeración de enerxías renovables.
- Utilización, na maior medida posible, de materiais construtivos cun alto grao de illamento térmico, duradeiros e pouco contaminantes.
- Establecemento de sistemas de aforro de auga e consumo enerxético nos edificios.
- Incentivar sistemas de rega nos espazos verdes que permitan a reutilización da auga.
- As redes de servizos e infraestruturas, que deberán soterrarse, contemplarán a previsión de redes de TICs e enerxéticas. Procurarase, na medida do posible, a racionalización e integración destas a través de galerías compartidas.
- As zonas verdes nos perímetros en contacto cos solos rústicos para posibilitar a creación de zonas de amortecemento entre os rústicos e os sectores urbanizables e ou os urbanos non consolidados.
- Planificaranse as rozas, movementos de terras e outros traballos que puidesen prexudicar a fauna, de xeito que estes traballos se leven a cabo fóra da súa época de cría. No caso da imposibilidade de evitar este lapso de tempo, iniciaranse antes do comezo da fase máis sensible, evitando así que a afección se produza sobre animais en reprodución.

- Os restos vexetais que se produzan no acondicionamento dos terreos a urbanizar, deberán ser triturados e espaxados homoxeneamente nos mesmos, para permitir unha pronta incorporación ao solo. En ningún caso se utilizarán herbicidas nin queimas, debéndose realizar os labores por medios mecánicos.
- Se durante as obras se vise afectado accidentalmente o solo rústico da contorna, procederase á restauración do medio ata a súa condición natural orixinal.
- Establecemento de tratamento paisaxístico en todos os solos urbanizables industriais.
- Limitar as áreas pavimentadas non permeables para manter a capacidade de filtrado do terreo.
- Tenderase á adecuación bioclimática dos espazos públicos e das edificacións en función da orientación e a ordenación.
- Implantar sistemas se tecnicamente son posibles de xeración de enerxías renovables.
- En cada desenvolvemento urbanístico, estudarase a posibilidade de crear itinerarios de transporte non motorizado (para bicicletas e peóns).
- Estableceranse medidas para a redución dos consumos de auga (aforro e eficiencia).

C) Medidas para a protección do medio natural e paisaxe:

- Promover a integración dos elementos naturais do medio, no sistema de espazos libres e novas zonas verdes.
- Débese promover un deseño atractivo nos ámbitos de uso industrial, así como promover a integración de elementos naturais e culturais na paisaxe, como medida para mellorar o seu valor estético, incrementar a súa diversidade biolóxica e proporcionar solucións que permitan incrementar a calidade ambiental.
- Cumpírase todo o disposto na normativa e lexislación vixente que resulten de aplicación, sobre todo no relativo ás verteduras de augas residuais urbanas e industriais.
- Toda actividade relacionada coa xestión de residuos deberá realizarse sen pór en perigo a saúde humana e as augas e sen utilizar métodos que poidan prexudicar o medio ambiente.
- Estableceranse medidas de protección para os solos, a contaminación atmosférica, a flora, a fauna e as augas na fase de construción.
- As actividades industriais deben de ter criterios de integración paisaxística, para evitar xerar impactos visuais.
- Plantación de pantallas visuais arboradas.
- Considerar a súa visibilidade dende as estradas e dende os núcleos urbanos.
- Conexión dos corredores verdes e fluviais.
- Continuidade das zonas arboradas existentes.
- Garantir, na medida do posible, a continuidade espacial entre as zonas de valor natural e favorecer así a conectividade ecolóxica.
- Tratar especificamente os bordos dos solos urbanizables, cando limitan con solos rústicos.
- As actuacións industriais que son as que teñen un maior impacto visual deberán ter medidas correctoras específicas para diminuír, na medida do posible, dito impacto.

D) Medidas para o CICLO de auga:

- Redución do consumo de auga.
- Redución do volume de auga vertida para depuración.

E) Medidas para a enerxía:

- Control do consumo de enerxía.

F) Medidas atmosfera:

- Medidas de control da contaminación atmosférica.

G) Medidas para o ciclo dos materiais:

- Redución da produción de lixo por habitante.
- Reducir o consumo de materiais de nova utilización na construción.

8. PROPOSTA PLAN DE SEGUIMIENTO

8.1. PROPOSTA

O Plan Xeral de Verín, como todo instrumento de planificación, pretende transformar a realidade e aínda que a súa aprobación cambie algunhas cousas, requirese a existencia dunha vontade de xestión para que os seus obxectivos vaian facéndose realidade, a través da execución progresiva e cumprimento das súas propostas .

Doutra banda convén lembrar que se trata de instrumentos dinámicos, envoltos na incerteza do proceso de planificación e, por conseguinte a avaliación “ex ante” dos seus efectos A experiencia non é tan directa como para garantir un perfecto coñecemento dos procesos de planificación e, xa que logo, a mellora continua é absolutamente necesaria.

É por isto que resulta imprescindible un labor de seguimento e control que permita garantir que non hai desviacións significativas entre o inicialmente previsto pola AAE e o resultado final da execución do Plan Xeral, mediante a corrección dos posibles efectos ambientais negativos que puidesen producirse no desenvolvemento do mesmo.

Para facilitar o seguimento proponse un conxunto de indicadores, concibidos como un parámetro ou factor que nos permite coñecer de xeito rápido e preciso o estado en que se atopa unha determinada situación nun lugar e nun tempo concreto.

Ou conxunto de indicadores permitiranos coñecer a condición e situación global do medio ambiente e do escenario económico e social naquel contexto que se analice. As características fundamentais destes indicadores son:

- Que sexan facilmente medibles de forma que calquera comunidade e/ou organismo poida efectuar o exame, cunha certa inmediatez e sen excesivas complicacións de carácter técnico.
- Que sexan prácticos e comprensibles, a fin e efecto de que poidan lograr de forma efectiva o papel de ferramentas de información pública, se é necesario. A súa interpretación ten que ser relevante, tanto polas clases dirixentes, os cadros técnicos e a cidadanía en xeral.
- Que sexan descritivos e integren o máximo número de entradas, para que nun mesmo indicador se vexan reflectidos cantos máis aspectos ambientais mellor, xa sexa directamente ou ben indirecta.

8.2. MEDIOS MATERIAIS

O concello de Verín dotarase dos medios materiais e humanos necesarios para realizar un seguimento e control dos indicadores ou de calquera outro indicador, que no seu caso e coa aprobación do propio órgano ambiental da Xunta de Galicia resulte pertinente establecer para cumprir os obxectivos de seguimento.

Os datos dos indicadores deberanse complementar sempre que sexa posible, nun sistema SIX para garantir a xeorreferenciación dos indicadores.

8.3. PERIODICIDADE

O concello de Verín elaborará e enviara á Xunta de Galicia informes con periodicidade anual das variables recollidas no capítulo seguinte, agás nos casos -que a xuízo dos técnicos ou da Xunta de Galicia-, a importancia das actuacións realizadas fagan necesario a elaboración de informes de carácter extraordinario.

8.4. PARÁMETROS A CONTROLAR

Son os que se recollen no cadro de indicadores do apartado 11 do presente ISA. Ademais, poderase engadir calquera outro parámetro que se estime oportuno e que conte co acordo da *Consellería de Medio Ambiente, Infraestruturas e Ordenación do Territorio*.

9. INFORME SOBRE A VIABILIDADE ECONÓMICA DA ALTERNATIVA SELECCIONADA

Neste apartado determinase a viabilidade económica da alternativa seleccionada e das medidas dirixidas a prever, minimizar ou paliar os efectos negativos e o establecemento do sistema de seguimento.

9.1. A ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN E ESTUDO ECONÓMICO FINANCIERO DO PLAN XERAL

A respecto dos prazos temporais estimados para establecer a capacidade das distintas actividades e usos (pero principalmente o residencial) do PXOM deberase ter en conta que Verín é un concello cun pasado urbanístico concentrado na xestión do planeamento principal previsto (a protección dos ámbitos de barrios históricos e a definición máis detallada de ordenanzas nas zonas de expansión da vila mediante Estudos de Detalle xerais) e algún non previsto no planeamento xeral pero igualmente básico (o parque empresarial), no que a propia elaboración do PXOM como primeiro instrumento urbanístico integral moderno vai ser un gran esforzo, que presumiblemente se vai a dilatar case ao longo de máis dun lustro por diversas corporacións e protagonistas políticos, polo tanto concibir aquí a redacción dun novo plan antes duns 20 anos parece unha quimera, polo que será necesario estudar unha capacidade residencial que poida cubrir as necesidades, polo menos durante 30 anos (para poder cubrir tamén a eventual tramitación dun novo Plan) e cunha marxe de elasticidade para poder responder a eventuais necesidades non previstas ou subdimensionadas, sen caer por outra banda, no esgotamento prematuro do Plan.

Estableceuse unha programación que faga viable a execución da alternativa, indicando os prazos previsibles de execución das novas actuacións e a distribución dos investimentos necesarios ao longo desta programación. A estratexia concíbese pois para un período que está formado polos tres cuadrienios da estratexia básica do estudo económico do PXOM, mais 9 anos mais para o remate das actuacións, abranguendo polo tanto un período de 21 anos (2013-2033) que encaixan perfectamente co que se sinala neste Plan como horizonte razoable de vixencia para o presente PXOM, contando coa folgura necesaria para a redacción e aprobación dun novo Plan Xeral.

Atendendo ao indicado no art. 60.3 da LOUPMRG, o Plan Xeral está obrigado á provisión das súas actuacións, de xeito que se entenda o importe total dos investimentos previstos, tanto na totalidade dos Sistemas Xerais como na totalidade dos Sistemas Locais, atendendo ademais á procedencia de cada un dos capítulos investidores (solo, urbanización e construción).

Do cadro seguinte dedúcense as previsións feitas dende o Plan Xeral no reparto de investimentos entre o concello e o resto de administracións implicadas nos procesos de crecemento urbano, asignando tamén á parte correspondente ao Mercado, nas actuacións preferentes.

ACTUACIÓNS PREFERENTES

	CONCELLO	OUTRAS ADMINISTRACIÓNS	MERCADO		
C1	4.810	9.349	15.708	29.868	58,40%
C2	4.294	6.630	10.355	21.279	41,60%
C3	-	-	-	-	0,00%
FP	-	-	-	-	0,00%
TOTAL	9.105	15.979	26.063	51.147	
	17,80%	31,24%	50,96%	100,00%	

RESTO DE ACTUACIÓNS PREVISTAS NO PLAN

	CONCELLO	OUTRAS ADMINISTRACIÓNS	MERCADO		
C1	2.356	8.218	-	10.575	5,71%
C2	2.770	9.681	17.878	30.328	16,37%
C3	9.273	34.644	54.650	98.567	53,19%
FP	5.931	17.359	22.551	45.841	24,74%
TOTAL	20.329	69.901	95.079	185.310	
	10,97%	37,72%	51,31%	100,00%	

As actuacións preferentes reparten o investimento principalmente no MERCADO cun 50,96% do total (uns 26 millóns €), quedando o restante 49% repartido entre o Concello cuns 9,1 millóns €, e o resto de administracións cuns 16 millóns €.

No que se refire ás ACTUACIÓNS DO PRIMEIRO CUADRIENIO do total do investimento previsto (40,44 millóns de euros, e un 17,1% do total do plan) é o sistema xeral e local de comunicacións e transportes cun investimento previsto total duns 21,5 millóns € (53% s/total do primeiro cuadrenio e o 9% do total do PXOM) o que acada a maior cifra prevista de investimento. O referido a sistema xeral acada os 12,1 millóns € e o referido a sistema local os restantes 9,3 millóns €, estes últimos a cargo do MERCADO como consecuencia da urbanización dos diferentes ámbitos e sectores a desenvolver.

Xa para o segundo cuadrenio, acádase unha necesidade de investimento de 51,6 millóns de euros, precisos na meirande parte para a construción de dotacións, e antes, pero en menor medida, para a construción de servizos urbanos e viarios.

PRIMEIRO CUADRIENIO					
	CONCELLO	OUTRAS ADMINISTRACIÓNS	MERCADO		
1.1.SX_CO-TR	425	11.386	317	12.128	49,06%
1.2.SX_AGU1	-	-	1.664	1.664	6,73%
1.3.SX_EL-ZV	2.949	1.200	90	4.239	17,15%
1.4.SX_EQ-DC	2.818	1.083	2.786	6.687	27,05%
1.SX	6.192	13.668	4.858	24.718	
	86,40%	77,81%	30,92%	61,12%	
2.1.SL_CO-TR	-	-	9.351	9.351	59,47%
2.3.SL_EL-ZV	-	-	1.500	1.500	9,54%
2.4.SL_EQ-DC	975	3.899	-	4.874	30,99%
2.SL	975	3.899	10.851	15.725	
	13,60%	22,19%	69,08%	38,88%	
	7.166	17.567	15.709	40.443	
	17,72%	43,44%	38,84%	100,00%	

SEGUNDO CUADRIENIO					
	CONCELLO	OUTRAS ADMINISTRACIÓNS	MERCADO		
1.1.SX_CO-TR	232	11.900	1.274	13.406	53,25%
1.2.SX_AGU1	2.389	-	4.130	6.519	25,90%
1.3.SX_EL-ZV	3.501	-	460	3.960	15,73%
1.4.SX_EQ-DC	-	645	645	1.289	5,12%
1.SX	6.122	12.544	6.508	25.175	
	86,67%	76,91%	23,05%	48,78%	
2.1.SL_CO-TR	-	-	7.341	7.341	27,77%
2.3.SL_EL-ZV	-	-	5.263	5.263	19,91%
2.4.SL_EQ-DC	941	3.766	9.121	13.828	52,32%
2.SL	941	3.766	21.725	26.432	
	13,33%	23,09%	76,95%	51,22%	
	7.064	16.310	28.232	51.607	
	13,69%	31,61%	54,71%	100,00%	

INVESTIMENTO TOTAL PREVISTO NO PXOM 236mill €, para o período próximo de 21 anos, porque hai que ter en conta cos nove anos de solapamento dos que se falou máis atrás. Así, dentro da propia programación para o horizonte dos vindeiros 12 anos (C1+C2+C3) resulta un total de 191 mill €, e de xeito aproximativo representa un investimento esperado e duns 16 mill € /ano nese período, segundo o cadro que se reflicte:

TOTAL PLAN

	CONCELLO	OUTRAS ADMINISTRACIÓNS	MERCADO		
C1	7.166	17.567	15.709	40.443	17,10%
C2	7.064	16.310	28.232	51.607	21,82%
C3	9.273	34.644	54.650	98.567	41,68%
FP	5.931	17.359	22.551	45.841	19,39%
TOTAL	29.434	85.880	121.143	236.457	
	12,45%	36,32%	51,23%	100,00%	

* valores en miles de euros

O meirande peso do investimento vai dirixido cara o Mercado, como é lóxico posto que é este o axente que debe devolver parte das plusvalías cara á cidadanía no espazo no que intervén, tendo así unha carga duns 121 millóns € supondo o 51,2 % do total do PXOM. De seguido é cara o resto de administracións non municipais cuns 86 millóns euros o 36,3% do PXOM, e de seguido cara o Concello a quen se dirixe un investimento dun 29 millóns €, supondo case o 13% do total do plan xeral.

Finalmente, expor co Concello debería facer un esforzo de investimento duns 29 millóns no total dos 21 anos (4+4+4+9) de vixencia do plan, o que suporía en termo medio lineal uns 1,4 millóns €. Neste caso a previsión de investimentos procedentes doutras administracións queda supeditada a posibles acordos de transferencias de capital que reduzan a conta investidora do Concello.

9.1.1. VIABILIDADE DE ASIGNACIÓNS ÁS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS.

Na seguinte táboa resúmense as capacidades de investimento das distintas administracións non municipais e o seu investimento asignado polo PXOM.

RESUMO DA CAPACIDADE DE INVESTIMENTO DAS ADMINISTRACIÓNS NON MUNICIPAIS								
	CAPACIDADE DE INVESTIMENTOS				PREVISIÓN DE INVESTIMENTO POR FASES (miles de euros)			
	EUROS/ HABITANTE ANO	CUADRIENIOS	HABITANTES MEDIOS/ ANO	POR CUADRIENIO (miles de euros)	1º CUADR	2º CUADR	3º CUADR	FORA DE PROGRAMA
ESTADO	240,0	1º CUADR	15.252	54.604	17.568	16.311	34.644	17.359
XUNTA	450,0	2º CUADR	16.865	60.378				
DEPUTACIÓN	25,0	3º CUADR	19.136	68.508				
FONDOS EURO	180,0	FORA DE PR	22.694	182.802				
TOTAL	895,00	MEDIAS	18.487	91.573				
MARXE SOBRANTE INVESTIMENTO %					67,83%	72,99%	49,43%	90,50%

Como podemos observar, e xa como resumo, a asignación orzamentaria para o Plan por parte das administracións non municipais é perfectamente asumible (con marxes sobrantos de axuste a maiores de entre o 49 e o 90 % nesas fases ou quadrienios) e razoable tendo en conta as características do concello e as capacidades investidoras desas administracións.

Cómpre aclarar que **no que atinxe á distribución dos importes das obras necesarias para a execución das determinacións do Plan que se conteñen no presente estudo económico, as cantidades asignadas a administracións distintas da municipal (que se engloban nun conxunto, e por tanto non se asignan realmente a ningunha administración en particular), teñen carácter indicativo** (agás nos casos en que poida xustificarse documentalmente a aceptación do citado organismo, ou que veña recollido nos seus orzamentos anuais como unha actuación concreta, orzamento que se axuntará como xustificante no seu caso).

Na seguinte táboa resúmense por fases ou quadrienios as capacidades de investimento (as iniciais e as derivadas da execución do plan) e as asignacións de gasto establecidas polo PXOM para o concello, así como no seu caso, os custos de mantemento das dotacións, instalacións e servizos executados que dependan do concello.

RESUMO DA CAPACIDADE DE INVESTIMENTO DO CONCELLO					
	CAPACIDADE DE INVESTIMENTOS	PREVISIÓN DE INVESTIMENTO POR FASES (miles de euros)			
		1º CUADR	2º CUADR	3º CUADR	FORA DE PROGRAMA
	€/HABITANTE ANO				
ANOS		4	4	4	9
Capacidade na situación actual	77,49	4.711	5.512	6.448	18.075
Recursos por aumento de poboación	326,72	1.347	3.507	6.284	25.293
Recursos por desenvolvemento do PXOM		7.299	13.810	21.903	34.318
	TOTAL RECURSOS	13.361	22.832	34.639	77.696
Asignacións no EEf		7.166	7.064	9.273	5.931
Necesidades de mantemento		4.362	9.157	14.841	49.326
	TOTAL GASTOS	11.528	16.221	24.114	55.257
MARXE SOBRANTE INVESTIMENTO %		13,72%	28,95%	30,38%	28,88%

Como podemos observar, e xa como resumo, a asignación orzamentaria para o Plan por parte da administración municipal é perfectamente asumible (con marxes sobrantos de axuste a maiores de entre o 13 e o 30 % nesas fases ou quadrienios) e razoable tendo en conta as características do concello e as súas capacidades investidoras.

9.1.2. VIABILIDADE DE ASIGNACIÓNS DO INVESTIMENTO PRIVADO.

No referente ao investimento privado previsto vén establecido por diversas actuacións destinadas á xestión e aproveitamento de iniciativa privada que son necesarias e mesmo que xa están sendo acordadas e conveniadas cos promotores.

Para o presente E.E.F non se dispoñen de datos cos que poder facer unha análise dos investimento de iniciativa privada, feitas no pasado e así poder establecer criterios valorativos respecto ao asumible ou non asumible deste investimento previsto.

En todo caso, estamos ante investimentos específicos onde será a capacidade de xestión dos recursos administrativos por parte do concello e de captación de investidores privados o que determinará a súa execución.

9.2. VALORACIÓN ECONÓMICA DO PLAN DE SEGUIMIENTO, AS MEDIDAS CORRECTORAS E OS PLANS E ESTUDOS COMPLEMENTARIOS.

A partida orzamentaria destinada á aplicación do plan de seguimento pode estimarse a partir das necesidades de persoal para o citado traballo (que podería ser persoal ou funcionarios propios do Concello), que se estima nun titulado superior e un titulado medio durante uns dous meses ó ano, mais o custe dos materiais empregados por este persoal, o que se estima orientativamente nun **custe anual duns 25.000€ para o plan de seguimento**.

Os custos de mantemento das actuacións municipais están incluídos nas partidas valoradas das actuacións. Os organismos responsables e promotores das actuacións e en última instancia o ente xestor do Plan son os responsables da coordinación do seu desenvolvemento.

No importe das actuacións propostas inclúese xa a valoración dos traballos necesarios para definir e executar as medidas propostas e os plans e estudos complementarios que require cada Plan, Programa ou Actuación contemplada no Plan Xeral, que velarán pola análise e grao de cumprimento dos obxectivos propostos e permitirá aplicar as medidas correctoras que faciliten a consecución dos fins propostos, e a súa viabilidade está garantida coa propia viabilidade do Plan Xeral. A tal efecto se recolle no cadro seguinte a estimación destes custes para cada actuación.

Clave act	Denominación	COSTE (€)
1.SISTEMAS XERAIS DE CIDADE		ESTUDOS E MEDIDAS CORRECTORAS
1.1.SISTEMA DE COMUNICACIÓNS E TRANSPORTE		
	VIARIO PRINCIPAL	
C-002	N-525	302.715
C-003	N-532	238.862
C-004	OU-113	54.921
C-005	OU-114	15.549
C-006	OU-115	55.486
C-007	OU-310	92.113
	VIARIO SECUNDARIO	
C-008	RÚA DA DIPUTACIÓN	196
C-009	OU-1021	22.450
C-010	OU-1014	30.674
C-011	OU-1055	65.227
C-012	OU-1011	21.459
C-013	OU-1010	37.002
C-014	ACCESO A MANDÍN	146.967
C-016	CIRCUNVALACIÓN SUR	405.230
C-017	RONDA INTERIOR	189.354
C-018	ACCESO CEMITERIO	16.601
C-019	VIAL UNIVERSIDADE	73.556
	TOTAL1.1.	1.768.363
1.3.SISTEMA DE ESPACIOS LIBRES E ZONAS VERDES		
L-042	PASEO DO TÁMEGA	26.724
L-061	PARQUE DE VILELA	20.414
L-069	PARQUE DE SOUSAS	2.675
L-094	PARQUE PASEO-PREGUIZA	13.591
L-102	PARQUE OS COUTOS	4.941
L-110	PARQUE DE FONTENOVA	10.014
L-116	PRAZA VERÍN	753
L-132	CORREDOR DE MARBAN	91.954
L-152	ÁREA RECREATIVA TÁMEGA	593
	TOTAL1.3.	171.658
1.4.SISTEMA DE EQUIPAMENTOS E DOTACIÓNS		
E-003	PARQUE DE BOMBEIROS	19
E-004	MATADOIRO COMARCAL	2
E-011	HOTEL SPA-ESCOLA	62.402
E-045	CASA CUARTEL DA GARDA CIVIL	27
E-052	I.E.S Nº1 CASTRO BARONCELLI	95
E-062	PISCINA MUNICIPAL A GRANXA	-
E-063	I.E.S. GARCIA BARBÓN	4
E-065	ZONA DEPORTIVA MUNICIPAL	32.151
E-066	I.E.S. TABOADA CHIVITE	1
E-067	C.E.I.P.PRINCESA DE ESPAÑA	8
E-070	CEMITERIO MUNICIPAL	-
E-080	NOVO CEMITERIO	236.109
E-081	ONA DEPORTIVA JOSE ARJI	-
E-084	PLANTA DE TRANSFERENCIA DE R. S.	10.444
E-094	DEPORTIVO	8
E-100	ESTACIÓN DE AUTOBUSES	25.788
E-102	AUDITORIO	34.211
E-103	ASISTENCIAL	37.136
E-138	PUNTO LIMPO	6
	TOTAL1.4.	438.411
	TOTAL1.	2.378.432

Clave act	Denominación	COSTE (€)
2.SISTEMAS LOCAIS		
2.1 URBANIZACIÓN DOS ÁMBITOS E SECTORES		
API-04	P.S.P.E.DE TAMAGOS	1.382.851
APR-01	HOSPITAL 1	19.655
APR-02	HOSPITAL 2	20.051
APR-03	HOSPITAL 3	16.367
APR-06	ELVIRA CARRERA NORTE	25.461
APR-07	ELVIRA CARRERA SUR	21.868
APR-08	AVDA. LAZA	16.370
APR-09	FONTE DO SAPO	27.470
APR-10	SAN ROQUE	29.150
APR-11	PAVILLÓN-PISCINA	9.088
APR-12	ROSALIA-LUIS ESPADA 3	10.832
APR-13	ROSALIA-LUIS ESPADA 2	4.738
APR-14	ROSALIA-LUIS ESPADA 1	9.010
APR-15	AVDA.CASTELA 1	8.146
APR-16	AVDA. CASTELA 2	13.784
APR-17	AVDA. SOUSAS	46.673
APR-18	FONTENOVA 1	21.198
APR-19	FONTENOVA 2	23.407
APR-20	FONTENOVA BALNEARIO	8.778
APR-21	FONTENOVA 3	6.537
APR-22	VERIN CENTRO 1	32.599
APR-24	CENTRO SAÚDE	3.817
APR-25	NORIA 1	12.475
APR-26	PAZOS 3	32.914
APR-27	PAZOS 2	18.341
APR-28	PAZOS 1	41.350
APR-30	CAMIÑO QUEIZÁS 1	8.118
APR-31a	CAMIÑO QUEIZÁS 2	9.702
APR-31b	CAMIÑO QUEIZÁS 2	14.321
APR-32	CAMIÑO QUEIZÁS 4	32.388
APR-33	CHIVITE-AVDA. PORTUGAL 1	25.667
APR-35	MARÍA INMACULADA 2	15.920
APR-36	O PERÚ-2	21.592
APR-37	O PERÚ-3	32.629
APR-38	INFESTELA 1	29.369
APR-39	INFESTELA 2	37.134
APR-40	INFESTELA 3	13.276
APR-41	RÚA LAUREANO PELAEZ	7.154
APR-42	MARÍA INMACULADA 1	15.099
APR-43	OS COUTOS 4	23.412
APR-44	OS COUTOS 5	13.008
APR-45	BARRIOS	30.272
APR-46	QUEIZÁS	18.272
APR-47	SUBESTACIÓN	3.271
APR-48	PEREIRIÑA	5.587
APR-49	MARBAR 2	32.158
SUD-01	HOSPITAL	39.169
SUD-02	A MILLEIRA	82.648
SUD-03	MARBAR 1	27.583
SUD-04	MARBAR 2	15.317
SUD-05	A MOLERIÑA 2	22.782
SUD-06	A MOLERIÑA 1	56.524
SUD-07	CABREIROÁ	124.963
SUD-08	SOUSAS 1	42.929

Clave act	Denominación	COSTE (€)
SUD-09	FONTENOVA LESTE	84.317
SUD-10	POLVORÍN	43.934
SUD-11	CAMIÑO DE SAN ANTÓN	30.206
SUD-12	SAN ROQUE	23.137
SUD-13	SOUSAS 1	33.578
SUD-14	INSTITUTOS 1	34.108
SUD-15	INSTITUTOS 2	38.094
SUD-16	OS COUTOS	57.481
SUD-17	A NORIA 2	41.150
SUD-18	A MOLERIÑA 3	14.486
SUD-19	PERÚ	22.877
SUE-01	UNIVERSIDADE	272.277
SUI-02	POLIGONO PAZOS	141.289
SUI-05	SOUSAS	8.493
SUND-04	CAMIÑO S. PEDRO	21.101
SUND-07	CAMIÑO QUEIZÁS	12.880
SUND-08	SOUSAS 2	24.426
SUND-09	ENFESTELA 2	26.278
SUND-10	AS POULAS	46.334
SUND-11	ENFESTELA 1	12.235
SUND-12	CAMIÑO O BALNEARIO	50.581
SUNDI-01	O PADRÓN	38.086
SUT-01	TUELAS	32.344
	TOTAL2.1.	3.772.886
2.3.SISTEMA DE ESPACIOS LIBRES E ZONAS VERDES		
	CESIÓN DE USO EN SUPERFICIE SUD-10	686
L-039	ESPAZO LIBRE	325
L-048	ESPAZO LIBRE	-
L-118	PARQUE DE S. GREGORIO	1.588
L-119	XARDÍN FONTENOVA	822
L-166	ESPAZO LIBRE P. ESPAZO 2	-
L-169	E.LIBRE	63
L-170	E.LIBRE	161
L-172	E.LIBRE	7
L-176	UNIVERSIDADE	26.267
	TOTAL2.3.	29.919
2.4.SISTEMA DE EQUIPAMENTOS E DOTACIÓNS		0
E-002	I.T.V.	102
E-042	SOCIO-CULTURAL ESPAZO	7.512
E-058	BALNEARIO DE FONTENOVA	244
E-061	COLEXIO MARÍA INMACULADA	5
E-137	UNIVERSIDADE	364.332
	TOTAL2.4.	372.195
	TOTAL2.	4.175.000
	TOTAL	6.553.432

10. ANÁLISE DE COHERENCIA DOS OBXECTIVOS ESTABLECIDOS E A IDONEIDADE DA ALTERNATIVA SELECCIONADA NO SEU CUMPRIMENTO.

A continuación amósase un cadro sinóptico no que se recollen os obxectivos do Plan Xeral e a xustificación das medidas xerais ou concretas que se establecen no mesmo para a consecución deses obxectivos, separando por unha banda, os xerais, e por outra, os especificamente ambientais.

ANALISE DA COHERENCIA DOS OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DAS VARIABLES AMBIENTAIS NO SISTEMA FÍSICO AMBIENTAL		
VARIABLE	OBXECTIVOS	INFLUENCIAS NA PROPOSTA
PAISAXE	Preservar a identidade dos elementos valiosos e singulares que resultan críticos na percepción do espazo e poñer en valor os recursos paisaxísticos como elemento clave do atractivo do territorio e do aprecio dos cidadáns polo seu contorno, á vez que se potencian os recursos turísticos do concello.	Na clasificación do solo como rústico de protección paisaxística, como é nos casos da contorna dos ríos Támega e Ábedes, a contorna do Castelo de Monterrei e contorna da Fonte do Sapo. Establécense tamén medidas concretas na normativa (art. 5.4 e título 8) para a protección paisaxística nos espazos naturais e rurais.
	Tentar que todas as paisaxes teñan o grao máis alto de calidade mellorando a súa calidade na totalidade do concello.	Na clasificación do solo como rústico de protección paisaxística, como é nos casos da contorna dos ríos Támega e Ábedes, contorna do Castelo de Monterrei e contorna da Fonte do Sapo.
	Recuperación e mantemento do patrimonio cultural vinculado ao río Támega, como son os muíños.	Na clasificación do solo como rústico de protección de augas e canles e protección paisaxística da contorna dos ríos Támega e Ábedes.
CONSERVACIÓN DA NATUREZA	Protexer os espazos que están baixo a figura de LIC, as concas dos ríos Támega e Ábedes, así como dos espazos con valores naturais e ecolóxicos.	Na clasificación do solo proposta os LIC dos ríos Támega e Ábedes clasifícanse como solo rústico de especial protección de enclaves naturais. Ademais todos os espazos con valores naturais e ecolóxico son clasificados como rústicos de especial protección.
	Protexer, conservar, restaurar e mellorar os ámbitos de valor natural.	Na clasificación do solo nos rústicos de especial protección, e establécense medidas concretas na normativa (título 8) para a protección de todos os espazos con recursos naturais, patrimoniais e rurais. Contémplase concretamente na definición dos distintos corredores ecolóxicos na memoria de ordenación, os grandes corredores ecolóxicos e os corredores verdes .
	Preservar a integridade funcional dos sistemas naturais por medio, principalmente, da súa clasificación como solo rústico especialmente protexido.	Na clasificación do solo, nos rústicos de especial protección.
	Garantir a protección dos hábitats e ecosistemas acuáticos e terrestres de maior fragilidade ou interese, dos espazos da rede galega de espazos protexidos mediante a protección estrita destes espazos e a súa posta en valor para previr o seu deterioro.	Na clasificación do solo, nos rústicos de especial protección. Limitase na normativa a afección do arborado autóctono ou vexetación de ribeira (art. 5.3, 5.4 e 8.4, 8.6 e 8.8) como ecosistemas de maior fragilidade ou interese e habílanse medidas de control dos incendios (art. 5.2.7).
ATMOSFERA	Fomentar a mobilidade sostible mediante a promoción do transporte público ou outros sistemas de transporte alternativo que permitan reducir as emisións de gases.	A compactidade da zonificación favorece a redución dos desprazamentos, complementándose cunha axeitada promoción das alternativas viarias non motorizadas (peonís e bicicleta) que fomentan os modelos de proximidade nos desprazamentos e a redución da utilización do vehículo.
	Fomentar o uso de enerxías limpas e renovables, así como a racionalización do uso destas e da emisións de gases, co fin de reducir o efecto invernadoiro e o cambio climático.	Contémplase axeitadamente na normativa o fomento de todas as posibilidades de obtención de enerxía mediante recursos renovables, reguladas para acadar en conxunto a mellor calidade de vida, con importante aforro económico e ambiental, e en condicións atmosféricas saudables.
	Manter unha boa calidade do aire e da atmosfera e evitar, prever e reducir todas as formas de contaminación, tanto acústica, luminosa como electromagnética e os seus efectos nocivos para a saúde humana e do medio ambiente.	Contémplase axeitadamente na normativa o fomento de todas as posibilidades de obtención de enerxía mediante recursos renovables, reguladas para acadar en conxunto a mellor calidade de vida, con importante aforro económico e ambiental, e en condicións atmosféricas saudables. Regúlanse axeitadamente na normativa o control de todos os parámetros que regulan as posibles fontes de contaminación, reguladas principalmente no artigo 5.2, e máis concretamente as acústicas no 5.2.6, as de telecomunicación no 4.11.7, as eléctricas no 4.11.5 e , as alumínicas no 4.11.6 para acadar en conxunto a mellor calidade atmosférica posible que poida depender das medidas urbanísticas do planeamento.

ANALISE DA COHERENCIA DOS OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DAS VARIABLES AMBIENTAIS NO SISTEMA FÍSICO AMBIENTAL		
VARIABLE	OBXECTIVOS	INFLUENCIAS NA PROPOSTA
CICLO HÍDRICO	Compatibilizar o planeamento co ciclo natural da auga e racionalizar o seu uso eficiente, fomentando o seu aforro e reutilización e mellorando a súa calidade.	No deseño das novas redes de servizos propostos e na clasificación do solo especialmente protexido de augas e canles, así como tamén na normativa urbanística. Establécense medidas de todo tipo para o aforro deste recurso co obxectivo de acadar a xestión sostible dos recursos hídricos, mellorando o abastecemento, promovendo a diminución progresiva das verteduras, e aumentando a calidade da auga, así como o seu uso e consumo racional por parte da cidadanía, mediante a aplicación de variadas condicións que se recollen principalmente na normativa no apartado 5.2 con carácter xeral e con carácter particular nos puntos 4, e 5, así como nos apartados 5.3.3 e 5.3.4.
	Garantir un sistema de abastecemento de auga eficaz e sostible, por medio do deseño e dimensionado das necesidades futuras do concello.	As medidas concretas neste eido obsérvanse claramente no modelo territorial proposto e no dimensionado do Plan.
	Garantir un sistema de saneamento eficaz e sostible, que garanta a depuración das augas, eliminando todos os vertidos ás canles existentes no concello.	No deseño das novas redes de servizos propostas e na clasificación do solo especialmente protexido de augas e canles, así como tamén na normativa urbanística.
	Facilitar a recarga natural do terreo nas novas zonas de desenvolvemento urbanístico.	Nas fichas de todas as áreas de planeamento remitido e de sectores urbanizables indícase o tanto por cento de solo de sistema local ou xeral que ten que ser permeable para facilitar a recarga natural do terreo.
	Garantir os límites de protección dos cursos fluviais do concello, principalmente mediante a cualificación destes solos como rústico de especial protección de augas e canles.	O estudo do medio rural ten identificado os espazos de interese produtivo que logo se clasifican como solo rústico especialmente protexido, en función das súas características naturais ou produtivas. Establécense medidas concretas na normativa urbanística para a protección de todos os espazos con recursos naturais, patrimoniais e rurais.
CICLO DOS MATERIAIS	Xestionar os residuos de maneira máis eficiente e fomentar a recollida selectiva de residuos e a reciclaxe, dispondo os espazos, os recursos e a maquinaria precisos para acadar este obxectivo, eliminando os vertedoiros existentes no concello.	Verificación da dotación de servizo da infraestrutura de residuos sólidos urbanos coordinada neste espazo de relación (SOGAMA). Contémplase igualmente a reserva de espazos nos edificios onde se vaian a xestionar comunitariamente os residuos e habilitación de espazos para este cometido segundo o disposto no apardado 4.5.10
	Fomentar a redución , reutilización, reciclaxe e valorización dos residuos.	Contémplase axeitadamente na normativa, tanto as vías posibles e necesarias para concienciar á poboación como o fomento directo de todas as posibilidades de xestión dos residuos, de maneira máis eficiente e para fomentar a súa recollida selectiva e a súa reciclaxe, en sintonía coas esixencias e demandas climáticas e ambientais, e reguladas principalmente nos artigos 4.5.10 e 5.2.3 da normativa do PXOM, para acadar en conxunto un importante aforro económico e ambiental, e en condicións atmosféricas saudables.
	Reservar espazos para a implantación de contedores de RSU, nas novas zonas de desenvolvemento urbanístico.	Mantemento das instalacións do Punto Limpo e da Planta de Transferencia de Residuos Sólidos Urbanos.
SOLO	Garantir a conservación da biodiversidade, da paisaxe e do patrimonio natural do municipio, fomentando a conectividade biolóxica, tratando de integrar unha rede física continuada e conectada coas redes territoriais exteriores e coas de espazos libres urbanos.	Na clasificación do solo nos rústicos de especial protección. Contémplase concretamente o acondicionamento como espazos libres de sistema xeral e a súa rexeneración ambiental de as canles do regueiro Marban ou do río Támega
	Garantir o mantemento dos recursos do solo: agropecuarios, forestais, augas e ríos, protección arqueolóxica, etc, mediante, principalmente, a cualificación destes solos como rústicos de especial protección, evitando que a presión de uso sobre os recursos supere a súa capacidade de rexeneración.	O Estudo do medio Rural ten identificado os espazos de interese produtivo que logo se clasifican como solo rústico especialmente protexido, en función das súas características naturais ou produtivas. Establécense medidas concretas na normativa urbanística (título 8) para a protección de todos os espazos con recursos naturais, patrimoniais e rurais.
	Garantir a protección dos hábitats e ecosistemas acuáticos e terrestres de maior fragilidade ou interese, dos espazos da rede galega de espazos protexidos mediante a protección estrita destes espazos e a súa posta en valor para previr o seu deterioro.	Na clasificación do solo nos rústicos de especial protección.
	Garantir o uso eficiente do solo e dos recursos naturais, proposta territorial coherente para satisfacer as necesidades da poboación coa mínima ocupación do solo posible, limitando a expansión extensiva e de baixa densidade a zonas moi concretas do territorio.	As medidas concretas neste eido obsérvanse claramente na ordenación proposta pola localización eficiente das dotacións, pola definición das ordenanzas particulares do solo urbano e nas de núcleo rural e nas condicións establecidas na normativa para a protección da calidade e a paisaxe urbana e rural (título 5 da Normativa).
	Control da ocupación dos espazos sometidos a condicións de risco de orixe natural, tecnolóxico ou inducido pola actividade humana.	Na clasificación do solo proposta no tocante aos rústicos de especial protección.
	Favorecer a mobilidade a través de medios de transporte sustentable.	Na definición do modelo de ordenación proposto, definindo a localización dos equipamentos de carácter xeral o máis próxima posible do maior número de poboación do concello.

ANALISE DA COHERENCIA DOS OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DAS VARIABLES AMBIENTAIS NO SISTEMA SOCIOECONÓMICO		
VARIABLE	OBXECTIVOS	INFLUENCIAS NA PROPOSTA
SOCIEDADE	Fixar e atraer poboación coa creación de emprego, para conseguir un rango máis urbano de Verín como cabeceira comarcal.	Potenciar actividades económicas coa posta en funcionamentos dos sectores urbanizables empresariais.
	Fomentar por medio do modelo de ordenación proposta o equilibrio demográfico dentro do concello.	Modelo de ordenación proposta
	Fomentar o acceso á cultura, localizando no concello equipamentos culturais, para mellorar o nivel educativo da poboación, así como o cooperativismo para afrontar problemáticas comúns.	Localización das dotacións culturais de sistema xeral nos principais asentamentos urbanos, xa que a liña principal do PXOM é a de darlles a función de artellar e vertebrar o concello.
ECONOMÍA	Crear emprego no concello e incrementar a produtividade empresarial, mediante a delimitación de sectores urbanizables industriais-empresariais.	Sectores urbanizables empresariais así como nas áreas de ordenanza 4.
	Aproveitar as características do concello, mediante a posta en valor do patrimonio cultural e natural, para a mellora do seu sector turístico, sobre todo no ámbito do termalismo e augas mineiro-medicinais.	Propostas de novos equipamentos de sistema xeral, clasificación do solo das ribeiras dos ríos como o Tâmega ou o Abedes.
	Mellorar o sistema produtivo, facendo fincapé no sector agrario, cara a igualar en importancia dito sector co sector da construción.	Potenciar actividades económicas coa posta en funcionamentos dos sectores urbanizables empresariais.
	Potenciación do sector turístico coa ampliación da oferta hoteleira termal, poñendo en funcionamentos os distintos balnearios existentes no concello e fomentar a relación coa poboación de Chaves.	Delimitación do Pepri de Cabreiroá, delimitación de solo urbano non consolidado e a delimitación do solo urbanizables como é oSUD-07. Cabreiroá.
	Poñer en valor o patrimonio natural, con especial relevancia para o corredor fluvial do Tâmega e o patrimonio cultural.	Clasificación e categorización do solo nas beiras dos ríos.
VIVENDA	Axustar o parque potencial residencial a teito de planeamento á demanda estimada.	Defínese na capacidade máxima residencial, baseada entre outros factores, pola necesidade estratéxica de solo residencial e de vivenda protexida.
	Facilitar o acceso á vivenda, para o que o PXOM reserva o 30% da edificabilidade residencial, con diferentes tipoloxías, nas áreas de desenvolvemento urbanística para vivenda protexida.	O PXOM reserva o 30% da edificabilidade residencial en todas as áreas de planeamento remitido e sectores urbanizables residenciais para vivenda protexida.
	Fomentar a harmonía das novas edificacións coas xa existentes, fomentando a rehabilitación e o aproveitamento do patrimonio construído.	Establecemento de medidas concretas na normativa para a protección a conservación de elementos de interese ou catalogados, así como tamén as medidas a seguir para edificación de novas vivendas.
	Fomentar a creación de novos fogares no concello.	Establécense medidas como a da creación de vivendas de protección oficial de fácil acceso para a xente nova.
ENERXIA	Aumentar a diversificación e eficacia enerxética dos sistemas de produción e consumo, e o uso de combustibles menos contaminantes, axustando ao mínimo os recursos precisos para manter as actividades aloxadas.	A normativa oríéntase prioritariamente a condicionar a estrutura urbanística e lexislativa que vai permitir acadar unha racionalización do consumo enerxético, contemplándose apartados concretos (4.5.6 e 5.2.8) que sentan as bases principais da estratexia de aforro enerxético, conxuntamente coas condicións que se sinalan principalmente para o alumeadado público (art. 4.11.6) e o labor exemplarizante que se ten que iniciar nos centros públicos de todas as administracións na toma de medidas <u>para aforrar enerxía como inicio dunha campaña de concienciación social</u> .
	Mellorar a eficiencia enerxética das edificacións e reducir a súa contribución ao cambio climático, promovendo a súa certificación enerxética	Contémplase na normativa urbanística o fomento de todas as posibilidades de obtención complementaria de enerxía na edificación mediante recursos renovables, en sintonía coas demandas do CTE, inducindo a que a edificación poida acadar o maior grao posible de certificación de eficiencia enerxética, para acadar en conxunto un importante aforro económico e ambiental, e en condicións atmosféricas saudables. Deberase tamén xustificar especialmente que se cumpren as medidas establecidas a respecto do aforro enerxético na solicitude da licenza de primeira ocupación (artigo 26 do Anexo normativo de tramitación de licenzas e documentación da normativa).
	Fomentar o uso de enerxías limpas e renovables.	Contémplase na normativa urbanística o fomento de todas as posibilidades de obtención complementaria de enerxía na edificación mediante recursos renovables, reguladas principalmente nos artigos 4.5.6 e 5.2.8, para acadar en conxunto a mellor calidade de vida, con importante aforro económico e ambiental, e en condicións atmosféricas saudables.

ANALISE DA COHERENCIA DOS OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DAS VARIABLES AMBIENTAIS NO SISTEMA MEDIO TRANSFORMADO		
VARIABLE	OBXECTIVOS	INFLUENCIAS NA PROPOSTA
MEDIO URBANO	Introducir criterios de mellora do patrimonio natural nos sistemas xerais e locais de espazos libres e zonas verdes: mantemento de ecosistemas naturais, mantemento da permeabilidade ecolóxica (corredores ecolóxicos e corredores verdes), e na medida do posible crear unha rede interconectada entre os sistemas xerais e locais de zonas verdes e os solos rústicos de especial protección.	Concreción dunha proposta de corredores ecolóxicos corredores verdes, montes urbanos e montes
	Garantir a accesibilidade e boa conexión ao núcleo urbano, como centro dos equipamentos existentes e propostos.	Coa apertura dos novos viarios propostos, así como a localización dos novos equipamentos de carácter xeral, quedaría garantida a conexión aos centros equipamentais e aos núcleos urbanos.
	Garantir o acceso ós equipamentos e zonas verdes de sistema xeral a meirande parte da poboación verinesa.	Coa apertura dos novos viarios propostos, así como a localización dos novos equipamentos de carácter xeral, quedaría garantida a conexión aos centros equipamentais e aos núcleos urbanos.
	Mellorar a paisaxe urbana do concello, e en especial o casco histórico de Verín e núcleo de Pazos, mediante a delimitación de distintos Plans Especiais de Protección e Reforma Interior.	Mediante a delimitación dun Plan Especial de Protección e Reforma Interior do casco histórico e por suposto mediante a normativa urbanística e en espacial por medio das ordenanzas, tanto xerais como as particulares de solo urbano.
	Mellorar a cantidade e calidade das dotacións e espazos libres tanto de sistema xeral como local na concello.	Mediante o recoñecemento e proposta dende o PXOM dunha rede de sistemas equipamentais que cumpran coas necesidades do concello
MEDIO RURAL	Protexer, por medio principalmente da clasificación do solo como rústico de especial protección agropecuaria e forestal, os espazos de interese produtivo.	O estudo do medio rural ten identificado os espazos de interese produtivo que logo se clasifican como solo rústico especialmente protexido, en función das súas características naturais ou produtivas. Establécense medidas concretas na normativa urbanística para a protección de todos os espazos con recursos naturais, patrimoniais e rurais.
	Fomentar a compactación dos núcleos rurais existentes, protexendo as zonas de cultivo.	Contémplase axeitadamente na clasificación do solo proposta, así como no modelo de ordenación territorial.
	Protexer as áreas forestais de especial valor, salvagardando os ecosistemas que sustenten especies autóctonas e os bosques de ribeira.	Na clasificación do solo proposta no tocante aos rústicos de especial protección forestal.
	Adaptar a tipoloxía das novas vivendas a das formas tradicionais existentes.	Establécense medidas concretas na normativa para a protección a conservación de elementos de interese ou catalogados, así como tamén as medidas a seguir para edificación de novas vivendas.
MEDIO INDUSTRIAL	Ampliar a oferta de solo industrial do concello e da súa área funcional, para contribuír á creación de emprego.	Potenciar actividades económicas coa posta en funcionamentos dos sectores urbanizables empresariais. Polígono de Tamagos, ampliación do polígono de Pazos e solo de ampliación das zonas industriais existentes.
	Favorecer a integración paisaxística das novas actuacións no contorno no que se asentan.	Definición nos obxectivos e criterios das fichas dos ámbitos a desenrrolar.
	Pular pola ampliación dos principios da ecoloxía industrial.	Definición nos obxectivos e criterios das fichas dos ámbitos a desenrrolar
	Mellorar condicións das zonas de actividade industrial, mediante o seu traslado, ampliación ou consolidación, segundo o requiran, garantindo unha dotación de equipamentos e infraestruturas axeitadas ás necesidades industriais previstas.	Definición nos obxectivos e criterios das fichas dos ámbitos a desenrrolar
EDIFICACIÓNS	Conseguir que os prazos e prioridades de execución dos novos desenvolvementos en busca dun equilibrio temporal entre urbanización e edificación.	Definido na estratexia de actuación do PXOM
	Conseguir a consolidación e mellora das áreas edificadas.	Definido pola clasificación do solo urbano non clonsolidado e pola normativa urbanística.
	Buscar a harmonía das novas construcións coas xa existentes e co contorno no que estean situadas.	Definido pols obxectivos e criterios das áreas de planeamntos remitido e pola normativa urbanística.
	Potenciar a rehabilitación e o aproveitamento do patrimonio edificado.	Definido pola normativa urbanística.
	Diversificar as tipoloxías residenciais e as opcións de acceso á vivenda.	Definido na clasificación do solo.
	Minimizar os custos ambientais, sociais e económicos derivados da construción de edificios.	Definido pols obxectivos e criterios das áreas de planeamntos remitido e pola normativa urbanística.

ANALISE DA COHERENCIA DOS OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DAS VARIABLES AMBIENTAIS NO SISTEMA MEDIO TRANSFORMADO		
VARIABLE	OBXECTIVOS	INFLUENCIAS NA PROPOSTA
PATRIMONIO	Preservar e valorizar os elementos patrimoniais, por medio do catálogo e establecendo as medidas para o seu legado.	Defínense nos plans especiais delimitados. Establécense tamén medidas concretas na normativa (título 10) para a protección e conservación de elementos de interese ou catalogados. O catálogo contempla unha gran cantidade de elementos que se protexen especificamente, un total de 367 bens culturais protexidos (204 de carácter arquitectónico; 84 de carácter etnográfico; 9 infraestruturas; 1 espazos e 69 xacementos arqueolóxicos), ademais de todos os que se sitúan nos ámbitos dos PEPRI que se establecen e delimitan, cunha protección normativa moi eficiente para todo o patrimonio salientable.
	Poñer en valor os enclaves de interese histórico, cultural, identitario, artístico arquitectónico e arqueolóxico.	Defínense nos plans especiais delimitados e na clasificación do solo.
MOBILIDADE	Primar a creación de roteiros peonís, como os que se pretenden nas ribeiras do río Támega ou Marban, que conecten os núcleos poboacionais co contorno natural inmediato, facilitando o acceso ás zonas de valor paisaxístico, histórico-cultural e patrimonial.	Defínense, por unha parte os sistemas xerais na vila e nos núcleos e defínense na memoria de ordenación os corredores ecolóxicos e corredores verdes
	Mellorar a conectividade dos puntos de interese comunitaria do concello, buscar a conexión entre os distintos balnearios, fontes, ríos e lugares de interese cultural do concello.	Nas estratexias para a mobilidade, dende o PXOM apostouse polo transporte público, os aparcadoiros disuasorios e os bicicarrís.
	Mellorar o sistema xeral viario, para evitar o paso de vehículos pesados polo centro da cidade.	Defínese na nova estrutura viaria e sobre todo na ronda interior e na circunvalación sur.
	Mellorar a accesibilidade ao núcleo urbano.	Defínese na nova estrutura viaria e sobre todo na ronda interior e na circunvalación sur.
	Reducir as necesidade de mobilidade, mediante a localización dos equipamentos, definindo unha zonificación que favorece os desprazamentos.	Definido no modelo de ordenación proposto.

11. INDICADORES DE SEGUIMIENTO E CONTROL

Elabórase unha proposta dun Plan de Seguimento Ambiental (PSA) mediante un conxunto de indicadores, concibidos como parámetros ou factores que permite coñecer de xeito rápido e preciso o estado en que se atopa o planeamento no tempo.

Este conxunto de indicadores permitirá saber a condición e situacións global do medio ambiente e do escenario económico e social de Verín e deberán servir para:

- Determinar a eficacia das medidas de protección ambiental.
- Comprobar que as medidas preventivas e correctoras propostas leváronse a cabo e son eficaces.
- Verificar os efectos previstos e detectar novos efectos non previstos.
- Advertir sobre os valores acadados polos indicadores seleccionados.
- Obter información útil para mellorar o coñecemento das repercusións ambientais de plans do mesmo tipo en ámbitos similares.
- Seguimento das medidas preventivas e correctoras propostas, para comprobar que estas foron levadas a cabo e ademais, en gran parte dos casos, permitirá identificar posibles impactos non previstos.
- Seguimento da evolución das variables de sustentabilidade tralo PXOM.

Este Plan de Seguimento desenvolverase durante o período de vixencia do PXOM, e implicará a elaboración polo concello dunha serie de informes periódicos, que serán remitidos ao organismo competente en materia medioambiental, é dicir, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia e aos organismos e administracións que esta determine. Os Informes de Seguimento terán unha periodicidade bianual nos catro primeiros anos de vixencia do PXOM e cuadrienal en diante, agás que o organismo competente en materia medioambiental estime oportuna outra periodicidade.

Os informes do Plan de seguimento deberán contemplar os indicadores establecidos neste informe, a eficacia das actuacións e, no seu caso, os novos problemas ambientais detectados.

Así como as medidas tomadas neste Informe de Sustentabilidade Ambiental para o planeamento de desenvolvemento deberán ser supervisadas por técnicos competentes, mediante un programa de Seguimento e Vixilancia Ambiental a definir no Planeamento de Desenvolvemento dos solos urbanizables industriais e residenciais e nos solos urbanizables non delimitados residenciais, para a eficacia e o cumprimento de ditas medidas preventivas e correctoras, para no caso de observarse efectos non previstos ou que as medidas sexan ineficaces ou insuficientes notificarase á Consellería para tomar de forma coordinada as medidas oportunas.

1	PAISAXE		
1.1	Puntos acondicionados para uso e aproveitamento da paisaxe		
	Descrición	Número de puntos con calidade escénica adecuados para uso público.	4 (L-041,L-157, L-011 e L-066)
	Unidade de medida:	Número de puntos acondicionados	
	Fonte de datos:	Municipal	
	Método de cálculo:		
	Actualización:	Anual	
2	NATUREZA		
2.1	Espazos e áreas protexidas		
	Descrición	Superficie (ha) espazos recollidos nalgunha das categorías da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia e da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade así como os recollidos nos instrumentos de ordenación do territorio con incidencia no planeamento municipal.	2,95%
	Unidade de medida:	%	
	Fonte de datos:	Consellería do medio rural	
	Método de cálculo:		
	Actualización:	Anual	

2.2	Sendas verdes				
	Descrición	Acondicionamento de sendeiros para uso público dos espazos naturais.	0,5 km (Fonte do Sapo) Pozo do demo (ruta de aprox. 17 km)		
	Unidade de medida:	Km			
	Fonte de datos:	Municipal			
	Método de cálculo:	Lonxitude total de sendas verdes			
	Actualización:	Anual			
3	PATRIMONIO				
3.1	Adecuación para uso público dos bens patrimoniais				
	Descrición	Existencia de actuacións, instalacións ou infraestruturas para uso público do ben patrimonial. De xeito adicional, instalacións turísticas vinculadas ao ben patrimonial.	relixiosos (22), civís (7), cemiterio (2), fontes (19) e balnearios (4)		
	Unidade de medida:	Unidades			
	Fonte de datos:	Catálogo de bens patrimoniais do plan			
	Método de cálculo:	Número de elementos do patrimonio con funcionalidade recreativa, turística, etc.			
	Actualización:	Revisión ou vixencia do plan			
4	SOCIEDADE				
4.1	Evolución da poboación				
	Descrición	Avaliación da dinámica da poboación ao longo do tempo	14.633 (ano 2011)		
	Unidade de medida:	Número total de habitantes			
	Fonte de datos:	IGE			
	Método de cálculo:				
	Actualización:	Anual			
4.2	Taxa total de emprego				
	Descrición	A taxa de emprego defínese como a proporción de persoas ocupadas dentro do grupo de poboación con idade comprendida entre os 15 e os 64 anos. A súa evolución positiva asóciase con maiores niveis de cohesión social e calidade de vida.	40,85% (ano 2011)		
	Unidade de medida:	%			
	Fonte de datos:	IGE			
	Método de cálculo:	Nº persoas ocupadas / Nº persoas en idade activa			
	Actualización:	Anual			
4.3	Crecemento vexetativo				
	Descrición	Permite medir o crecemento ou a regresión en termos de poboación.	-54 (ano 2011)		
	Unidade de medida:	Habitantes			
	Fonte de datos:	IGE			
	Método de cálculo:	Nacementos-defuncións			
	Actualización:	Anual			
4.4	Accesibilidade a servizos públicos (abundancia)				
	Descrición	Informa sobre o número de dotacións totais (existentes e proxectadas) no planeamento en relación ao número de habitantes	Tipo	Nº dotac.	Hab/tipo
	Unidade de medida:	Número de habitantes por tipo de equipamento	AD	6	2.438
	Fonte de datos:	Equipamentos definidos polo Plan	AS	8	1.829
			CE	17	860
			DP	18	812
			ED	14	1.045
			RE	24	610
			SA	3	4.877
			SC	24	609
4.5	Accesibilidade a servizos públicos (distancia)				
	Descrición	Informa sobre a distancia de desprazamento para acceder aos equipamentos contemplados no Plan	(Uso)	(Dist.	Ponder.)
	Unidade de medida:	m	Administr.	(AD)	1.081 m
	Fonte de datos:	Equipamentos definidos polo Plan	Asistencial	(AS)	1.877 m
			Funerario	(CE)	422 m
			Deportivo	(DP)	654 m
			Educativo	(ED)	839 m
			Sanitario	(SA)	2.047 m
			Sociocult.	(SC)	379 m
4.6	Acceso á sociedade da información				
	Descrición	Porcentaxe de vivendas con conexión de banda ancha (ADSL, RDSI, Rede de cable).	16.37 % das vivendas		
	Unidade de medida:	%			
	Fonte de datos:	IGE			
	Método de cálculo:	Número de vivendas con acceso a banda ancha /número total de vivendas			
	Actualización:	Anual			

4.7	Presión urbana		
	Descrición	Este indicador relaciona o número total de habitantes coa extensión superficial do Concello. A presión demográfica está relacionada con outros indicadores como o consumo de solo, de auga, de enerxía ou a produción de lixo	155,50 Hab/Km²
	Unidade de medida:	Habitantes/km2	
	Fonte de datos:	Padrón de habitantes	
	Método de cálculo:	Poboación total do Concello/Superficie total	
	Actualización:	Anual	
4.8	Superficie de parques públicos e zonas verdes en relación ao número de habitantes		
	Descrición	Permite avaliar a dispoñibilidade de espazos de socialización e ocio ao aire libre	72,89 m²/hab
	Unidade de medida:	m²/hab	
	Fonte de datos:	Municipal	
	Método de cálculo:	m² zonas verdes/Nº habitantes censados	
	Actualización:	Revisión do Plan	
4.9	Vivenda de protección		
	Descrición	Número de vivendas baixo algún réxime de protección	178 vivendas de protección para o ano 2007
	Unidade de medida:	%	
	Fonte de datos:	Municipal. IGVS	
	Método de cálculo:	Número de vivendas baixo algún réxime de protección/Nº total de vivendas	
	Actualización:	Anual	
5	ECONOMÍA		
5.1	Déficit público adaptado á administración local		
	Descrición	Déficit público municipal ocasionado polos gastos correntes derivados do planeamento no tocante ao mantemento de infraestruturas (abastecemento, saneamento, etc.) .	Non se dispoñen de datos para este indicador
	Unidade de medida:	%	
	Fonte de datos:	Contabilidade municipal	
	Método de cálculo:	Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional, adaptado ás Corporacións Locais	
	Actualización:	Anual	
5.2	Especialización gandeira		
	Descrición	Mide a importancia relativa dos diferentes tipos de cabanas gandeiras	Os datos non veñen desagregados para as distintas cabanas a nivel municipal, so bovino e porcino
	Unidade de medida:	Número de cabezas de gando	
	Fonte de datos:	Anuario de estatística agraria (Consellería do Medio Rural)	
	Método de cálculo:	Número de cabezas de gando para os seguintes tipos de cabanas: vacún de carne, vacún de leite, aves, porcino, equino e caprino	
	Actualización:	Anual	
5.3	Especialización agrícola		
	Descrición	Reparto de superficies dos diferentes tipos de terras agrarias en relación á SAU	Non ven desagregado a nivel municipal
	Unidade de medida:	%	
	Fonte de datos:	Anuario de estatística agraria (Consellería do Medio Rural)	
	Método de cálculo:	Superficie relativa en relación á SAU dos seguintes tipos de terras agrarias: prados, pradarias, pasteiros, cultivos herbáceos (cereais, forraxeiros, tubérculos, leguminosas, flores e viveiros) e cultivos leñosos (froiteiras, viñado)	
	Actualización:	Anual	
5.4	Especialización forestal		
	Descrición	Reparto de volumes de cortas de madeira por especies forestais	Non hai datos desagregados municipais
	Unidade de medida:	m³	
	Fonte de datos:	Anuario de estatística agraria (Consellería do Medio Rural)	
	Método de cálculo:	Volume de corta de madeira por especie forestal	
	Actualización:	Anual	
5.5	Intensificación agrogandeira		
	Descrición	A intensificación se mide en termos de carga gandeira	Non se dispoñen de datos para este indicador
	Unidade de medida:	UGM (unidades de gando maior)	
	Fonte de datos:	Anuario de estatística agraria (Consellería do Medio Rural)	
	Método de cálculo:	UGM de gando porcino, avícola e vacún de leite baixo sistemas intensivos de produción	
	Actualización:	Anual	

5.6	Empresas con sistema de xestión ambiental		
	Descrición	Informa da integración da compoñente ambiental nos sistemas de produción existentes. Na actualidade os sistemas máis estendidos de xestión ambiental son a norma ISO 14001 e o sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental (EMAS)	Non se dispoñen de datos para este indicador
	Unidade de medida:	%	
	Fonte de datos:	Rexistro EMAS: CMATI; ISO 14001: Consellería de Economía e Industria (www.observatoriocalidade.org)	
	Método de cálculo:	Nº de empresas con sistema implantado de xestión ambiental/ nº total de empresas	
	Actualización:	Anual	
5.7	Agricultura ecolóxica		
	Descrición	Informa da integración da compoñente ambiental nos sistemas de produción existentes. Na actualidade os sistemas máis estendidos de xestión ambiental son a norma ISO 14001 e o sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental (EMAS)	Non se dispoñen de datos para este indicador
	Unidade de medida:	ha	
	Fonte de datos:	CRAEGA (Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia)	
	Método de cálculo:	Sumatorio da superficie agrícola ecolóxica	
	Actualización:	Anual	
5.8	Empresas con Autorización Ambiental Integrada		
	Descrición	Número de empresas con Autorización Ambiental Integrada (IPPC)	Non se dispoñen de datos para este indicador
	Unidade de medida:	Nº empresas	
	Fonte de datos:	Rexistro IPPC - CMATI	
	Método de cálculo:	-	
	Actualización:	Anual	
6	MEDIO RURAL		
6.1	Superficie agraria útil		
	Descrición	Indicador da vocación agrogandeira do Concello en termos de superficie territorial	2.364 ha (Ano 2004)
	Unidade de medida:	Ha	
	Fonte de datos:	Consellería do medio rural	
	Método de cálculo:	Sup (ha) de terras labradas e pasteiros.	
	Actualización:	Anual	
6.2	Abandono de terras agrarias		
	Descrición:	Indica o grao de abandono de parcelas de SAU. Este indicador está relacionado coa perda de poboación, co incremento de perigo de incendio e coa perda de biodiversidade de especies de flora e fauna vinculadas a hábitats agrarios	Non se dispoñen de datos para este indicador
	Unidade de medida:	%	
	Fonte de datos:	Consellería do medio rural	
	Método de cálculo:	SAU (ha) de terreos abandonados / SAU (ha)	
	Actualización:	Anual	
7	MEDIO INDUSTRIAL		
7.1	Grado de ocupación de solo industrial de nova creación		
	Descrición:	Informa sobre o grao de ocupación do solo urbanizable de uso industrial recollido no PXOM e desenvolvido polo Plan parcial ou Plan de sectorización correspondente	Polígono de Pazos (API-01): 63,41% Centro de servizos do transporte: 40,00 %
	Unidade de medida:	%	
	Fonte de datos:	Promotor	
	Método de cálculo:	[Parcelas ocupadas / Parcelas totais] x 100	
		Nota: O cálculo faise para cada un dos sectores de solo de uso industrial	
	Actualización:	Anual	
8	MOBILIDADE		
8.1	Cobertura do transporte público interurbano		
	Descrición:	Avalía o acceso ao transporte público da poboación dos Concellos que non forman parte das Rexións urbanas e Áreas urbanas identificadas polas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia. Defínese como a poboación con servizo de transporte público a menos de 750 m	80% (Dato estimado a pertires das distintas rutas interprovinciais, tes + bus etc.)
	Unidade de medida:	%	
	Fonte de datos:	Base de datos de transporte público da D.X. de Mobilidade (CMATI); sistema de asentamentos poboacionais; Nomenclátor de poboación do INE.	
	Método de cálculo:	Poboación das entidades singulares de poboación dentro da área de influencia das paradas de transporte público	
	Actualización:	Anual	

8.2	Distribución modal de mobilidade obrigada.		
	Descrición:	Emprego dos diferentes modos de transporte nos itinerarios de mobilidade obrigada	Non se dispoñen de datos para este indicador
	Unidade de medida:	% sobre o total de desprazamentos	
	Fonte de datos:	Concesionarias de liñas de transporte público; RENFE. Enquisa de mobilidade das persoas residentes en España (Ministerio de Fomento); datos municipais.	
	Método de cálculo:	(Ni/Nt)*100 Ni: Nº de desprazamentos por modo de transporte Nt: Nº total de desprazamentos obrigados Os modos de transporte a considerar son: coche ou moto, autobús urbano, autobús interurbano, tren, a pé, bicicleta e marítimo	
	Actualización:	Anual	
8.3	Relación entre o lugar de residencia e o traballo		
	Descrición:	Informa do alcance espacial da necesidade de mobilidade obrigada (laboral)	Non se dispoñen de datos desagregados para o concello de Verín.
	Unidade de medida:	% sobre o total de desprazamentos	
	Fonte de datos:	Enquisa de mobilidade das persoas residentes en España (Ministerio de Fomento); datos municipais.	
	Método de cálculo:	Nj Nj / Nt sendo Nj o número de desprazamentos en cada un dos ámbitos territoriais identificados e Nt o número total de desprazamentos obrigados. Os ámbitos territoriais a considerar son: no mesmo domicilio, no mesmo concello, nun concello da mesma provincia, nun concello doutra provincia, noutra comunidade autónoma ou noutro país	
	Actualización:	Anual	
8.4	Adaptación do transporte público ás persoas de mobilidade reducida		
	Descrición:	Indica o grao de accesibilidade dos medios de transporte colectivo a persoas con mobilidade reducida	Non se dispón de ningún vehículo adaptado no concello de Verín (0%)
	Unidade de medida:	% da flota adaptada	
	Fonte de datos:	Municipal.	
	Método de cálculo:	Datos proporcionados pola empresa concesionaria do servizo	
	Actualización:	Anual	
9	ENERXÍA		
9.1	Consumo total de enerxía en equipamentos municipais		
	Descrición:	Consumo anual de enerxía (electricidade, calefacción e auga quente) polos equipamentos municipais por habitante censado no Concello	Non se dispoñen de datos para este indicador
	Unidade de medida:	kWh/habitante	
	Fonte de datos:	Facturas de electricidade, calefacción e auga quente; padrón de habitantes.	
	Método de cálculo:	Consumo total de enerxía/ número de habitantes empadroados	
	Actualización:	Anual	
9.2	Produción autónoma de enerxía en equipamentos municipais		
	Descrición:	Número de edificios ou equipamentos con produción autónoma de electricidade, auga quente ou calefacción, mediante sistemas de paneis solares térmicos ou fotovoltaicos, eólica, xeotérmica ou caldeiras de biomasa con subministro local	Non se dispoñen de datos para este indicador
	Unidade de medida:	Número de edificios ou equipamentos	
	Fonte de datos:	Municipal	
	Método de cálculo:	—	
	Actualización:	Anual	
9.3	Venta de combustibles de automoción		
	Descrición:	Datos da venda de combustibles de automoción por habitante	Non se dispoñen de datos para este indicador
	Unidade de medida:	t (toneladas)	
	Fonte de datos:	Asociación Española de Operadores de Productos Petrolíferos; boletín de hidrocarburos da Corporación de Reservas Estratégicas de Productos Petrolíferos (Ministerio de Industria, Turismo y Comercio).	
	Método de cálculo:	Volume total de combustibles para automoción (descártase o gasóleo agrícola) / Número de habitantes empadroados.	
	Actualización:	Anual	
9.4	Sistemas de iluminación de baixo consumo		
	Descrición:	Grao de implantación de sistemas de iluminación de baixo consumo en infraestruturas e equipamentos colectivos existentes ou programados.	50,70%
	Unidade de medida:	%	
	Fonte de datos:	Municipal	
	Método de cálculo:	Nº sistemas de iluminación de baixo consumo / Nº sistemas de iluminación totais.	
	Actualización:	Anual	
10	ATMÓSFERA		
10.1	Emisións á atmosfera de orixe industrial		
	Descrición:	Volume de emisións á atmosfera xeradas polas instalacións de produción industrial emprazadas no Concello. Este indicador abrangue as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI): CO2, CH4, N2O, HFC, SF6, PFC	Non se dispoñen de datos desagregados para o concello de Verín.
	Unidade de medida:	t/ano	
	Fonte de datos:	Rexistro estatal de emisións e fontes contaminantes EPER-PRTR	
	Método de cálculo:	—	
	Actualización:	Anual	

10.2	Exposición da poboación á contaminación acústica		
	Descrición:	Ofrece información sobre a porcentaxe de poboación afectada polo ruído segundo o índice de ruído Lden nos eixos viarios, ferroviarios e aeroportos	Non se dispoñen de datos para este indicador
	Unidade de medida:	Número de persoas, e vivendas, hospitais e centros educativos.	
	Fonte de datos:	Mapas estratéxicos de ruído estatais (CEDEX), autonómicos (Dirección Xeral de Infraestruturas, CMATI)	
	Método de cálculo:	Nº de persoas, vivendas, hospitais e centros educativos por intervalos de valores de Lden de 55, 65 e superiores aos 75 dB(A)	
	Actualización:	Cada cinco anos.	
10.3	Exposición da poboación á contaminación electromagnética		
	Descrición:	Poboación dentro do radio de afección de fontes de contaminación electromagnética (instalacións de telecomunicacións, liñas eléctricas, subestacións eléctricas, redes WIMAX) emprazadas en solo urbano, urbanizable ou de núcleo rural	Non se dispoñen de datos para este indicador
	Unidade de medida:	Nº habitantes	
	Fonte de datos:	Promotor	
	Método de cálculo:	Considérase zona de afección a recomendación do Consello da Unión Europea de limitar a densidade de corrente eléctrica inducida a 2 mA/m² en sitios onde poida permanecer un tempo prolongado e calcúlanse de forma teórica uns niveis de referencia para o campo electromagnético de 50 Hz: 5 kV/m para o campo eléctrico e 100 µT para o campo electromagnético (Fonte: Red Eléctrica Española)	
	Actualización:	Revisión do plan.	
11	CICLO HÍDRICO		
11.1	Abastecemento de auga municipal		
	Descrición:	Avalía o consumo de auga subministrado pola rede de abastecemento municipal, así como as perdas rexistradas na rede de distribución. Considera o consumo total dos sectores doméstico, comercial e industrial, os equipamentos e servizos municipais e, para o caso de Concellos rurais, o consumo por explotacións agropecuarias	0,39 l/persoa/día
	Unidade de medida:	litros/(persoa equivalente*día)	
	Fonte de datos:	Empresa de subministración	
	Método de cálculo:	Abastecemento diario (consumo doméstico+consumo industrial+consumo comercio+consumo equipamentos e servizos municipais+perdas da rede de distribución+consumo agrogandeiro)/Nº habitantes	
	Actualización:	Trimestral	
11.2	Saneamento de augas residuais		
	Descrición:	Avalía a porcentaxe de poboación conectada a sistemas de saneamento.	96 %
	Unidade de medida:	%	
	Fonte de datos:	Concello; EIEL	
	Método de cálculo:	Poboación conectada á rede de saneamento/poboación total	
	Actualización:	Anual	
11.3	Emisións totais á auga por actividade económica		
	Descrición:	Informa sobre o volume de emisións á auga xeradas pola actividade económica	Non se dispoñen de datos para este indicador
	Unidade de medida:	t/ano	
	Fonte de datos:	Rexistro estatal de emisións e fontes contaminantes	
	Método de cálculo:	Produción total de emisións	
	Actualización:	Anual	
11.4	Número de puntos de vertido		
	Descrición:	Número de puntos de vertido a ríos	Non se dispoñen de datos para este indicador
	Unidade de medida:	Unidades	
	Fonte de datos:	Inventario de vertidos do organismo de conca.	
	Método de cálculo:		
	Actualización:	Anual	
12	CICLO MATERIAIS		
12.1	Xeración de residuos sólidos urbanos (RSU)		
	Descrición:	Cantidade de residuos urbanos producidos	7.288,12 kg/persoa (2011)
	Unidade de medida:	kg/(persoa*ano)	
	Fonte de datos:	Municipal. Empresa concesionaria do servizo.	
	Método de cálculo:	Total anual RSU recollidos/número habitantes	
	Actualización:	Anual	
12.2	Xeración de residuos perigosos		
	Descrición:	Cantidade total de residuos perigosos xerados por instalacións industriais e empresariais emprazadas no Concello	Non se dispoñen de datos para este indicador
	Unidade de medida:	t de residuos perigosos xerados	
	Fonte de datos:	Sistema de Información de Residuos de Galicia – CMATI	
	Método de cálculo:		
	Actualización:	Anual	

12.3	Recollida selectiva de RSU		
	Descrición:	Mide a eficacia da recollida selectiva. Calcula a porcentaxe entre a recollida selectiva neta (inclúe aquelas fraccións contabilizadas na recollida selectiva bruta descontando as cantidades de materiais considerados improprios en cada sistema de recollida) e a recollida selectiva bruta (cálculo incluíndo o total dos residuos recollidos)	Non se dispoñen de datos para este indicador
	Unidade de medida:	%	
	Fonte de datos:	Empresas recollida selectiva	
	Método de cálculo:	Residuos xerados-improprios/Residuos xerados	
	Actualización:	Anual	
12.4	Rutas de recollida de RSU		
	Descrición:	Informa das distancias recorridas polo servizo de recollida de lixo en función do número de habitantes cubertos polo servizo. Da idea do grao de dispersión das entidades de poboación e do consumo enerxético derivado do servizo de recollida de lixo	Non se dispoñen de datos para este indicador
	Unidade de medida:	m/habitante	
	Fonte de datos:	Empresas recollida selectiva	
	Método de cálculo:	Lonxitude total das rutas de recollida/Nº total de usuarios cubertos polo servizo	
	Actualización:	Anual	
13	SOLO		
13.1	Consumo de solo planificado		
	Descrición:	Indicador do grao de consumo de solo potencial (a teito de planeamento) por urbanización no Concello	13,77%
	Unidade de medida:	%	
	Fonte de datos:	PXOM	
	Método de cálculo:	(Superficie (ha) de núcleo rural+urbano consolidado+urbano non consolidado+urbanizable delimitado+urbanizable non delimitado+sistemas xerais)/Superficie (ha) do Concello	
	Actualización:	Modificacións puntuais ou revisións do PXOM	
13.2	Consumo de solo executado		
	Descrición:	Indicador do grado de consumo de solo real (executado) por urbanización no Concello	10,21%
	Unidade de medida:	%	
	Fonte de datos:	Municipal	
	Método de cálculo:	(Superficie (ha) de núcleo rural+urbano consolidado+urbano non consolidado +sistemas xerais) / superficie (ha) do concello Nota: considéranse os urbanizables desenvolvidos como urbano a efectos do cálculo, aínda que conserven a categoría de urbanizable ata a revisión do PXOM.	
	Actualización:	Cada vez que se execute un plan de desenvolvemento	
13.3	Emisións totais ao solo		
	Descrición:	Volume de emisións ao solo xerado pola actividade económica desenvolvida no Concello	Non se dispoñen de datos para este indicador
	Unidade de medida:	t/ano	
	Fonte de datos:	Rexistro estatal de emisións e fontes contaminantes	
	Método de cálculo:	Produción total de emisións ao solo	
	Actualización:	Anual	
13.4	Superficie queimada en incendios forestais		
	Descrición:	Superficie queimada por incendios forestais	Ano Superfice (Ha) 2001 14,44 2002 144,95 2003 208,79 2004 208,22 2005 444,64 2006 104,1 Fonte: IGE
	Unidade de medida:	ha	
	Fonte de datos:	Consellería do Medio Rural	
	Método de cálculo:	-	
	Actualización:	Anual	
13.5	Bens afectados por inundacións		
	Descrición:	Valor económico de bens construídos afectados por inundacións e avenidas torrenciais	Non se dispoñen de datos para este indicador
	Unidade de medida:	€	
	Fonte de datos:	Consortio de Compensación de Seguros. Axencia Galega de Emerxencias	
	Método de cálculo:	-	
	Actualización:	Anual	
14	EDIFICACIÓNS		
14.1	Vivendas baleiras		
	Descrición:	Número de vivendas baleiras	1.650 vivendas baleiras para o ano 2001 (IGE)
	Unidade de medida:	%	
	Fonte de datos:	Censo de vivendas, INE	
	Método de cálculo:	Número vivendas baleiras/Número total de vivendas	
	Actualización:	Cada 10 anos	

14.2	Edificacións rehabilitadas		
	Descrición:	Mide a importancia da rehabilitación	Dende o ano 1991 a 2003: 13 licenzas de rehabilitación. Dende o ano 2004: 81 licenzas de rehabilitación.
	Unidade de medida:	Unidades	
	Fonte de datos:	Nº de licenzas para rehabilitación de vivendas – Concello	
	Método de cálculo:		
	Actualización:	Anual	

12. RESUMO NON TÉCNICO

12.1. INTRODUCCIÓN.

O Informe de Sustantibilidade Ambiental é un documento correspondente ao proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica requirido para plans e programas que afectan a un espazo xeográfico determinado. A “Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia” establece o modo en que se debe de integrar este procedemento na tramitación do PXOM. . A devandita avaliación persegue o obxectivo de conseguir un elevado nivel de protección medioambiental, contribuíndo á integración dos aspectos ambientais e de sustentabilidade no futuro Plan Xeral de Ordenación Municipal de Verín. O Informe de Sostibilidade Ambiental constitúe xa que logo o documento correspondente a etapa principal do proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica ao que é sometido o Plan Xeral.

O obxectivo principal do Informe de Sustentabilidade Ambiental é facilitar que o Plan Xeral poida ser considerado e analizado dende a óptica do desenvolvemento sostible polas autoridades ambientais, os axentes socioeconómicos, os veciños do territorio e calquera persoa ou entidade interesada. Partimos dun modelo territorial actual que presenta problemas diversos demográficos, de mobilidade, perda de recursos e deterioro continuo do patrimonio cultural e natural, déficit de equipamentos e infraestruturas.

O modelo actual de ordenación urbanística do concello de Verín vén establecido polo plan vixente (NSM de 1986), quedándose totalmente desfasadas en relación á normativa actual vixente. Esta nova realidade lexislativa e ambientalista supón un motivo suficiente para xustificar a redacción dun novo planeamento que teña como obxectivos a consecución dun modelo territorial axustado e equilibrado cos seus recursos. A posta en valor dos valores propios culturais, patrimoniais, ambientais, etc..., constitúe unha meta do novo Planeamento.

12.2. O ASPECTO INFORMATIVO E ANALÍTICO.

Para iniciar o proceso da sostibilidade, o primeiro paso é analizar o contorno e as variables ou vectores ambientais para achegar solucións integradas no PXOM, de cara á corrección ou supresión daqueles efectos ou impactos negativos observados. O ISA iníciase, por tanto, coa recompilación e análise do modelo territorial actual en cada unha das variables temáticas definidas que afectan aos criterios de sostibilidade: medio inerte, medio biótico, paisaxe, patrimonio, poboación, economía, usos do solo, medio rural e urbano, así como os diferentes recursos: enerxía, ciclo hídrico, ciclos de materiais, solo, etc. Nalgúns destes apartados obsérvanse certas dificultades de análise debidas á falta de información como se pode observar na listaxe dos indicadores, xa que para algún deles é case imposible obter datos en base aos medios dispoñibles, ou ben estes presentan un nivel de desfase considerable.

Recóllese, de seguido, un extracto resumido da documentación máis relevante destes aspectos.

A paisaxe e as medidas establecidas para a súa protección.

Verín, cunha configuración morfolóxica do territorio organizada a través do val do Támega, presenta unha paisaxe natural variada, cunha alta diversidade de hábitats e cunha configuración morfolóxica tamén diversa: serras, outeiros, vales pechados, e abertos, ríos, regueiros e regatos, barrancos, charcas, humidaís, bosques, bosquetes, etc.

Por outra banda, en termos xerais, entre os elementos e procesos que máis negativamente inciden na calidade da paisaxe, pódense sinalar os incendios forestais, as canteiras, a autoestrada, as infraestruturas de telecomunicacións e eléctricas, a liña de cables de alta tensión que chega ata a vila de Verín.

No que se refire ás cuncas visuais, primeiramente elaboramos o mapa de cuncas visuais, conforme ás subcuncas hidrolóxicas, a continuación analizamos un punto do territorio que é un fito da paisaxe: o monte Maior e, por último analizamos a intervisibilidade da autoestrada A6 ao seu paso polo territorio de Verín; o segundo por ser unha altura significativa no concello, e o terceiro, a autoestrada, por ser unha vía de alta capacidade cun gran número de potenciais persoas que ven a paisaxe cando circulan por ela. As cuncas visuais resultantes son: a cunca visual dende o Montemaior e a cunca visual dende a autoestrada.

Tense realizado unha análise paisaxística básica, establecendo as unidades de paisaxe por ámbitos territoriais, aos efectos de valorar a incidencia da ordenación e da clasificación do solo na paisaxe, establecendo medidas concretas para a súa protección en xeral na normativa e mediante a delimitación específica de ámbitos de protección en estradas, nas zonas onde existen perspectivas de interese sobre outros espazos. Ademais, a potenciación e protección do arborado autóctono, a conservación da paisaxe rural e natural, do espazo agrario humanizado, do patrimonio arquitectónico, arqueolóxico e etnográfico contribúen en gran medida a manter e potenciar os valores paisaxísticos do territorio.

Establécense en concreto varios ámbitos de protección paisaxística, establécense tamén medidas concretas na normativa (art. 5.3, 5.4 e título 8) para a protección paisaxística nos espazos naturais e rurais, así como na conservación de elementos de interese ou catalogados (título 10).

O Patrimonio e as medidas para a súa posta en valor.

Á luz do traballo realizado, o ámbito de estudo recolle un total de douscentos seis (206) bens culturais de carácter arquitectónico; sesenta e sete (67) bens de carácter etnográfico; dez (10) infraestruturas; un (1) espazo singular; e trinta e cinco (35) xacementos arqueolóxicos, o que fai un total de trescentos dezanove (319) bens de interese protexidos no concello.

Os bens de carácter arquitectónico correspóndense cunha (1) casa vilega, cento setenta e unha (171) construcións civís, dous (2) cemiterios, dous (2) conxuntos históricos, cinco (5) mananciais, catro (4) muíños, unha (1) muralla e dezanove (19) construcións relixiosas.

Os bens de carácter etnográfico son tres (3) adegas, dúas (2) construcións civís, un (1) chapitel, quince (15) cruceiros, quince (15) fontes, sete (7) fornos, dous (2) lagares, sete (7) muíños, dous (2) petos de ánimas, un (1) pombal, oito (8) pozos e un (1) marco.

As infraestruturas fan referencia un (1) Camiño de Santiago, outra (1) a industria e oito (8) pontes.

O espazo singular refírese a un (1) espazo arborado.

Os xacementos están constituídos por un (1) achado solto, quince (15) asentamentos, oito (8) castros, un (1) lugar cultural, unha (1) muralla, dúas (2) necrópoles, e seis (6) petróglifos,

Polo que respecta aos ámbitos patrimoniais salientables:

No concello de Verín considéranse tres ámbitos patrimoniais que han de ter unha protección específica:

1. O Casco Histórico de Verín.

2. Vila de Pazos.

3. Os mananciais e balnearios: manancial de Sousas, balneario de Fontenova, Fonte do Sapo, balneario de Cabreiroá e balneario de Caldeliñas.

Ademais é de salientar o castelo de Monterrei, que aínda que non pertence ao concello, hoxe en día é un referente importante para toda a comarca.

Poboación e previsións demográficas.

A dinámica poboacional de Verín dende o ano 1990 ata o 2004, presenta unha traxectoria positiva no conxunto do concello, sendo a proxección demográfica da poboación, sen ser excesiva, positiva e con tendencia constante.

A estrutura da súa poboación pódese considerar evolucionada, cunhas baixas taxas de natalidade e cunha alta porcentaxe de poboación de maiores que manteñen unha elevada esperanza de vida. Dos diferentes índices observados obtense as seguinte conclusións:

- Avellentamento claramente por debaixo dos valores provinciais e comarcais; dependencia alto, aínda que “baixo” con respecto ao que se pode observar nós ámbitos provincial e comarcal; infancia que dobra os valores do conxunto comarcal e xuventude que supera claramente os valores dos concellos máis achegados

- Índice de estrutura da poboación en idade potencialmente activa semella un valor baixo a nivel estatístico pero certamente positivo, segundo os valores amosados para a comarca, e máis aínda, se tomamos a referencia do conxunto galego que se sitúa
- No que respecta aos movementos naturais da poboación: polo que se refire aos índices de reemprazo da poboación en idade potencialmente activa, Verín está tres puntos por riba, respecto ao conxunto galego .
- No que respecta aos movementos migratorios, neste concello dáse un saldo migratorio positivo. Se ben, non se tivo en conta a emigración exterior, que ten escasa relevancia.
- E finalmente no que á instrución da poboación se refire; pódese concluír que Verín presenta uns niveis formativos aceptables, aínda que cunhas altas porcentaxes de poboación sen estudos, que van moi asociadas ás persoas de maior idade que supoñen un 20% da poboación.

A modo de conclusión, podemos indicar que no que respecta á estrutura da poboación, o concello presenta un volume maior de defuncións que de nacementos, polo que o seu saldo vexetativo era, para o ano 2004, negativo, con todo presenta (se temos en conta os datos provinciais e comarcais) unha case envexable situación de vitalidade poboacional, tal e como se pode observar.

Usos do Solo

Segundo os datos extraídos das bases de datos do Mapa de Usos e Coberturas do solo de escala 1: 25.000, publicado no ano 2004 pola Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, do mapa do proxecto CORINE Land Cover (CLC) a escala 1: 100.000 sobre a cobertura/uso do territorio, do Mapa do Terceiro Inventario Nacional Forestal e o Mapa de capacidade produtiva de Díaz Fierros, así como da consulta de diferentes fontes de datos estatísticos, como o censo do 1999 desagregado a nivel municipal, os inventarios agrarios do 2000 a 2004 cos datos a nivel comarcal e os datos do catastro de rústica dos tipos de cultivos, pódense determinar os seguintes usos predominantes:

Agrario. Predominio das hectáreas dedicadas a viñedos, que representa o 63% de todas as terras labradas, dedicándose o resto a cultivos herbáceos e moi en menor medida a froiteiros. Nos concellos de Verín, Oímbra e Monterrei, o viñado representa o 44, 57 e 63 % respectivamente da superficie agraria de cada concello.

Todo o concello de Verín está inscrito na denominación de orixe Monterrei, na subzona val de Monterrei, agás a parroquia de Queirugás que está na subzona ladeira de Monterrei. A denominación de orixe de Monterrei tiña no ano 2000, na comarca 580 hectáreas de superficie inscrita. Tres zonas de concertación parcelaria en marcha. A concentración parcelaria de Cabreiroá, cunha superficie de 391 hectáreas dedicadas ao cultivo da horta e viña; a concentración parcelaria de Mandín Feces, cunha superficie de 1267 Has. dedicadas ao cultivo da horta e viña e a concentración parcelaria de Mourazos-Tamagos-Tamaguelos, cunha superficie total de 1.250 hectáreas. Isto supón un total de case 3.000 hectáreas a unha agricultura de comercialización, fundamentalmente viñado (denominación de orixe de Monterrei), así como froiteiras, horta e cereal.

No que se refire á gandería, o concello de Verín, segundo datos do 2003 do IGE e CPADR ten 23 explotacións de gando bovino, cun total de 227 bovinos, o que dá unha media de 9.8 vacas por explotacións, contando na comarca con 367 explotacións e 4.925 bovinos o que dá unha media maior, de 13.4 vacas por explotación. Son, en xeral, explotacións gandeiras familiares, onde a produción de carne se realiza de forma tradicional.

Forestal. A superficie ocupada polo forestal, en Verín, segundo os datos procedentes do 3 I inventario Forestal, realizado en (1997-1998), é do 63% da superficie total, unhas 5.900 Has. Predominan os piñeirais, seguido de piñeirais con carballos e rebolos, ou piñeiros e rebolos, aparecendo, tamén, boas manchas de castiñeiros, así como carrascos no 3If. No que respecta á superficie de monte en Man Común, segundo datos da Xunta, son 3.530 hectáreas de monte mancomunado, repartidos nas diferentes comunidades.

E por último o mineiro. As explotacións a ceo aberto de arxilas, na maioría dos casos abandonadas, forman zonas húmidas artificiais que, unha vez que deixan de ter uso mineiro, deberanse restaurar e integrar nos espazos protexidos do Támega.

Conservación da Natureza

Un dos dous grandes paradigmas das sociedades modernas e desenvolvidas é a conservación e o uso sostible da biodiversidade, o que supón conservar e restaurar ecosistemas fráxiles ou degradados, mediante a protección de todos os espazos de interese natural.

Neste sentido, todas as áreas de especial valor ecolóxico, paisaxístico e cultural deben quedar protexidas mediante a figura de solo rústico de protección especial, primeiro, os terreos que forman parte da Rede Natura, e deseguido todos aqueles outros con suficientes valores para ser protexidos e preservados da urbanización.

Cómpre lembrar que unha vez posta en marcha a Rede Natura 2000, elaboraranse os plans necesarios (tanto de conservación de hábitats pouco degradados, como de restauración de hábitats degradados) para garantir a persistencia dos hábitats naturais declarados como de interese comunitario. Estes plans irán dirixidos para a aplicación de medidas para a conservación de certos agrosistemas como debería ser o caso do mosaico agrícola con arborado autóctono en Cabreiroá.

Mención especial precisa o espazo da rede galega de espazos protexidos. ZEPVN LIC Río Támega Rede Natura río Támega, cuxo código ES11300005 pertence a Verín case que na súa terceira parte do súa extensión territorial. Este espazo natural protexido zonifícase no seu tramo verinense en tres tipos, Zonas de interese Prioritario para a conservación dos seus hábitats ZPDG 2, Zonas de Uso restrinxido ZPDG 3 (que se localizan no norte do concello ata chegar á vila de Verín e dende un punto do río Abedes ata a autoestrada), e tamén ZPDG 5 Zonas de Uso Xeral (que se corresponde á zona ao seu paso pola vila de Verín) . Así pois, se se producen efectos por ocupación e fragmentación nas zonas ZPDG 2 estes efectos serían moi significativos, mentres que no tramo da Rede Natura de uso xeral, as afeccións son moito menos significativas. Isto significa que un mesmo uso ou actividades nas áreas de contacto ou amortecemento do espazo protexido poden producir diferentes tipos de impacto; obviamente, prodúcese máis impacto nunha zona de reserva ou de interese prioritario que nunha zona de uso xeral.

Salientable tamén é o humidal formado polo río Támega , o cal á súa vez, fai intersección cunha serie de humidais de interese natural dos cales uns son humidais artificiais con interese natural procedentes das explotacións mineiras e outros son meandros abandonados do Támega. Son espazos húmidos de interese natural, integrantes do complexo de humidais do Támega.

Un Punto de interese xeomorfolóxico constitúeo a cova do “Pozo do Demo”.

Modelo territorial:

O medio urbano

Basicamente tres son os condicionamentos que veñen incidindo na definición do modelo de cidade que constitúe a vila central de Verín e en lóxica no seu “hinterland” inmediata: por unha banda o crecemento lineal sobre o viario principal que dá lugar a grandes e indesexables baleiros na trama urbana, por outra banda o fenómeno da concentración parcelaria, e por último a irrupción de referentes formais sobre un soporte de orixe rural (preindustrial).

Polo tanto, a valoración do asentamento herdado e consolidado como referente para o establecemento dun novo modelo de cidade compacta, nace do recoñecemento da morfoloxía da vila actual , xurdida nun cruzamento de camiños (N-525/N-532). Este novo modelo que se procura defínese principalmente en dúas actuacións concretas e vencelladas, por un lado procurando a compactación dos baleiros existentes xurdidos dun crecemento a través das vías de comunicación, para crear unha verdadeira trama urbana que articule a cidade na que cobra grande importancia a nova ronda interior, e por outro lado, na definición de novas centralidades apoiadas nos asentamentos tradicionais (integrándoos na cidade) e nas grandes zonas equipamentais, tanto existentes como propostas, seguindo criterios de sustentabilidade ao considerar a recuperación dos barrios e solos en desuso, intentando articular o desarticulado para ordenalo e propoñendo un modelo territorial non expansivo senón de contención, apostando pola creación de cidade a partir dos equipamentos comunitarios e non a través da vivenda. Deste xeito defínense catro novas centralidades:

1 Zona oeste, esta nova centralidade defínense nas seguintes actuacións, integración do núcleo rural de Pazos (no que se delimita un PEPRI) na trama urbana, creación de novos equipamentos de carácter local, definición do corredor de San Lázaro que conectará o barrio de Pazos co centro histórico e creación de novos viarios que articulen a zona.

2 Zona sur, centralidade apoiada na grande zona equipamental sur Institutos e como articulación do barrio dos Coutos por medio da circunvalación sur, e viario de carácter local e o parque dos Coutos.

3 Zona leste, San Roque esta nova centralidade defínese nas seguintes actuacións, a creación dunha nova zona equipamental asistencial e a definición dos corredores verdes do Marban e os Balnearios.

4 Zona norte, centralidade para a articulación da área equipamental hospitalaria do norte da cidade, articulación definida pola ronda interior e os corredores do Marbane do Casco Histórico.

O medio rural

Os núcleos do rural no concello de Verín agrúpanse en quince (15) parroquias: Tintores (Tintores e Vilela), Vilarmaior do Val (Vilarmaior, Caldeliñas e O Salgueiro), Queirugás, Verín (urbano), A Rasela, Ábedes, Pazos (urbano), Queizás (parte en urbano), Cabreiroá, Tamagos, Tamaguelos, Mandín, Feces de Cima e Feces de Abaixo.

Todos eles teñen un inequívoco carácter tradicional, aínda agora, cando as edificacións que se van inzando no seu interior xa non teñen o carácter tradicional de outrora.

A identificación e cualificación de unidades morfolóxicas homoxéneas, constituíndo de seu unha verdadeira síntese ambiental dun espazo de alta diversidade paisaxística, aínda cando estamos a falar dun territorio de extensión cativa na unidade provincial e comarcal no que estar inserto deu como resultado as seguintes unidades:

O sistema do río Támega, o Val: conformado polas ribeiras do Támega e mailo Ábedes que dan paso a unha zona de pendentes moi moderadas onde se atopan os principais e mellores solos agrícolas, conformando un mosaico de emparrados, cultivos e prados, rodais de arborados, núcleos de poboación, vivendas illadas, construcións diversas, naves industriais e de servizos, e os viarios de comunicación; e por último as Serras: o territorio verinés ascende ata as ladeiras que entran en contacto co val e presentan pendentes fortes.

No que respecta á edificación no medio rural: a tipoloxía tradicional dos núcleos responde ao modo de vida rural, baseado na agricultura de autoabastecemento ou de subsistencia. Son núcleos con rúas moi estreitas e irregulares, condicionadas pola topografía do terreo. As casas típicas do interior ourensán tiñan dúas plantas e normalmente acaroadas a outras inmediatas, construídas con sillares ou con cachotes, con cuberta de tella de dous ou catro vertentes, e posúe escaleira exterior con fortes chanzos de pedra e galería aberta, con balaustrada de madeira. O curral e as cuadras sitúanse na planta inferior, namentres a superior dedícase á vivenda.

Ata a década dos sesenta do século vinte non se produciu unha modificación significativa no modelo de casarío. O comezo da corrente emigratoria cara a Europa e cara as rexións máis desenvolvidas de España, que nese período eran Cataluña, Euskadi e Madrid, marcou un cambio do modelo: ten lugar unha perda de valor da actividade agraria e experimentábase un maior interese en novos usos, que propiciaron numerosas actuacións, onde non se preservou a tipoloxía tradicional, empregando materiais alóctonos, alterando escalas e introducindo novos elementos distorsionadores dos elementos tradicionais.

Os núcleos rurais tradicionais máis afastados das principais vías de comunicación mantiveron os usos tradicionais e mantiveron unha dinámica constante, tendendo cara o despoboamento. A expansión destes núcleos rurais sobre os viarios de acceso ás principais vías de comunicación e sobre estas levou á formación de núcleos continuos, aínda con certo matiz no grao de urbanización

O medio industrial

O concello de Verín caracterízase polas políticas postas en marcha actualmente pola Xunta (IGVS), en materia produtiva, coa implantación do parque empresarial de Tamagos como fito principal, así como a ampliación do actual parque empresarial de Pazos, actuacións que permitirán a creación de emprego e que polo tanto servirán para a fixación de poboación para o concello.

A actividade industrial existente:

- Ampliación das existentes: zona de Sousas, zona de Cabreiroá e a zona sur, ao carón da centro de transporte.

- Consolidación: zonas industriais apoiadas na N-525, zona de Fontenova

- Transformación: zona norte, xunto ao núcleo da Rasela e zona sur, xunto ao núcleo de Queizás.

O sistema xeral de comunicacións e transporte : A Rede Viaria

O trazado do novo tramo da autovía Verín-Chaves, supón a consecución dunha importante etapa na planificación de infraestruturas viarias no conxunto provincial e subrexional, fito que entre outras loanzas, fai viable o concepto de “Eurocidade Verín-Chaves” (23 km separan as dúas cidades) a través do cal se poderían abordar de xeito común os problemas, creando un novo espazo para o desenvolvemento conxunto.

No que respecta á accesibilidade provincial A N-525, N-532 e A-52 resolverían a día de hoxe esta premisa, que se verá complementada polo novo tramo da autovía Verín-Chaves que enlazará coa A-24 portuguesa (Chaves-Vila Real).

En relación coa accesibilidade comarcal, hoxe en día, resólvese a través do sistema tradicional de estradas, nomeadamente sobre o trazado da OU-113, que saíndo do centro histórico da vila de Verín percorre cara o norte para comunicarse con Castrelo do Val e Laza, da OU-114 que percorre dende Caldeliñas, pasando por Vilarmaior ata o concello de Castrelo do Val, da OU-115 comunicando Pazos co concello de Monterrei. A accesibilidade das estradas anteriores resolverían a entrada norte, complementadas pola estrada OU-310 de unión de Verín con Vilardevós, cunha dirección sueste. As condicións da urbanización extrema son moi variables, en función do territorio atravesado por cada unha delas.

E por último, a accesibilidade local apóiase na rede de estradas da deputación provincial nas zonas máis rurais, mentres que o núcleo urbano apóiase nas vías principais cambiando estas de nome (Avda. de Laza, Av. Luis Espada, Av. de Castela, Av. de Portugal, Av. de Sousas). Este viario verase completado polas novas propostas de circunvalación e ronda propostas no PXOM. Por un lado a ronda interior (norte-sur), vía de enlace entre a Avda. de Portugal e a Av. de Laza (conectaría as dúas grandes zonas equipamentais dende a zona dotacional educativa ata a zona dotacional sanitaria), e por outro a circunvalación sur (leste-oeste) que faría de “by-pass” da N-525 no seu tramo urbano, procurando descargar o tráfico ao centro da vila.

Rede de espazos libres e zonas verdes.

No que respecta a estes espazos de lecer, o dato máis característico é que a oferta do concello de Verín é claramente deficiente.

A oferta actual de espazos libres sitúase preferentemente na ribeira baixa do río Tamuxe: a área recreativa das Aceñas e o parque das Pías, e dous espazos de menor entidade vinculados ao núcleo urbano do Calvario: a área recreativa da Soberbia e a Alameda . O sistema xeral caracterízase pola presenza do que podemos clasificar como “parque grande” do Támega (praia fluvial –paseo e espazo deportivo), e pequenos parques: alameda, praza do Concello, praza Maior, marxe dereita do río Támega e a marxe esquerda do río Támega. O sistema Local vén caracterizado por pequenas áreas de estancia de natureza urbana e áreas de xogo tamén escasas. No que respecta ás áreas recreativas e parques forestais: dous son os testemuños, por un lado o Campo dos Remedios, e aérea recreativa fluvial en Tintores.

Como conclusión, non é desafortunado dicir que non existe un verdadeiro sistema de espazos libre e zonas verdes, acorde coas súas dimensión cualitativa e cuantitativa, que cumpra debidamente as funcións a tal efecto; polo que sería necesario como mínimo triplicar a oferta existente.

O Sistema de Equipamentos Comunitarios

A modo de resumo pódense achegar as seguintes conclusións, dependendo da tipoloxía do equipamento así:

Tipoloxía deportiva: a oferta deportiva existente no concello de Verín presenta un estándar excelente, aparentemente. Porén, sería preciso a implementación de equipamentos deportivos ou zonas deportivas nas seccións censuais carentes deles.

Tipoloxía educativa: a oferta educativa amosa un resultado aceptable, pois os umbrais de aparición deste tipo de dotacións son relativamente elevados. Sería conveniente a realización dun estudo de necesidades, acerca da demanda de prazas de gardería, en oferta pública.

Tipoloxía sanitaria: a oferta sanitaria presenta uns niveis en xeral, a todas vistas aceptable, pois os umbrais de aparición deste tipo de dotacións son relativamente elevados.

Tipoloxía sociocultural: a análise da situación actual realízase a nivel das seccións censuais e amosa un resultado acorde coa distribución territorial dos mesmos.

Tipoloxía asistencial: a oferta de equipamentos asistenciais está moi por debaixo do parámetro estimado como desexable.

Por outra banda hai que destacar a falla dun estudo da demanda de prazas de gardería, considerada a súa existencia como un parámetro de calidade diferencial.

O parque socio-residencial

No que lle é propio a evolución do parque de vivendas, podemos falar dun dinamismo no crecemento na comarca de Verín. O incremento das vivendas entre 1960 e 2001, no conxunto municipal, é do 210%. Deste xeito entre 1995 e o ano 2005³ o total de licenzas relativas á construción suman un total de 2.330 no conxunto municipal, das que o 50% están localizadas no tramado urbano de Verín. Deste conxunto de licenzas de construción, o 65% está referido a vivendas, polo que o restante 35% desagrégase entre 13% para construción de naves, 7% galpóns e o 15% para peches e muros.

No que respecta ás vivendas, temos que dicir que neste concello agrúpanse o 41% dos edificios da comarca. Verín como concello vén determinado pola tramada urbana da parroquia que acubilla o 52% dos edificios do concello fronte ao 48% dos edificios repartidos polas outras 14 parroquias. O parque edilicio está en bo estado de conservación -90%-. Segundo as alturas dos edificios, contamos cunha media de 3 e 4 alturas na vila e de 1 e 2 alturas nos edificios das parroquias non urbanas. Ningún núcleo ou parroquia, agás Verín, excede as tres alturas.

No conxunto comarcal o 98% dos edificios destinados a vivenda conta con auga corrente de abastecemento público, o 1% con abastecemento privado e o 1% restante non conta con abastecemento. Os servizos públicos de evacuación de augas residuais presentan un servizo de rede de sumidoiros nunha porcentaxe do 97% para o agrupado comarcal e outro tanto para o concello. As porcentaxes dos edificios destinados a vivenda que contan con auga quente central a nivel comarcal sitúase no 58%.

No concello verinés o 56% das vivendas teñen unha superficie estimada entre os 76 m² e os 105 m².

Os fogares: do 41% dos fogares verineses, unha porcentaxe do 75% está constituída por unha soa familia sen outras persoas, e o 20% son fogares unipersoais fronte ao 69% dos fogares da comarca, agás no concello de Verín que están constituídos por unha familia sen outras persoas, unha porcentaxe do 30%, 10 puntos por riba, os concellos da comarca sen contabilizar Verín.

RECURSO ENERXÍA

Sistema de infraestruturas de servizo, rede de subministración de enerxía eléctrica

Este tipo de servizo está nun medio respecto do conxunto provincial e por tanto da comunidade autónoma. Caracterízase por unha insuficiente integración nas estruturas de ordenación subrexionais e na insustentabilidade dos procesos emerxentes de ocupación dispersa.

No que respecta á rede de subministración da enerxía eléctrica: todos os núcleos do concello dispoñen de subministración de enerxía eléctrica. Atopamos varias liñas de alta tensión (70000v V.) que penetran no solo urbano ata un centro de transformación que na actualidade está absorbido pola malla urbana, situado na Avenida de Portugal

Identificación e caracterización dos efectos sobre este recurso

O incremento da eficiencia enerxética e a integración de fontes de enerxía renovables son medios propostos no Protocolo de Kioto para acadar os obxectivos de redución deses gases de efecto invernadoiro e contribuíndo así ao desenvolvemento sostible. Os efectos do Plan sobre o gasto enerxético son negativos, posto que a construción e uso de novas edificacións residencias, terciarias e industrias, equipamentos e servizos incrementan o consumo enerxético pero ao mesmo tempo o consumo enerxético no futuro, en comparación á situación actual, ten un menor incremento debido ás novas políticas, plans e programas de aforro de enerxía e de utilización de enerxías renovables e de accións pasivas de utilizar criterios bioclimáticos nas vivendas

para o aforro de enerxía, así como a óptima orientacións dos edificios para aproveitar a luz natural e aforrar calefacción e climatización; así pois, a orientación, a inclinación e as sombras son criterios de deseño que interveñen practicamente na redución do consumo enerxético.

Neste sentido o código técnico da edificación dá un pulo en materia de aforro enerxético da vivenda. O código técnico da edificación obriga ao emprego de paneis solares para cubrir o 30% de enerxía destinada a auga quente sanitaria. Fomentar o deseño de cubertas nos equipamentos e industriais que permitan a iluminación natural de compoñente norte, co obxecto de evitar ou reducir iluminación artificial.

As condicións climáticas da comarca de Monterrei claramente permiten o emprego de enerxía solar.

A redución do consumo de enerxía depende mormente dun consumo responsable e de dispor das melloras técnicas existentes.

O alumeado público deberase calcular con criterios de racionalidade e eficiencia. Deberase empregar lámpadas de vapor de sodio de alta presión na rede viaria e lámpadas de baixo consumo nas áreas iluminadas das zonas verdes. Utilizaranse reloxos astronómicos para o acendido e apagado da iluminación pública.

O plan de mobilidade do PXOM que pula pola mobilidade sostible, o uso da bicicleta e o transporte público para os desprazamentos cotiáns, a creación de aparcadoiros disuasorios, as conexións peonís, o urbanismo de proximidade, son accións de aforro de combustibles sólidos e de emisións de contaminantes á atmosfera.

RECURSO CICLO HÍDRICO

As redes de abastecemento e de saneamento

O Concello dispón dunha rede cunha estación de tratamento de auga potable (preto do río Támega) que bombea auga ata uns depósitos que se atopan preto do castelo de Monterrei. O principal ten unha capacidade de 3.000m³ situado na cota 487m, e xa na cota 425 atópanse dous máis, cada un con capacidade de 600 m³, un deles actualmente en desuso. Dende estes depósitos a auga potable distribúese a través dunha rede de entubado de distintos materiais. E de salientar que dende o servizo municipal faise un esforzo de renovación sistemática e progresiva para adaptarse ás novas demandas.

No que atinxe a rede de saneamento a E.D.A.R. de Verín constitúe actualmente o punto final da rede de saneamento comarcal. Na E.D.A.R., localizada na parroquia de Queizás, conflúen os saneamentos dos concellos veciños de Castrelo do Val e Oímbra, ademais do propio Verín, **sendo a capacidade a día de hoxe claramente insuficiente, polo que os vertidos ao Támega non son infrecuentes**. A rede de saneamento de augas residuais e evacuación de pluviais, esténdese pola zona urbana e o polígono industrial, é de salientar que se están a facer obras e proxectos de mellora e renovación das redes, tratando de mantelas en bo estado e adaptándoas ás novas demandas.

polígono industrial, no que respecta aos núcleos:

- Feces de Abaixo: dispón de catro fosas sépticas para evacuar as súas augas residuais. Unha ao norte do núcleo que verte ao Támega, outra xunto á escola infantil na Lama, a terceira atópase xunto ao paso fronteirizo, e a última ao sueste do núcleo, vertendo ao regato de Río Pequeno.

- Feces de Cima: verte mediante fosa séptica ao río de Feces ou río Pequeno, ao sur do núcleo.

- Mandín: verte cara o sur do núcleo no regueiro das Videiras, mediante fosa séptica.

- Mourazos: actualmente ten unha fosa no regato da Batoca, e estase executando a construción dunha pequena EDAR que pronto estará en funcionamento, vertendo as augas previamente depuradas ao Támega.

- Queirugas: verte a unha fosa situada ao sur do núcleo no regueiro de Queirugas.

- Tamagos: dispón da súa propia EDAR, vertendo as augas, unha vez depuradas, ao río Támega.

- Tamaguelos: verte a unha fosa xunto ao río Támega.

- Vilarmaior: envía as augas a unha fosa situada ao norte do núcleo, xunto ao Regueiro de Gondulfes.

Identificación e caracterización dos efectos sobre este recurso

Na memoria do PXOM, calcúlase a capacidade de abastecemento e de saneamento que hai hoxe como a necesaria e proxectada (ver con maior detalle a memoria de ordenación). Producirase un aumento importante do consumo, sobre todo

³ Agsoto-setembro de 2005.

polos novos crecementos industrias e en menor medida polos novos desenvolvementos terciarios e residenciais. Polo que respecta ao consumo de auga, estímase que soamente os solos urbanizables, agás os dos proxectos sectoriais (Pazos e Támagos) necesitarían aproximadamente os 780 m3/día. O incremento de vivendas, e en consecuencia de poboación, ten un efecto negativo, xa que incrementa o consumo de auga e tamén incrementa as necesidades de depuración. Este aumento de consumo está por suposto contemplado no Plan, o mesmo que os necesarios sistemas de depuración desta auga que vai consumir, subliñando que debe rexer o principio universal de consumir o que estritamente se necesita. Isto implica aplicar criterios de racionalidade e eficiencia no deseño das instalacións de abastecemento. A responsabilidade no consumo entendemos que é fundamental, se ben é un aspecto que se sae do ámbito de competencia do Plan. Unha vez consumida a auga débese devolver en condicións o máis semellantes posible ao seu estado orixinal. As esixencias nos niveis de depuración e a localización do lugar do vertido son un indicador que responde a este obxectivo.

O PXOM ten que tomar medidas para o aforro de auga e reducir o consumo. Tamén é importante facilitar a infiltración da auga de chuva, compensando as novas creacións de superficies impermeables e empregar técnicas que faciliten a infiltración da auga de chuva no desenvolvemento dos novos desenvolvementos urbanísticos.

Por outra banda, a mellora da calidade da auga e do río Támega e os seus tributarios é un obxectivo estratéxico, no municipio e debe de selo tamén nos concellos limítrofes, en especial no veciño concello de Chaves.

RECURSO: CICLOS DE MATERIAIS

Sistema de xestión de residuos sólidos

No que atinxe a este sistema, c concello de Verín ten contrato coa Sociedade Galega do Medio Ambiente S.A. (SOGAMA). Así mesmo conta no termo municipal cun punto limpo no Parque Empresarial de Pazos xestionado pola empresa CONGALLE, así como cunha microplanta de transferencia de residuos, e no que respecta aos vertedoiros clausurados, estes foron os seguintes:

O vertedoiro municipal de Santa Marta (633660, 4646320) que o foi no ano 2004 e o vertedoiro de San Ciprián .

Identificación e caracterización dos efectos sobre este recurso

O incremento da poboación prevista provoca tamén un incremento da xeración de residuos, o mesmo que a actividade urbanística provoca residuos fundamentalmente de construción e demolición. Dende o Plan púlase pola reciclaxe dos materiais, unha vez finalizada a súa vida útil e utilizar materiais reciclados respecto á utilización de materias primas naturais.

RECURSO :SOLO

O solo é un recursos escaso e practicamente non renovable, polo cal é necesario minimizar o seu consumo e optimizalo. O PXOM propón un modelo territorial compacto e considera preferentes a continuidade con entramados urbanos xa existentes, respectando sempre aqueles espazos que deban preservarse do desenvolvemento urbanístico polos seus valores naturais, culturais, paisaxísticos, de alta capacidade agraria,...

O novo PXOM, como xa se ten exposto, define catro novas centralidades: (zona oeste: integra o núcleo rural de Pazos na trama urbana; zona sur: centralidade apoiada na zona equipamental; zona leste: nova centralidade de San Roque; zona norte centralidade para articular a área de equipamento hospitalario.

O efecto de consumo de solo é moi negativo, primeiramente porque o solo se gasta e artificializa e neste sentido o solo como recurso edáfico pérdese. E cando este solo ten capacidade agraria, o cambio de uso provoca a perda de solo natural que é basicamente irreversible, un solo urbanizado artificialízase e perde as súas propiedades naturais e agrícolas de partida. Ademais a perda de solo natural aumenta a superficie de solo artificial e, polo tanto, as superficies impermeables aumentan a enxurrada da auga.

Pola contra, a ordenación proposta contribúe a acadar unha maior compacidade e centralidade o que é un efecto moi positivo, e os desenvolvementos urbanísticos van dirixidos a consolidar os núcleos urbanos e a completar as dotacións de equipamentos e zonas verdes precisas para a mellora do benestar dos cidadáns. Ao mesmo tempo, tamén se destinan novas actuacións a consolidar e potenciar, tanto a eurocidade como o o recurso das augas mineiras e o termalismo.

A adopción de medidas correctoras e protectoras adecuadas suporá á atenuación dos efectos negativos sobre o consumo de solo nos solos urbanos non consolidados e nos urbanizables.

OS OBXECTIVOS

NESTE SENSO O PLAN XERAL considera catro liñas estratéxicas de actuación que desenvolven os seguintes **obxectivos**:

- 1) Resolver a integración de Verín no espazo de relación coa comarca e coa eurocidade.
- 2) Solventar a tensión progresiva entre orde territorial e os novos intereses económicos e sociais xurdidos do avance das técnicas produtivas e na que subxace a transformación da base económica rural, logo da paulatina consolidación de sistemas urbanos encubertos na permanencia das estruturas formais do asentamento rural.
- 3) Reforzar a estrutura urbanística en base ao desenvolvemento equilibrado das actividades a desenvolver no T.M. do Verín, co fin de garantir a diversidade e complementariedade.
- 4) Mellora dos sistemas que definen o soporte funcional básico do territorio municipal.
- 5) Definir unha estrutura de desenvolvemento que promova a cohesión social e territorial.
- 6) Establecemento dun proxecto ambiental que sirva de alicerce para a implementación da Avaliación Ambiental Estratéxica.
- 7) Consecución dun instrumento dunha ampla capacidade operativa.

No ISA **analízase o contorno e detállanse os principais obxectivos propostos** para o futuro desenvolvemento do PLAN XERAL. Na definición dos obxectivos de sustentabilidade tivéronse en conta, os obxectivos de protección ambiental fixados nos ámbitos internacional, europeo, español e galego, establecidos mediante o marco legal vixente, así como as variables fixadas no documento de referencia. A xustificación da sustentabilidade da proposta escollida, parte **do principio de precaución** e por tanto de que calquera intervención sobre o territorio pode ter efectos negativos sobre o medio ambiente, Con todo, determinouse que era a máis acaída, xa que produce uns menores impactos e consumo de recursos, ao tempo que maior protección do medio natural fronte á non intervención que supón a alternativa 0, ou unha ocupación máis extensiva como recollía a alternativa 1.

Neste caso o Plan considerou **obxectivos particulares de sustentabilidade**.

12.3. AS ALTERNATIVAS DE ORDENACIÓN.

Partindo destas premisas a **avaliación de alternativas** céntrase finalmente na que resulta escollida polos vectores ambientais para a consecución dos obxectivos e así o determina o resultado global positivo do cálculo do índice de impacto desenvolvido para analizar ambientalmente a globalidade do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

A alternativa cero ou non realización do Plan Xeral de Ordenación Municipal supón, segundo a análise efectuada, a acentuación de procesos con efectos ambientais claramente desfavorables para o territorio e os seus habitantes, que derivarán nunha intensificación do procesos negativos que sofren, que se traduce en ocupación indiscriminada do solo con todo tipo de usos e practicamente nula protección do medio natural e patrimonial.

Unha vez descartada a alternativa O, preséntanse dúas alternativas A e B, ámbalas alternativas son propostas de sustentabilidade similares, se ben a alternativa A presenta unha maior transformación de solo para usos residenciais, sendo esta a principal diferenza. Así pois, a alterativa B é máis acorde coa realidade territorial e actual pois presenta unha superficie destinada a solos urbanos e de núcleo rural menor á alternativa A. Por todo isto a alternativa escollida é a B

12.4. AVALIACIÓN DA ALTERNATIVA SELECCIONADA.

A **alternativa do plan seleccionada (alternativa B)** preséntase sobre un recoñecemento máis axustado da situación actual, un territorio onde a preservación dos valores naturais, culturais e paisaxísticos son a base de todo o planeamento:

- Promove unha planificación urbanística máis moderada, cun menor gasto de solo, evitando a dispersión da urbanización e das edificacións e racionalizando o seu uso, de acordo a un modelo territorial coherente e eficiente, obxectivo prioritario cara á sustentabilidade.
- Favorecemento da vida no medio rural, cunha estratexia de desenvolvemento que debe aunar a recuperación do patrimonio construído existente coa posibilidade de nova edificación.
- Unhas infraestruturas de comunicación melloradas de forma que permitan unha accesibilidade global ós servizos, dotacións, etc., actuando tanto sobre os principais eixes de conexión co exterior, coma sobre a rede de comunicación interna, mellorando en todo caso as carencias detectadas e apostando por unha mobilidade alternativa ós sistemas privados de transporte.
- A preservación, por medio das investigacións e da elaboración do catálogo de bens, entre outras medidas, dos valores culturais e patrimoniais inherentes a Verín e que son un legado a recuperar e manter como feito singularizador dunha determinada colectividade.
- O recoñecemento da rede de ríos e pequenos regatos existentes como elementos de conexión e intercomunicación, dentro dunha paisaxe moi rica e diversa
- Os solos industriais como complemento das actividades xa existentes no territorio, na procura de incrementar o emprego e acadar, por esa mesma complementariedade, que aumente o valor engadido do producido no termo municipal.
- Os servizos, de calidade e prestados en igualdade de condicións para todos os habitantes, residan estes onde residan, como medida para fixar a poboación de forma homoxénea no territorio. A titularidade deberá pasar de forma gradual a ser municipal como garantía de eficiencia e aforro.
- Un sistema de dotacións accesible ben acondicionado e de calidade que paulatinamente vaia aumentando o número e a complexidade dos elementos que o integran, tanto dende a escala dos elementos que serven, ou dos que gozan todos os veciños do concello, como aquela outra máis local en cada lugar.

Estímase que **os posibles efectos do PLAN XERAL** sobre o municipio, e tamén sobre os municipios veciños e a comarca, en termos globais, terán un carácter positivo en coherencia coa marcada tendencia ambiental da Plan. En concreto, as accións con maior potencial favorable serán as seguintes:

- A clasificación como rústico de especial protección do 84% do territorio supón poñer freo á localización diseminada de vivendas e usos industriais que tantos problemas de sustentabilidade provocou en toda Galicia. Así como o novo Plan Xeral fai un esforzo a favor da biodiversidade e da paisaxe.
- En materia de paisaxe os efectos positivos do novo plan son moitos e moi importantes: accións de protección de rústicos, de recuperación e mellora de núcleos, de protección das serras e a rede hídrica, de ter en conta os pequenos bosquetes, outeiros, edificacións de interese, tanto coa protección desas pezas coma integración paisaxística dos novos urbanizables.
- A mellora nas infraestruturas de comunicación, prevíndose conexións e accións de mellora da mobilidade e de infraestruturas, e recolléndose as actuacións necesarias no viario supramunicipal, así como itinerarios peonís.
- O aumento da actividade produtiva e do emprego.

- Mellora das dotacións, coa vertebración social, cobertura das necesidades sociais básicas e a mellora da calidade de vida.
- En materia de ciclo hídrico, os efectos serán globalmente positivos, xa que se poderá ser máis eficiente no consumo e máis respectuoso cos verquidos.
- En materia de enerxía o Plan promove a eficiencia enerxética e o fomento de enerxías renovables.
- En materia socioeconómica, o Plan debe ser entendido como unha chave para a articulación do territorio e as oportunidades para calidade de vida, a cohesión social co desenvolvemento do novos focos de actividade económica, aproveitando deste xeito o desenvolvemento socioeconómico da zona.
- Mellora no tratamento e xestión dos residuos.

Os efectos negativos son:

- A incidencia ambiental dos solos urbanizables, pola posibilidade de xerar impactos de contaminación, alteración da paisaxe, sobre explotación do recurso hídrico, risco de incendios forestais efectos que serán avaliados e corrixidos nas fases de desenvolvemento urbanístico destes solos urbanizables.
- Efectos negativos no ciclo da auga, xa que será obxecto de alteración por tres motivos fundamentais: o consumo da auga polo aumento da demanda do consumo, a alteración das enxurradas naturais das augas da choiva, e a problemática do vertidos ás canles.
- Os novos desenvolvementos dos urbanizables industriais poderían incrementar as emisións de contaminantes á atmosfera, derivas das actividades industrias e do aumento do transporte motorizado.
- Por outra banda os efectos negativos que en boa parte son consecuencia do desenvolvemento dos sectores industriais e residencial serán limitados ou contrarrestados coa efectiva aplicación dunha serie de medidas minimizadoras. Estas medidas derivan do cumprimento da normativa vixente e dos instrumentos dispoñibles no contexto europeo e nacional, orientados a garantir o cumprimento dos obxectivos ambientais, así como das medidas establecidas.
- Ademais este informe presenta un plan de seguimento que permita garantir que non hai desviacións significativas entre o inicialmente previsto pola AAE e o resultado final da execución do Plan, mediante a corrección dos posibles efectos ambientais negativos que puidesen producirse no desenvolvemento do mesmo.

Como temos sinalado, logo da avaliación resultan da análise diversos impactos para os que se establecen **medidas inicialmente preventivas e logo correctoras**, tanto no aspecto territorial da primeira análise como no das medidas máis xenéricas, que en calquera caso son medidas obrigadas que permitirán reducir os impactos.

Con todo, e a pesar dos posibles impactos negativos (que pensamos que se compensan sobrada e xustificadamente cos efectos positivos) constátase a necesidade inescusable do concello de Verín de abordar a redacción do PLAN XERAL, sendo este documento (ISA) o garante de cumprimento da normativa ambiental de referencia, das estratexias de sustentabilidade marcadas polas diferentes administracións e do propio control das determinacións que se dispoñen no mesmo e derivadas do proceso de avaliación.

12.5. PLAN DE SEGUIMENTO.

Ademais este informe presenta un **plan de seguimento** que permita garantir que non hai desviacións significativas entre o inicialmente previsto pola AAE e o resultado final da execución do Plan, mediante a medición sistemática de parámetros fundamentais de control que permitirán establecer en moitos casos con carácter preventivo as medidas de corrección dos posibles efectos ambientais negativos que puidesen producirse no desenvolvemento do mesmo. Tamén establecen uns indicadores de planeamento que poden servir de referencia para o seguimento do Plan.

Tamén se ten valorado a viabilidade económica do Plan e das medidas necesarias (xa incluídas na valoración das accións do estudo económico) e tense comprobado a incoordinación das accións, as decisións e a documentación do Plan nos obxectivos que se estableceron previamente como fins últimos do proceso de planeamento, o que ofrece en conxunto un planeamento moito máis coherente e sustentable.

ANEXO DE PLANOS